

# SEGURANZA CIDADÁ

## Aplicación ao municipio de Vigo e perspectiva comparada

**Dirección: Luis Espada Recarey**

Actuacións de Oficio
VALEDOR DO CIDADÁN

# SEGURANZA CIDADÁ

## Aplicación ao municipio de Vigo e perspectiva comparada

**VALEDOR DO CIDADÁN**
Actuacións de Oficio

***Dirección: Luis Espada Recarey***

**Dirección**
Luis Espada Recarey

**Coordenación xeral**
Victor Manuel Martínez Cacharrón

**Coordenación informática**
Guillermo Rey González

**Coordenación temática e bibliográfica**
Javier Iradiel Sánchez

**Colaboradores**
Gil Cabral
Daniel Ledo Martinez
Iván González Rodríguez
Unai González Suárez
Estefania Ordóñez Lopez
Judit Ordóñez Lopez
Irasema Ordóñez Lopez
Elías José Outes Rey
Raquel Santamaria Rodriguez
María Teira Rivas

**Deseño e Paxinación**
Diego Durán

**ISBN**
978-84-695-9193-2

**Dep. Legal**
VG 824-2013

**Oficina do Valedor do Cidadán**
R. Policarpo Sánz, 15 4º
Casa das Artes - 36202 VIGO
Tel: 986 430 047
Fax: 986 227 774
e-mail: valedordocidadan@vigo.org
web: http://hoxe.vigo.org/oconcello/valedor

# ÍNDICE

**INTRODUCIÓN** ............ 7

**PARTE I: A SEGURANZA CIDADÁ** ............ 9

1. Definicións 9
2. As enquisas de vitimización 12
3. Situación naEuropa 13
4. Situación en España 19

**PARTE II: ENQUISA SOBRE SEGURANZA CIDADÁ APLICADA A VIGO** ............ 27

1. Metodoloxía 27
    1.1 Método de recompilación de datos 27
    1.2 Ficha técnica 27
2. Informe de resultados 28
    2.1 Perfil das persoas entrevistadas 28
    2.2 Resultados globais 30
    2.3 Resultados por zonas 43

**PARTE III: TENDENCIAS OBSERVADAS** ............ 57

1. Perfil das persoas entrevistadas 57
2. Análise dos resultados da enquisa 58

**PARTE IV: COMPARATIVA DE VIGO CON OURAS CIDADES EUROPEAS** ............ 105

1. Introdución 105
2. Sentimento xeral de seguranza da poboación 106
3. Taxa de vitimización 121
4. Roubos relacionados con vehículos 125
5. Vitimización por roubo 127
6. Vitimización por delitos de contacto 129
7. Denuncias perante os corpos de seguranza 131
8. Medidas preventivas perante a delincuencia 136
9. Atitudes xerais cara a policía 138

**CONCLUSIÓNS** ............ 140

**ANEXOS** ............ 159

A1. Cuestionario aplicado 159
A2. División do municipio de Vigo en zonas e distritos 166
A3. Poboación das cidades analisadas. 168

**BIBLIOGRAFÍA** ............ 171

# INTRODUCIÓN

A seguranza cidadá foise tornando ao longo destes últimos anos nun dos problemas esenciais do desenvolvemento social das cidades e do benestar da poboación así como nun dereito lexítimo das persoas. Un ambiente seguro e protexido é un dos principais alicerces sobre os que se constrúe unha sociedade estábel. Por estas razóns, a preocupación pola seguranza cidadá experimentou un considerábel auxe desde o pasado século onde comezaron a aparecer as primeiras medidas que pretendían servir para mellorar o coñecemento sobre as diversas tipoloxías criminais que se estaban convertendo xa nun auténtico problema social.

O incremento da delincuencia urbana en moitas das grandes cidades do mundo chegou a tornarse un problema grave durante os últimos vinte anos. Entre os anos 70 e 90 produciuse un crecemento de entre o 3% e o 5% anual da delincuencia urbana en moitos dos núcleos urbanos de máis de 100.000 habitantes nos países do norte. Nos países do sur, a delincuencia e sobre todo a violencia entre os mozos tamén experimentou importantes incrementos, principalmente debido a fenómenos como o abandono escolar, a exclusión social ou o analfabetismo, influenciado todo iso polo aumento do tráfico e o consumo de drogas. Nos anos 90 estes índices estabilizáronse grazas ás políticas de prevención e de reforzo na aplicación das leis, apesar de que o fenómeno da globalización tamén influíu, negativamente e de forma paulatina, no desenvolvemento da delincuencia.

A globalización supuxo, en primeiro lugar, a internacionalización do capital e a interconexión dos países en varios sentidos. Na Europa, a práctica eliminación de fronteiras supuxo para os seus habitantes novos dereitos e oportunidades e permitiu ás persoas moverse máis libremente grazas ás novas tecnoloxías, as melloras dos medios de transporte, etc. Debido a este fenómeno, que é tamén mundial, foron desaparecendo as diferenzas entre países e, con iso, fóronse conectando e ampliando ao mesmo tempo os riscos en temas como a alimentación, o terrorismo, os problemas ambientais, etc., o que supuxo tamén un impacto na seguranza cidadá.

Esta libre circulación favoreceu as interaccións sociais e culturais e serviu para crear un sentimento de cidadanía europea que estreitou lazos entre países e xerou lucros económicos mutuos para as empresas e as persoas. Os medios de comunicación globalizados contribúen igualmente para que as persoas poidan coñecer, case en tempo real, noticias sobre crimes, delincuencia organizada, riscos alimentarios, ataques terroristas e acontecementos que teñen lugar en todo o mundo e que favorecen o aumento dunha sensación de inseguranza. A modernización e desenvolvemento asócianse, xa que logo, coa inseguranza cidadá, xa que a supresión de fronteiras provocou que vivamos nun territorio común que, en certo xeito, tamén favorece a criminalidade. Os grupos de delincuencia organizada e as mafias

criminais víronse beneficiadas ao ampliarse o cenario de actuación e, por iso, a seguranza da Unión Europea exixe unha actuación decidida contra estes problemas. A cidadanía, mormente a raíz dos ataques terroristas do 11 de setembro nos Estados Unidos e do 11 de marzo en Madrid, mudou a forma de percibir a inseguranza. En consecuencia, resulta necesaria unha actuación urxente por parte dos axentes políticos europeos. O problema aumenta ao levarmos en conta ademais os efectos da crise económica que provocaron maior inseguranza laboral e salarial debido en gran medida aos comportamentos da globalización con base na externalización e subcontratación de servizos, o que supón unha menor protección dos traballadores. Esta situación tamén se ve incrementada coas restriccións de acceso á seguranza social para moitos traballadores, o cal pon a moitas familias en risco de que calquera vaivén económico provoque un desequilibrio social que, en certo xeito, está relacionado coas causas reais da delincuencia.

Actualmente, de acordo cos resultados de distintas enquisas de opinión europeas, o crime urbano e outras formas de desordes sociais seguen a formar parte das principais preocupacións dos habitantes das cidades. Portanto, reconducir estas tendencias converterase nun dos maiores reptos nos próximos anos. As grandes desigualdades existentes están a impedir o desenvolvemento sustentábel e non teñen cabida nun mundo onde o benestar e a seguranza deben ser unha prerrogativa para todos os habitantes. A paz e a seguranza resultan esenciais para o desenvolvemento das cidades e isto é aplicable non só ás zonas afectadas por conflitos armados, onde esa necesidade se torna un imperativo, senón a todas as sociedades onde existiren niveis significativos de distintas formas de violencia e inxustiza que, con frecuencia, resultan pouco visibles para a poboación.

Algúns analistas consideran a seguranza e os riscos persoais como un dos aspectos máis importantes aos que se enfrontan as sociedades ocidentais contemporáneas. O problema reside no xeito de estudar estes riscos e en como as persoas perciben o sentimento de seguranza ou inseguranza. Por iso resulta necesario definir o concepto de seguranza levando en conta que se trata dun fenómeno complexo no que interveñen multitude de factores.

**Luis Espada Recarey**

# PARTE I

## A SEGURANZA CIDADÁ

### 1. Definicións

A seguranza cidadá é unha das dimensións da seguranza humana[1] e, portanto, do desenvolvemento humano e está ligada á presenza de múltiplos actores, condicións e factores. Entre estes factores áchanse a historia e a mesma estrutura estatal e da sociedade, as políticas e programas gobernamentais, a relevancia dos dereitos sociais, económicos e culturais mais, mormente, o concepto fai referencia á calidade de vida das persoas que viven nunha sociedade. A seguranza da cidadanía vese ameazada cando os Estados fracasan na hora de protexer os individuos do crime e da violencia cotiá, establecéndose unha brecha na relación entre os que gobernan e os gobernados. O dereito á seguranza con respecto ao crime ou á violencia interpersoal ou social non está especialmente protexido sob o sistema internacional da lei dos dereitos humanos. No entanto, esa protección pode ser deducida a partir da obrigación do Estado a garantir a seguranza dos individuos tal e como refere o artigo 3 da Declaración dos Dereitos Humanos: "Todo ser humano ten dereito á vida, á liberdade e á seguranza persoal".

O crime, no senso amplo, é definido como máis unha das formas de violencia que sofren as persoas que viven nunha área xeográfica aínda que, de forma mais específica, o crime refírese unicamente aos tipos de violencia descritos nos sistemas de lei criminal. Por iso, os especialistas defenden unha abordaxe ampla para estudar este problema. Esta focaxe aborda a prevención e o controlo de atividades de diferente índole e inclúe distintos actores, tanto do sector público como da sociedade civil.

Isto fai con que o concepto de seguranza cidadá sexa o que máis se identifica co problema do crime e da violencia do punto de vista dos dereitos humanos, aínda que sempre tomando como base unha serie de feitos delitivos reais contra as persoas. Considerando o alto componente subxectivo que comporta, o sentimento de seguranza ou inseguranza que

1) "O concepto de seguranza humana, no seu significado máis amplo, inclúe moito máis que a ausencia de conflitos violentos. Abranxe os dereitos humanos, unha boa gobernanza, o acceso á educación e á saúde e a seguranza de que cada individuo ten a posibilidade de desenvolver o seu potencial. Cada paso nesta dirección significa un avanzo cara á redución da pobreza, o desenvolvemento económico e a prevención de conflitos. Un mundo libre de miseria, sen medo e con liberdade para que as novas xeracións se desenvolvan nun ambiente san e natural son factores esenciais na construción da seguridade humana e, portanto, na seguridade dun país." Kofi Annan, en "Secretary-General Salutes International Workshop on Human Security in Mongolia. Two-Day Session in Ulaanbaatar, Mai 8-10, 2000. Press Release SG/SM/7382.

experimenta unha persoa estará máis relacionado coa percepción de se sentir en perigo ou se sentir ameazado tanto no plano persoal como no material. Deste modo, poderíase dicir que a percepción da seguranza é máis ben un sentimento, é o estado de ánimo que impera nunha sociedade nunha dada época e que condiciona a forma en que se define o estado da seguranza dun país.

En consecuencia, na hora de delimitar o concepto de seguranza cidadá pódese falar en dous tipos de seguranza, a seguranza obxectiva e a seguranza subxectiva. A primeira refírese aos datos sobre a actividade delitiva que son incluídos nos rexistros policiais ou das forzas de seguranza. É un dato medíbel, aínda que amiúde se chegan a rexistrar todos os delitos cometidos, polo que a súa validez e fiabilidade poden resultar cuestionábeis.

En España, o Balanzo de Criminalidade do Ministerio do Interior constitúe unha recompilación dos feitos delitivos rexistrados e da evolución da criminalidade detectada polas Forzas e Corpos de Seguranza do Estado e polos Corpos policiais dependentes das diferentes Comunidades Autónomas. Os datos sobre criminalidade responden a uns indicadores de seguranza concretos, como son o total de delitos e faltas, homicidios dolosos e asasinatos consumados, delincuencia violenta, roubo con violencia ou intimidación, roubos con forza, subtracción de vehículos a motor, tráfico de drogas, danos e furtos. A grande maioría destes indicadores correspóndense cos establecidos polo Escritorio Europeo de Estatística (EUROSTAT). No cadro europeo, EUROSTAT é onde se rexistran actualmente as estatísticas disponíbeis sobre a delincuenci9a e xustiza penal dos distintos sistemas policiais e xurídicos que existen na Unión Europea.

Por outro lado, a seguranza subxectiva é definida como a situación en que un individuo se encontra perante certas situacións que acha inseguras e está determinada pola construción social da realidade, onde se viu que o discurso mediático desempeña un papel decisivo. Este componente subxectivo implica que non todas as persoas perciban a inseguranza do mesmo xeito e en consecuencia os sentimentos de inseguranza distribúense de distinta maneira. Estas sensacións costuman producirse con maior frecuencia nas áreas urbanas onde a exposición á delincuencia é maior a priori. Igualmente, a inseguranza costuma ser percibida en maior medida polas persoas que son física ou socialmente máis vulnerábeis á violencia. A vulnerabilidade física refírese á exposición ao ataque, a impotencia de encarar o ataque e ao risco de sofrer maiores consecuencias ao enfrontalas. A vulnerabilidade social encádrase tanto na exposición á violencia actual como á limitación nos recursos para abordar as consecuencias financeiras dos ataques e cada persoa ten un grao de vulnerabilidade distinto segundo as súas circunstancias persoais. O coidado específico e a protección dos membros máis vulnerábeis da sociedade debe ser un elemento prioritario no modelo social europeo. De acordo cos distintos estudos, as persoas con máis de 65 anos e as mulleres en xeral son máis propensas a experimentar o sentimento de inseguranza e,

ao contrario, as persoas con idades comprendidas entre 35 e 49 anos e os homes adoitan experimentar en menor medida esta sensación.

A percepción da inseguranza, isto é, a seguranza subxectiva, depende, en suma, das probabilidades de se tornar vítima involuntaria dun delito, ou sexa, do medo a ser vítima da delincuencia, ben como de factores como as condicións persoais, as circunstancias sociais, as redes de socialización e hábitos de vida e a maior ou menor vulnerabilidade ou sensibilidade á mensaxe dos medios de comunicación.

Restablecer o equilibrio entre as dúas visións ou variábeis (obxectiva e subxectiva) tórnase nunha necesidade social para que o nivel de incertidume ao que o ser humano se ve submetido se manteña suportábel. Así sendo, hai feitos que constitúen un alarma social imporante porque os individuos pódense ver identificados no lugar das vítimas, como pode acontecer nos roubos con violencia ou intimidación.

As persoas cando ouven falar de inseguranza cidadá pensan en múltiplos e diversos problemas ou situacións, desde o terrorismo á venda de drogas na rúa, atracos con armas, violacións ou abusos sexuais, agresións físicas, roubos en domicilios, locais, vehículos, carteiras e tiróns de bolsos, ameazas, actos de vandalismo, fraudes,... e mesmo recentemente pensan na corrupción.

A sensación de estar en perigo, ben como a incerteza e a insatisfacción son circunstancias que incrementan os niveis de estres, angustia e ansiedade. Asusta todo aquilo que atente contra o noso senso de pertenza, integridade e aceptación. Todo aquilo que poña en perigo a nosa seguranza física, emocional e material pode entrar no menú das ameazas contra o noso benestar. O problema da inseguranza cidadá vese agraviado pola extraordinaria capacidade que tomaron os medios de comunicación social na hora de amplificar e de difundir en tempo real a nivel mundial, e, portanto, deslocalizándoos, os desastres e as violencias máis extremas e preocupantes acontecidas mesmo nos lugares máis afastados.

Por estes motivos, existe a necesidade de crear ferramentas que permitan unha comparanza de datos sobre as tendencias do crime e os niveis de criminalidade, dado que actualmente non existe un baremo homoxéneo neste sentido. As definicións legais, as modalidades de información periódica e as prácticas de control varían en grande medida dunha época para outra e dun lugar para outro. Por iso é preciso recompilar informacións fiábeis por parte da policía e tamén levar a cabo sondaxes de opinión estandardizadas entre a cidadanía. Estes estudos sobre as experiencias dos habitantes relativamente ás súas atitudes perante o crime e o control da delincuencia foron levadas a cabo en varios países europeos. A utilización conxunta destes dous tipos de ferramentas servirá para comprendermos de maneira máis completa o estado da seguranza que experimenta unha determinada sociedade.

## 2. As enquisas de vitimización

Na segunda metade do século XVIII surxe na Europa a cuestión de como levar a cabo medicións sobre a criminalidade aínda que non foi até os inicios do século XIX que este afán de conseguir datos estatísticos sobre a criminalidade e a delincuencia se tornou nunha actividade sistemática a realizar por algúns países.

Na actualidade, a inseguranza cidadá tornouse un tema de debate político e de preocupación xeral que afecta directamente á vida de entre os 15% e 26% dos europeos. Neste sentido, cada vez son máis as administracións con competencia en materia de seguranza que dedican os seus esforzos a coñecer mellor os índices de criminalidade que se rexistran nas estatísticas ofrecidas pola policía e, ao mesmo tempo, a realizar medicións a fin de decifrar e valorar a porcentaxe de delitos que non se denuncian e que sofre a poboación. Mentres que no pasado unicamente se utilizaban os datos rexistrados pola policía e a xustiza criminal para medir o crime, agora é un feito recoñecido que esta información por si só non resulta abondo para obter unha visión integral da criminalidade e que debe ser usada xunto coas sondaxes de vitimización. Alén diso, as sondaxes de vitimización, como sondaxes persoais a víctimas de actos delitivos ou crimes, resultan unha ferramenta comparativa moito importante na hora de equiparar a actividade delitiva entre países e rexións do mundo. Portanto, o coñecemento destes datos delitivos, que non son reportados nos inquéritos das forzas de seguranza, coñecida como cifra negra, é dun grande interese para aproximarse da verdadeira realidade da delincuencia nas cidades.

Estas circunstancias levaron a distintas interpretacións sobre o tema mais, na actualidade, parece existir un consenso xeral na necesidade de utilizar os datos oficiais e as sondaxes de vitimización para medir a seguranza nos distintos países e, ao mesmo tempo, poder establecer comparacións.

As sondaxes de vitimización son, portanto, unha alternativa que visa coñecer mellor os sentimentos e percepcións que ten a cidadanía sobre a seguranza. Nos principais estudos sobre criminalidade que se realizaron nas últimas décadas fíxose fincapé no plano subxectivo da criminalidade tentando averiguar cuestións como son o medo ao delito, os medios de defensa dos habitantes e as principais ameazas percibidas. Neste sentido, a Unión Europea xa incluíu nos Eurobarómetros dos anos 1996, 2000 e 2002 preguntas sobre as experiencias vitimizantes e o medo ao crime. Noutros dous Eurobarómetros realizados nos anos 1999 e 2010 tamén se incluíron preguntas relacionadas coa violencia de xénero contra as mulleres. Despois destas experiencias e a fin de dotar de maior rigor metodolóxico e contribuír para o progreso dunhas estatísticas harmonizadas e comparábeis na Europa sobre o uso das sondaxes, a UE criou en 2006 un grupo de expertos destinado a "avaliar as necesidades políticas e asesorar sobre o uso eficaz de indicadores e datos no

ámbito da delincuencia e a xustiza penal". Actualmente estanse a desenvolver medidas para obter medicións harmonizadas en todo o conxunto da UE mediante unha serie de indicadores comúns.

Tamén o Escritorio das Nacións Unidas contra a Droga e o Delito (ONUDD), en colaboración coa Comisión Económica da ONU para Europa, elaboraron no ano 2009 un manual a fin de servir de axuda aos distintos países na elaboración de enquisas de vitimización. Neste manual faise referencia a distintos aspectos prácticos das sondaxes como a organización do contido, a súa periodicidade, o método de entrevista,...

Cabe referir, porén, que a maior tentativa de implementación dunha sondaxe de vitimización a nivel mundial foi a denominada International Crime Victims Survey (ICVS) (Sondaxe Internacional de Vitimización). Esta sondaxe foi coordenada polo Instituto Interrexional para Investigacións sobre a Delincuencia e a Xustiza (UNICRI) en Turín (Italia), e levouse a cabo pola primeira vez en 1989 con sucesivas repeticións nos anos 1992, 1996, 2000 e 2004/05. Concebida inicialmente para a súa utilización en países desenvolvidos, progresivamente foi alastrando aos países en desenvolvemento e na Europa do Leste. Hoxe máis de setenta países desenvolveron ao mínimo unha sondaxe deste tipo, xa que ficou recoñecido o seu valor na hora de comprender os problemas delitivos e a mellor maneira de os abordar, ben como as tendencias do crime. Apesar de estas sondaxes seren importantes para revelar unha serie de delitos que non son rexistrados pola policía, tamén presentan algunhas limitacións como é a dificuldade para se axustar á definición legal do crime. É un programa mundial de enquisas estandardizadas que recolle informacións sobre as experiencias dos individuos coa delincuencia, a apreciación da acción policial e a percepción subxectiva da seguranza. Ter participado nesta sondaxe supón a identificación da situación dun país dentro do contexto global, isto é, coñecer a situación dun país dentro das tendencias mundiais. Abranxe dez tipos de crimes que se poden clasificar en, por unha parte, delitos relacionados con vehículos como o roubo de automóbil, roubo de obxectos do vehículo, roubo de motocicleta e roubo de bicicleta e, por outra parte, en delitos como o roubo a vivendas, o roubo con violencia, o suborno, o ataque sexual e delitos contra a propiedade. Tamén se acrecentaron preguntas sobre temas de corrupción, fraude, problemas relacionados coas drogas e cuestións sobre o relacionamento coa policía, medidas de prevención contra o roubo e temor á delincuencia.

## 3. Situación na Europa

No contexto xeral da Unión Europea tiveron lugar varias iniciativas co obxecto de encarar o crecente problema de delincuencia. Este é un tema que ten recebido moita atención por parte das lideranzas políticas da UE, particularmente desde o Consello Europeo de

Tampere de 1999 no que se aprobou a necesidade de desenvolver medidas de prevención contra a delincuencia e se acordou a troca de prácticas contra o crime e o reforzamento da Rede de autoridades nacionais competentes en materia de prevención da delincuencia, así como a cooperación entre os organismos nacionais competentes na materia, precisando que as prioridades principais de dita cooperación poderían ser a delincuencia xuvenil, a delincuencia urbana e a relacionada coas drogas.

Xa no artigo 29 do Tratado fundacional da UE establecíanse os alicerces para a creación dun cadro xurídico común no ámbito da xustiza e se propuña como un dos obxectivos fundamentais "ofrecer á cidadanía un alto grao de seguranza dentro dun espazo de liberdade, seguranza e xustiza elaborando unha acción en común entre os Estados membros nos ámbitos da cooperación policial e xudiciaria en materia penal e através da prevención e o combate ao racismo e á xenofobia.

Posteriormente fóronse desenvolvendo outras iniciativas como a Rede Europea de Prevención da Delincuencia (REPD), cuxa misión consiste en axudar a desenvolver medidas de prevención da delincuencia na UE, e puxéronse en funcionamento diversos proxectos e foros de comunicación enfocados a aumentar o coñecemento sobre a realidade social que supón a delincuencia na Europa. En 1987 creouse o Foro Europeo para a Seguranza Urbana (European Forum for Urban Security, EFUS) como unha organización non gobernamental na que participan máis de 250 autoridades locais e que dirixe os seus esforzos a reforzar as políticas de seguranza através de estratexias de prevención do crime e a cooperación entre as distintas autoridades. Traballa en colaboración coa maioría dos Estados membros da UE, trocando informacións sobre boas prácticas en temas de seguranza entre as distintas autoridades locais e fomentando a súa colaboración. En decembro de 2012 esta organización presentou o Manifesto de Aubervilliers e Saint-Denis como unha plataforma política sobre seguranza urbana, através da cal as autoridades se comprometen na promoción de políticas gobernamentais a longo prazo que propicien o investimento en prevención para garantir a seguranza das futuras xeracións como un elemento indispensábel da calidade de vida das cidades e un dereito básico para todos. Este Manifesto reafirma o compromiso con respecto ás políticas sociais de prevención, particularmente importantes nun momento en que a Europa e o mundo están a atravesar unha crise económica que pode pór en perigo o patrimonio social e cultural do século XX e agravar as desigualdades que está a experimentar o continente europeo, sobre todo o aumento do desemprego, que conduce aos europeos a un estado de ansiedade enfraquecendo o tecido social e a confianza no futuro.

Cabe dicir que sobre todo a partir dos atentados de Madrid que vitimou 191 persoas e feriu outras 1858 comezouse a elaborar con carácter de urxencia un plano de acción destinado a adoptar unha actitude común máis eficaz para previr e combater os problemas relacionados co crime, a delincuencia organizada e o terrorismo.

A fin de contribuír para a consecución firme deste obxectivo común, o Consello Europeo desenvolveu en 2005 un programa plurianual denominado "Programa de Haia" que se centra con especial interese, entre outros aspectos, en mellorar a cooperación policial e xudicial entre os distintos Estados membros, tirando o máximo proveito do potencial ofrecido polo Escritorio Europeo de Policía (Europol) e o Grupo de traballo operativo de xefes de policía europeos (Eurojust), eliminando atrancos legais e xudiciarios no combate á delincuencia.

Un dos principais atrancos cos que se deparou a UE na hora de elaborar políticas baseadas en datos fiábeis e comparábeis sobre a delincuencia no contexto europeo foi a falta de estatísticas harmonizadas sobre delincuencia e xustiza penal. Un sistema estatístico consolidado resulta unha ferramenta imprescindíbel para a elaboración de políticas baseadas en datos polo que xa a Estratexia da Unión europea para o inicio do novo milenio recomendaba a elaboración de estatísticas sobre delincuencia.

Por este motivo, en agosto de 2006, a Comisión Europea adoptou un Plano quinquenal de acción para o desenvolvemento dunha estratexia global coherente a fin de cuantificar a delincuencia e a xustiza penal. Esta tarefa debía ser levada a cabo pola Dirección Xeral de Xustiza, Liberdade e Seguridade e, desde 2010, pola Dirección Xeral de Interior en colaboración con Eurostat. Ao mesmo tempo, criouse un grupo de expertos sobre as necesidades políticas en materia de datos sobre a delincuencia e a xustiza penal para axudar á Comisión, co fin de determinar as necesidades políticas en materia de datos a escala da UE e de asesorar sobre o desenvolvemento efectivo e a utilización de indicadores no ámbito da delincuencia e a xustiza penal.

A partir desta primeira fase de implementación do plano de acción 2006-10, púxose en funcionamento un segundo plano de acción que comprende o período 2010-15 e que ten como obxectivo continuar e levar adiante o traballo iniciado en 2006 e centrarse en lograr resultados. Por outro lado, a Comisión tamén elaborou unha Estratexia de Seguranza Interior que establece entre os seus fins prioritarios o combate e a prevención contra as formas máis graves de delincuencia, a delincuencia organizada e a delincuencia informática. Esta Estratexia propón accións específicas para o período 2011-14 e establece a base para unha cooperación máis efectiva entre os Estados membros e as institucións da UE a fin de lograr unha Europa máis segura.

Desde a implementación deste programa conseguíronse grandes avanzos no desenvolvemento dun mecanismo de recolla de datos através dunha serie de indicadores comúns e, desde 2007, o escritorio Eurostat publicou un inquérito anual intitulado Statistics in focus que recolle un grande número de estatísticas respectantes á delincuencia e contén datos sobre os seguintes aspectos: delincuencia total, homicidios, delitos violentos, atracos,

roubos nas casas, roubos de vehículos de motor, tráfico de drogas, poboación carceraria e número de funcionarios de policía. Estas estatísticas reflicten a diversidade dos problemas policiais e xurídicos que existen na UE e, na hora de comparar estas informacións, sería preciso centrarse nas tendencias a longo prazo en vez de comparar directamente datos entre países sobre un ano concreto. Cabe levar en conta que non resulta fiábel realizar comparacións con estes datos, xa que poden existir diferenzas importantes entre países ou verse afectados por factores relacionados cos diferentes sistemas legais e de xustiza criminal, como son os distintos sistemas de clasificación de tipos penais ou diferenzas no rexistro e a transmisión dos delitos. Alén diso, é probábel que unha proporción de delitos relativamente elevada non se rexistre nun países e si noutros.

Consoante o último inquérito presentado no ano 2012 por Eurostat, *Crime and criminal justice, 2006-2009*, que analisa as denuncias rexistradas pola policía durante este período, o número de crimes fora en constante crecemento desde aproximadamente o ano 2002, aínda que a tendencia á baixa diminuíu durante o período sinalado de 2006-09. Cerca do final dese período, a policía rexistrou máis crimes nalgúns Estados membros (particularmente os delitos relacionados con roubos en vivendas e o tráfico de drogas). Por outro lado, o tipo de delitos que rexistrou un descenso máis importante foi o roubo de vehículos a motor. As porcentaxes máis altas de homicidios rexistrados áchanse na Lituania e Estonia, e as máis baixas en Austria, Eslovenia, Alemaña e España. Igualmente, os países onde existía máis poboación reclusa en relación ao seu número de habitantes eran Letonia e Estonia, mentres que a menor se achaba en Islandia, Finlandia, Dinamarca e Eslovenia.

A última recompilación de datos mostra que existe unha tendencia xeral ara a redución dos índices de criminalidade rexistrados nos Estados membros da UE entre os anos 2007 e 2010. Mentres que os delitos relacionados co tráfico de drogas, roubos e delitos violentos diminuíron entre un 3% e 6% nese período, a cantidade de roubos de vehículos de motor desceu de forma considerabelmente rápida durante os mesmos anos (23%). Ao contrario, o roubo a vivendas é unha categoría que presenta unha tendencia á alza na UE. En comparación co ano 2007, rexistrouse un 7% máis destes casos en 2010.

Porén, estas estatísticas policiais e xudiciarias deberían complementarse con estatísticas obtidas ás vítimas, en particular naqueles ámbitos penais nos cales os incidentes nen sempre se denuncian. Alén diso, os estudos sobre vitimización son unha fonte válida de datos totalmente comparábeis, sempre que se aplicar unha metodoloxía común. Por iso, a elaboración dunha metodoloxía común e dun módulo de estudo sobre a vitimización foi outro dos resultados máis importantes deste Plano de acción entre os anos 2006-10.

Para o período 2013-14 programouse de novo a realización deste estudo, o que vai ofrecer, pola primeira vez na UE-27, informacións comparábeis sobre os índices de prevalencia

(índices de vitimización) de tipos específicos de delincuencia e sobre aspectos relacionados cos sentimentos das persoas sobre a súa seguranza. A participación activa dos Institutos Nacionais de Estatística en cada fase (da concepción dos módulos ao traballo de campo e as investigacións dos índices de prevalencia) garante plena responsabilidade para a calidade dos datos, o que é especialmente importante para os países que non realizan estudos nacionais sobre as vítimas, xa que poden aproveitar esta oportunidade para levar a cabo as súas propias avaliacións e obxectivos.

Cabe referir que a experiencia no que di respecto ás sondaxes de vitimización varía considerabelmente entre países. Existen países cunha longa tradición na elaboración de estudos de vitimización entre os seus habitantes como, por exemplo, o Reino Unido, Franza ou Bélxica. Outros países, como os Países Baixos, Estonia ou Italia apenas comezaron a realizalas hai algúns anos. Na Italia realízanse a cada 5 anos desde 1998. No Reino Unido, ao contrario, a primeira sondaxe realizouse en 1982 e desde 2001 as informacións sobre os crimes rexistrados pola policía son presentadas de forma conxunta con datos sobre vitimización (Brittish Crime Survey) para fornecer unha visión máis completa sobre a situación da criminalidade no país. Destarte, móstrase claramente as diferenzas entre os delitos rexistrados oficialmente e a cantidade de delitos estimados. Esta sondaxe, que se realiza en Inglaterra e no País de Gales de forma continuada desde 2001, foi precursora en varios aspectos das sondaxes de vitimización europeas. As informacións son recompiladas através de enquisas persoais e sobre as cuestións e temas máis sensíbeis, como a violencia doméstica ou o consumo de drogas, onde é o propio inquirido que preenche a información.

A sondaxe realizada na Bélxica, denominada Moniteur de sécurité, está baseada no modelo de enquisa dos Países Baixos (Nederlandse Politiemonitor) e fornece datos sobre a delincuencia á vez que indaga sobre as necesidades da poboación en materia de seguranza e policía. Na Franza a sondaxe de vitimizaición recebe o nome de *Cadre de vie et sécurité* e está baseada principalmente no modelo británico de enquisa referido e no modelo americano.

Estes son algúns exemplos das enquisas con maior relevo que existen no contexto europeo. No entanto, cabe referir que a metodoloxía utilizada na enquisa ICVS é a que serviu como precursora para a enquisa que se está a preparar actualmente para o conxunto da UE. Esta enquisa europea fornecerá datos comparativos e, realizada periodicamente, tornarase nunha información moito valiosa para determinar as tendencias sobre o crime entre os Estados membros.

Durante o período 2004/05 levouse a cabo unha primeira experiencia de enquisa de vitimización europea seguindo o modelo de enquisas ICVS, cofinanciado pola UE e denominado Estudo Europeo de Delincuencia e Seguranza (European Crime and Safety Survey – EU ICS). Esta experiencia pretendía servir como ferramenta para medir o volume e a

natureza do crime na Europa, abranxendo a mesma tipoloxía de delitos que a ICVS referida. O obxectivo fundamental era comparar os niveis de delincuencia independentemente dos datos rexistrados pola policía. Utilizando as informacións das sondaxes ICVS que se levaran a cabo en anteriores ocasións noutros países, os resultados da EU ICS poderían servir para comparar diacronicamente as tendencias do crime.

Os inquiridos foron persoas con máis de 16 anos e preguntouse sobre a súa experiencia relativamente ao crime durante os cinco anos anteriores a partir da metodoloxía de enquisa telefónica CATI. Tamén se incluíron preguntas sobre a actuación da policía e sobre as medidas de protección face o crime. O conxunto de datos analisados abranxe 18 países da UE: Austria, Bélxica, Dinamarca, Estonia, Finlandia, Franza, Alemaña, Grecia, Irlanda, Italia, Luxemburgo, Países Baixos, Polonia, Portugal, España, Suecia e Reino Unido.

Para a realización do estudo criouse un consorcio de distintos centros de investigación europeos con experiencia na recompilación e análise de datos semellantes e que coñecían a metodoloxía das sondaxes ICVS por telas levado a cabo anteriormente nalgún dos países. Desta maneira criouse un instrumento novo que proporciona un mecanismo estandardizado de carácter global e que permite, no futuro, a inclusión de novos Estados membros ou doutros países. Por último, para alén de resolver cuestións básicas sobre as medicións e fornecer datos actualizados aos países participantes, tamén ofrece informacións sobre as necesidades mutábeis e as preocupacións da poboación europea en temas de protección e de seguranza cidadá. Apesar disto, aínda existe a necesidade dunha sondaxe actualizada e deseñada consoante as realidades legais e sociais da UE e os seus distintos intereses políticos, podendo afirmar que esta sondaxe europea EU ICS serviu como base para o desenvolvemento da futura enquisa europea sobre seguranza. Aliás, un programa europeo de enquisas permitiría ás institucións europeas destinar fondos para a prevención e o control do crime de acordo con informacións fiábeis e comparábeis sobre as tendencias globais da delincuencia, o medo ao crime e a confianza nas institucións.

Segundo o Informe intitulado “Final Report on The study on crime Victimisation” publicado en 2010, que estudaba a viabilidade de implementar unha sondaxe común a nivel europeo, durante o ano 2009 realizouse unha primeira experiencia piloto de Enquisa Europea para revisar a metodoloxía e ser finalmente posta en práctica durante este ano 2013 no conxunto dos Estados membros. De facto, a UE realizou moitos esforzos para harmonizar as distintas políticas e prácticas en distintas áreas de seguranza e xustiza. A partir desta perspectiva, un obxectivo secundario importante consiste en averiguar até que punto as forzas policiais están a cumprir cos padróns europeos sobre a actuación policial en relación coas vítimas.

## 4. Situación en España

Conforme España se foi modernizando e crecendo economicamente surxiron novos riscos e ameazas que afectan á protección da cidadanía. De acordo con algúns estudos, parece haber unha relación clara entre o aumento da riqueza dun país, os niveis de urbanización e o nivel de delincuencia.

Con esta perspectiva, no ano 2003 o Goberno español tomou consciencia da importancia dos problemas relacionados coa delincuencia e da procura de solucións con respecto á seguranza cidadá, polo que deseñou unha serie de medidas que contiñan reformas e novidades lexislativas importantes. Através da Lei orgánica 11/2003, de 29 de setembro, foron aprobadas medidas concretas en materia de seguranza, violencia doméstica e integración social que completaban a serie de normas lexislativas xa coñecidas sobre protección dos dereitos da cidadanía, especialmente as relativas ás agresións da delincuencia. Particularmente interesante resulta observar que o Plano de combate á delincuencia contemplaba medidas dirixidas a combater un dos principais problemas que máis alarma social estaba a provocar na sociedade española como é a delincuencia organizada.

Nos últimos anos os efectos da crise económica e do desemprego provocaron unha instabilidade social e un aumento das desigualdades económicas que tiveron como consecuencia, entre outros, a aparición de novos conflitos sociais. Curiosamente, a crise financeira, a desestabilización económica que provoca, é un dos principais riscos e ameazas actuais, non apenas pola conflitividade política e social xerada, mais tamén porque alimenta e reforza outros conflitos xa existentes. Ao mesmo tempo, o aumento da pobreza que experimentou España nos últimos cinco anos, amiúde unido ao desemprego, ten unha relación directa co aumento do sentimento de inseguranza dos habitantes. Nestas circunstancias, o Goberno, a fin de ofrecer á poboación española unha mellor protección contra o crime e a delincuencia, presentou no ano 2010 un documento público no que se identificaban unha serie de problemas concretos ligados á seguranza e que puña en evidencia a necesidade de establecer estruturas e medidas diferentes das implementadas no pasado.

Neste contexto, o concepto de seguranza foi evoluíndo de acordo coas mudanzas globais da sociedade e da economía para encarar os crecentes desafíos que presentan as estruturas do mundo actual. O mundo globalizado áchase nun proceso de mudanza continuada, debido a factores como a modificación constante dos centros de poder, o ascenso de novas potencias políticas e económicas, a consolidación de novos actores internacionais, a maior capacidade de influencia adquirida por parte dos individuos, as mudanzas demográficas, ben como o papel das tecnoloxías na sociedade do coñecemento

ou a maior interdependencia económica, política e xurídica. Todas estas son circunstancias condicionantes que inflúen na política de seguranza e de combate á delincuencia de calquera país desenvolvido.

Por iso, España comezou a elaborar pola primeira vez a Estratexia Española de Seguranza, que foi aprobada en xuño de 2011, na que se recoñecían unha serie de ameazas e riscos novos e se propuñan liñas de actuación. No presente ano púxose en funcionamento a Estratexia de Seguranza Nacional 2013 que revisa a anterior estratexia e cría o Consello de Seguranza Nacional como órgano colexial do Goberno encargado da súa operatividade. Desde o inicio, o Goberno mantivo unha postura clara ao asumir como responsabilidade esencial garantir a seguranza de España e dos seus habitantes, xuntamente con todos os organismos das Comunidades Autónomas e a Administración xeral do Estado. Tamén compartillan esta responsabilidade o conxunto da sociedade, as organizacións sociais, empresas e medios de comunicación, sendo a seguranza actualmente responsabilidade de todos.

Esta iniciativa visa tamén alargar o consenso político ao ámbito social e impulsionar unha nova cultura de seguranza na sociedade. Nela sublíñanse aspectos como o valor que o contexto xeopolítico ten para aumentar a importancia estratéxica de España e a necesidade de estreitar as relacións con Portugal. O avanzo na integración europea e unha maior cooperación estratéxica coa Franza conforman a serie de elementos fundamentais para a estabilidade e seguranza de España, para alén de constituír un importante contributo á seguranza da Europa e rexións limítrofes da ribeira meridional do Mediterráneo. En definitiva, a Estratexia Española de Seguranza aborda a globalidade de riscos e ameazas dun mundo que está a mudar profunda e constantemente e contempla o concepto de seguranza dunha maneira ampla e consoante estas transformacións globais que afectan ao Estado e á vida diaria da cidadanía.

É unha realidade, portanto, que a sensación de inseguranza aumentou coa aparición de novas necesidades e procuras sociais que as institucións públicas deben recoller e solucionar da mellor maneira posíbel. Na maioría dos países existe normalmente un maior sentimento de inseguranza nos núcleos urbanos. Porén, desde hai algún tempo no Estado español incrementáronse os delitos no campo, provocando, pola súa vez, un incremento do sentimento de inseguranza entre a poboación rural. Recentemente, por causa deste aumento da delincuencia rural, as autoridades públicas españolas consideraron necesario implementar medidas concretas como é o Plan contra as subtracións en Instalacións Agrícolas e Gadeiras. Estas medidas están encamiñadas á protección das explotacións agrogandeiras que se achan especialmente desprotexidas e vulnerábeis por se encontrar lonxe das cidades e dos locais de residencia. De facto, o número de delitos cometidos no agro en 2012 e coñecidos pola Guarda Civil suman un total de 15.234. deles, 11.201

producíronse nas quince provincias máis afectadas que representan case os tres cuartos das infraccións penais. As provincias máis afectadas son Valencia (1.441 delitos), Sevilla (1.306), Almería (1.150) e Toledo (965).

Apesar de que o número de roubos no agro continúa a aumentar levemente, este tipo de infracción apenas representa o 2,5% do total da cifra de criminalidade na que interviu a Guarda Civil. Para reforzar o Plano contra os roubos producidos no campo púxose en funcionamento novos Equipos ROCA (Equipos de combate ao Roubo no Campo) da Guarda Civil que irán vixiar permanentemente as zonas máis afectadas por esta práctica delitiva e cunha maior comunicación cos colectivos afectados.

Alén de todas estas peculiaridades específicas do caso español, cabe levar en conta que, para realizar unha análise comparativa entre rexións, comunidades autónomas e países sobre a criminalidade, non existe unha tradición consolidada de estudos sobre este tema en España, aínda que se teñan levado a cabo algunhas sondaxes de vitimización desde 1979. Este labor foi levado a cabo polo Centro de Investigacións Sociolóxicas (CIS), o organismo que se ocupou de estudar a delincuencia do punto de vista da vitimización. O CIS realizou enquisas especificamente dirixidas ao coñecemento e análise dos factores de vitimización en cinco ocasións desde 1978, concretamente en 1978, 1991, 1992, 1995 e 1999, aínda que sen posibilidade de comparar resultados con outros países pola distinta metodoloxía usada.

Por estas razóns, a fin de obter unha visión obxectiva da criminalidade en España, hai que recorrer aos datos fornecidos polo Ministerio do Interior nos Balanzos de Criminalidade que presenta periodicamente. Estes balanzos, con base nas estatísticas policiais e xudiciais, supoñen a falta de coñecemento de aqueles delitos que non se denuncian e carecen de calquera información relativa ao sentimento de inseguranza da cidadanía. Nos Balanzos de Criminalidade inclúense os datos do total das infraccións penais, delitos e faltas coñecidas polos distintos corpos policiais, desagregados tanto a nivel estatal como por Comunidades Autónomas e provincias. Os datos sobre criminalidade atenden a uns indicadores de seguranza concretos, como son a comisión de delitos e faltas, homicidios dolosos e asasinatos consumados, delincuencia violenta, roubo con violencia ou intimidación, roubos con forza, subtracción de vehículos a motor, tráfico de drogas, danos e furtos. A grande maioría destes indicadores correspóndense aproximadamente cos que establece o Escritorio Europeo de Estatística (EUROSTAT).

As infraccións penais computan feitos coñecidos polos distintos corpos de seguranza: Corpo Nacional de Policía, Guarda Civil, Policía Foral de Navarra, Ertzaintza e Mossos d'Esquadra. A partir do ano 2013 inclúese tamén a actividade exercida polos corpos da Policía Local que facilitan datos de criminalidade ao resto de forzas e corpos de seguranza.

Segundo esta fonte, no ano 2012 rexistráronse en España un total de 2.268.665 delitos e falta, o que supón un descenso de 0,7% en relación ao ano anterior. Porén, cabe referir, como aspecto negativo, a tendencia á alza dos delitos vinculados con roubos con forza en domicilios (25,5%) e tamén a denominada "delincuencia violenta" que aumentou un 7% con respecto ao ano 2011, especialmente porque os roubos con forza en moradas soen xerar unha grande alarma social. Isto tradúcese nunha actitude máis pesimista da poboación, que acha que aumentou a criminalidade cando na realidade non é así. Os datos do primeiro trimestre de 2013 mostran que, en xeral, os índices de criminalidade en España experimentaron un descenso significativo. De facto, no primeiro trimestre de 2013 producíronse un total de 1.085.578 delitos e faltas, o que supón un 2,7% menos con relación aos seis primeiros meses do ano 2012. De resto, case todos os indicadores deste semestre incluídos no Balanzo áchanse nunha faixa que comprende valores porcentuais negativos e inferiores con respecto ao primeiro trimestre do ano, isto é, presentan cifras que indican unha queda dos índices de criminalidade en xeral.

Por sectores concretos, os parámetros que experimentaron maior descenso foron o tráfico de drogas (-9,4%), os danos persoais (-8,3%), a subtración de vehículos a motor (-7,7%), os homicidios dolosos e asasinatos consumados (-5,0%), a delincuencia violenta (-3,0%) e os roubos con violencia ou intimidación (-2,4%). Por outro lado, os roubos con forza en domicilios (+5,3%) e os furtos quebran a tendencia xeral á baixa, mostrando valores superiores con relación ao primeiro trimestre de 2013, aínda que convén precisar que, no caso dos furtos, é un incremento moito pequeno, pois representa apenas un +0,3%. Cabe referir tamén que os datos completos correspondentes a 2013 están pendentes de consolidar estas tendencias.

Cabe destacar, nunha perspectiva de distribución territorial da criminalidade, que entre as Comunidades Autónomas onde se rexistrou unha maior diminución da criminalidade están Ceuta, Cantabria, Aragón e a Comunidade Valenciana, a diferenza de Melilla, Asturias, Estremadura e Navarra, que son as rexións que notaron un maior incremento porcentual da delincuencia con relación ao mesmo período de 2012. Porén, cómpre lembrar que as cifras oficiais rexistradas pola policía mostran unha imaxe da delincuencia rexistrada policialmente que debe ser complementada coas enquisas de vitimización.

No que respecta ao aspecto subxectivo da seguranza cidadá, se se tiver en conta a perspectiva global que ofrecen as sondaxes con metodoloxía ICSV que é a máis utilizada universalmente, España só participou dúas veces, en 1989 e en 2005, das cinco ocasións nas que se realizou esta enquisa a nivel internacional. Portanto, non existe a posibilidade de realizar comparacións con outros países alén destes dous anos, xa que o uso de distintas ferramentas de medición impide unha análise comparativa confiábel ao non dispor dos mesmos datos. No entanto, o Observatorio da Delincuencia (ODA), do Instituto

andaluz interuniversitario de Criminoloxía, realizou durante os últimos anos sondaxes sobre a vitimización nas principais capitais andaluzas[2] seguindo a metodoloxía ICSV, o que significou un maior coñecemento da realidade social da delincuencia urbana desta comunidade con máis de oito millóns de habitantes. Os resultados de Córdoba, Huelva e Sevilla publicáronse en 2007 e finalmente os de Almería, Cádiz, Granada e Jaén en 2008. En especial, cabe destacar o estudo[3] realizado en 2008 sobre a vitimización adaptando a metodoloxía ICSV ao caso español e que permite realizar unha comparativa e unha análise da traxectoria da delincuencia nestes anos no conxunto de España, xa que os datos son comparábeis cos dos anos 1989 e 2005. A investigación realizada polo ODA resulta particularmente interesante ao permitir a comparación dos resultados e a consecución de dous obxectivos fundamentais: en primeiro lugar, observar a tendencia da delincuencia en España nas últimas dúas décadas e, en segundo lugar, coñecer a percepción social da evolución da delincuencia nese mesmo período.

No relativo ao resto de enquisas realizadas, Cataluña é a comunidade autónoma que conta coa máis longa tradición na elaboración de sondaxes. A primeira enquisa foi realizada en 1984 e posteriormente foi consolidando a súa práctica até a tornar na "Enquisa de Seguranza Pública da Cataluña" que fai parte mesmo do plano estatístico da Cataluña. Ao principio enfocábase ao ámbito local de Barcelona; posteriormente, en 1990, alargouse á súa área metropolitana e desde hai aproximadamente unha década estendeuse o campo de investigación a todo o territorio catalán. Estas estatísticas serviron desde o inicio como fonte de información no sistema de seguranza pública e foron unha ferramenta moi importante na hora de avaliar e conformar o actual modelo de seguranza catalán.

En 1993 e 1996 esta enquisa adaptouse aos criterios metodolóxicos do modelo internacional ICSV, mais encontráronse moitas dificultades relacionadas coa medida da mostra a analisar. Este aspecto reducía en grande maneira as posibilidades de comparación internacional, xa que moitas veces as mostras destes estudos unicamente tiñan en conta as cidades con maior poboación do país. Por outro lado, a busca de variábeis universais, que tivesen a posibilidade de seren comparadas con outros países ou rexións, limitaba as cuestións e preguntas relacionadas coas necesidades específicas e coas exixencias propias da sociedade catalá.

Como tamén aconteceu noutros países, esta sondaxe non tivo continuidade e por iso optouse por manter un sistema de avaliación e de sondaxe adaptado ao caso catalán e ás súas necesidades. A última edición desta enquisa levouse a cabo en xullo de 2013 entrevistando unha mostra aleatoria de 4.560 residentes na Cataluña con máis de 16 anos. As preguntas sobre vitimización referíanse aos feitos acontecidos nos últimos doce meses

2) Informes ODA 2006, 2007 e 2008

3) Enquisa a vítimas de España.

e incluían, entre outros aspectos, os resultados sobre vitimización, a percepción subxectiva da seguranza e a valoración dos servizos policiais por parte da cidadanía.

Cabe destacar outras cidades españolas, como Pamplona, Málaga ou Vitoria-Gasteiz, que tamén realizaron enquisas de vitimización aproveitando a potencialidade que ofrece a aplicación de políticas sociais implementadas e que tentan reducir non só o impacto social negativo nos colectivos máis vulnerábeis, senón tamén amolecer as consecuencias da crise na sociedade en xeral. En Málaga, por exemplo, realizáronse sondaxes sobre vitimización mediante a metodoloxía das enquisas ICSV por parte do Instituto Andaluz Interuniversitario de Criminoloxía (IAIC) durante os anos 1993 e 1994 a nivel provincial. Posteriormente, voltouse a realizar esta sondaxe coa mesma metodoloxía no ano 2005. Os resultados sobre Málaga foron publicados en 2006[4] e resultan de especial interese, xa que son comparábeis cos rexistrados nos anos 90 nesta cidade e permiten comprobar a evolución da delincuencia.

Seguindo esta mesma metodoloxía de sondaxes de vitimización, Madrid tamén participou na enquisa europea de 2005 (EU ICS) obténdose datos interesantes sobre a vitimización nesa cidade, onde se realizaron un total de 840 entrevistas.

En Vitoria-Gasteiz, durante os últimos anos, tamén se notou un crecente interese pola seguranza cidadá. En decembro de 2009 o Concello aprobou un proxecto para a realización dun Diagnóstico local de Seguranza Urbana que, através da análise cuantitativa e cualitativa da seguranza nesta cidade e adoptando pola súa vez unha focaxe de xénero, tiña como obxectivo lograr unha visión sobre estas dimensións e desenvolver unha serie de recomendacións urbanísticas en tema de seguranza. Este informe, intitulado "Diagnóstico Local de Seguranza do Municipio de Vitoria-Gasteiz", ofrece datos moi interesantes sobre a percepción e vitimización non denunciada perante as instancias policiais ou xudiciais.

Por último, outra cidade que levou a cabo recentemente unha sondaxe para medir a percepción da poboación sobre o nivel de seguranza na súa vida diaria é Pamplona. O Concello, no ano 2010, levou a cabo a "I Enquisa de Vitimización" co obxecto, entre outros, de diminuír os factores que crean sentimento de inseguranza entre os seus habitantes. Esta enquisa, adaptada á realidade da capital navarra, ofrece conclusións relevantes sobre a seguranza e fai parte das accións deseñadas no vixente Plano de Seguranza Cidadá de Pamplona.

A enquisa foi realizada por encargo da Área de Seguranza Cidadá. Realizouse de forma telefónica sobre unha mostra de 803 persoas, con idades entre 15 e 65 anos. Un 49,6%

4) Informe ODA 2006

foron homes e un 50,4% mulleres, todos residentes en Pamplona. O cuestionario consistía en 23 preguntas relacionadas entre outras cuestións coa percepción que teñen as persoas sobre as condicións de vida no seu barrio, se o inquirido ou alguén do seu entorno fora vítima dalgún delito recentemente, se os feitos foron denunciados, e a consideración relativa aos servizos públicos de seguranza do municipio, con especial atención á percepción que o inquirido ten do servizo de Policía Municipal de Pamplona. A repetición desta enquisa nos próximos anos servirá par que os responsábeis de seguranza coñezan a evolución da percepción dos habitantes de Pamplona relativamente aos diversos factores da seguranza cidadá.

# PARTE II

## ENQUISA SOBRE SEGURANZA CIDADÁ APLICADA AO MUNICIPIO DE VIGO

### 1. Metodoloxía

#### 1.1 Método de recompilación de datos e fontes

Os datos necesarios para levar a cabo o estudo foron obtidos a partir dunha enquisa autoaplicada sobre un número representativo de cidadá(n)s do municipio de Vigo.

Para a elaboración do cuestionario, a Oficina do Valedor do Cidadán adaptou o cuestionario dos estudos "Seguridad Ciudadana y Victimización (I)" e "Seguridad Ciudadana y Vitimización (II)" elaborados polo CIS en abril de 1998 e xaneiro de 1999, respectivamente.

#### 1.2 Ficha técnica

- *Ámbito:* Local (municipio de Vigo).
- *Universo:* Residentes no municipio de Vigo de ambos os xéneros e con máis de 18 anos.
- *Procedemento da mostraxe:* Estratificado aleatorio con afixación proporcional por distrito, xénero e grupo de idade.
- *Tamaño da mostra:* 1989 individuos
- *Puntos de mostraxe:* Na vía pública através de entrevista persoal con cuestionario.
- *Erro mostral:* Para un nivel de confianza de 95% con sucesos equiprobábeis p = q, o erro é de ±2,190% en variábeis dicotómicas.
- *Data de realización:* setembro-outubro de 2013

A análise realizada dos datos consistiu na obtención das porcentaxes de cidadáns que están en cada tramo para os distintos segmentos da poboación:

- Global
- Por idade
- Por xénero
- Por zona de residencia
- Por situación sociolaboral

# 2. Informe de resultados

## 2.1 Perfil das persoas inquiridas

Resultados expresados en %

### 1. Xénero

| | Homes | Mulleres |
|---|---|---|
| Global | 46,7 | 53,3 |
| Idade | | |
| 18-34 | 49,5 | 50,5 |
| 35-54 | 48,2 | 51,8 |
| 55-74 | 46,1 | 53,9 |
| ≥75 | 34,4 | 65,6 |
| Zona de residencia | | |
| Rural | 47,6 | 52,4 |
| Semiurbana | 47,8 | 52,2 |
| Urbana | 45,6 | 54,4 |
| Situación laboral | | |
| Estudante | 44,0 | 56,0 |
| Desempregado que procura o primeiro emprego | 65,9 | 34,1 |
| Desempregado que traballou antes | 54,5 | 45,5 |
| Traballador activo | 53,8 | 46,2 |
| Traballo non remunerado | 1,9 | 98,1 |
| Xubilado/Pensionista | 63,6 | 36,4 |

### 2. Idade

| | 18-34 | 35-54 | 55-74 | ≥75 |
|---|---|---|---|---|
| Global | 27,7 | 37,0 | 25,5 | 9,8 |
| Xénero | | | | |
| Home | 29,3 | 38,3 | 25,2 | 7,2 |
| Muller | 26,2 | 35,9 | 25,8 | 12,1 |
| Zona de residencia | | | | |
| Rural | 29,0 | 37,1 | 24,5 | 9,4 |
| Semiurbana | 28,7 | 37,0 | 24,4 | 9,9 |
| Urbana | 26,6 | 37,0 | 26,7 | 9,8 |
| Situación laboral | | | | |
| Estudante | 96,5 | 2,0 | 1,0 | 0,5 |
| Desempregado que procura o primeiro emprego | 92,7 | 6,1 | 1,2 | 0,0 |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Desempregado que traballou antes | 26,9 | 59,3 | 13,8 | 0,0 |
| Traballador activo | 23,8 | 57,9 | 18,3 | 0,0 |
| Traballo non remunerado | 1,6 | 25,2 | 51,1 | 22,1 |
| Xubilado/pensionista | 0,0 | 2,0 | 55,8 | 42,2 |

### 3. Zona de Residencia

| | Rural | Semiurbana | Urbana |
|---|---|---|---|
| Global | 14,4 | 35,4 | 50,2 |
| Xénero | | | |
| Home | 14,7 | 36,3 | 49,0 |
| Muller | 14,1 | 34,7 | 51,2 |
| Idade | | | |
| 18-34 | 15,1 | 36,7 | 48,2 |
| 35-54 | 14,1 | 35,5 | 50,1 |
| 55-74 | 13,8 | 33,9 | 52,4 |
| ≥75 | 13,8 | 35,9 | 50,3 |
| Situación laboral | | | |
| Estudante | 10,5 | 35,5 | 54,0 |
| Desempregado que procura o primeiro emprego | 8,5 | 41,5 | 50,0 |
| Desempregado que traballou antes | 14,4 | 38,2 | 47,4 |
| Traballador activo | 17,1 | 34,4 | 48,0 |
| Traballo non remunerado | 13,9 | 34,4 | 51,7 |
| Xubilado/pensionista | 12,2 | 32,7 | 55,1 |

### 4. Situación laboral

| | Estudante | Desempregado que procura o primeiro emprego | Desempregado que traballou antes | Traballador activo | Traballo non remunerado | Xubilado/ Pensionista |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Global | 10,1 | 4,1 | 24,1 | 31,0 | 15,9 | 14,8 |
| Xénero | | | | | | |
| Home | 9,5 | 5,8 | 28,1 | 35,8 | 0,6 | 20,2 |
| Muller | 10,6 | 2,6 | 20,5 | 26,9 | 29,3 | 10,0 |
| Idade | | | | | | |
| 18-34 | 35,1 | 13,8 | 23,5 | 26,7 | 0,9 | 0,0 |
| 35-54 | 0,5 | 0,7 | 38,6 | 48,5 | 10,9 | 0,8 |
| 55-74 | 0,4 | 0,2 | 13,0 | 22,2 | 31,9 | 32,3 |
| ≥75 | 0,5 | 0,0 | 0,0 | 0,0 | 35,9 | 63,6 |
| Zona de residencia | | | | | | |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Rural | 7,3 | 2,4 | 24,1 | 38,1 | 15,4 | 12,6 |
| Semiurbana | 10,1 | 4,8 | 28,0 | 30,1 | 15,5 | 13,6 |
| Urbana | 10,8 | 4,1 | 22,7 | 29,7 | 16,4 | 16,2 |

## 2.2 Resultados globais

### 1. Satisfacción co nivel de seguranza cidadá no municipio de Vigo

(Media de satisfacción)




(Escala de satisfacción)



**2. Sensación de seguranza.** Entendendo por sensación de seguranza ver o presente e o futuro sen preocupacións e sen medos, considérase unha persoa...




## 3. Evolución do funcionamento dos servizos públicos en Vigo nos últimos anos



## 4. Situacións de inseguranza cidadá



## 5. Tipoloxía dos delitos máis temidos




| | Primeiro lugar | Segundo lugar | Terceiro lugar |
|---|---|---|---|
| Atraco | 37% | 24% | 11% |
| Roubo de bolso ou carteira | 5% | 15% | 23% |
| Tirón | 0% | 1% | 5% |
| Roubo en vivenda ou local | 43% | 35% | 9% |
| Roubo en explotación agropecuaria | 0% | 1% | 1% |
| Roubo de obxectos en vehículo | 1% | 8% | 21% |
| Roubo de vehículo | 1% | 3% | 8% |
| Estafa ou timo | 2% | 2% | 3% |
| Ameazas ou indimidacións | 1% | 2% | 3% |
| Agresión persoal | 4% | 6% | 9% |
| Agresión sexual | 4% | 2% | 3% |
| Actos de vandalismo | 1% | 1% | 4% |
| Abusos ou coaccións por parte de axentes da autoridade | 1% | 1% | 2% |

## 6. Situacións máis frecuentes na zona de residencia




| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Moita frecuencia | 9% | 2% | 4% | 7% | 2% | 2% | 3% | 0% | 3% |
| Bastante frecuencia | 48% | 10% | 44% | 46% | 10% | 14% | 18% | 4% | 46% |
| Pouca frecuencia | 24% | 46% | 39% | 22% | 56% | 59% | 55% | 39% | 39% |
| Nunca | 4% | 22% | 5% | 7% | 16% | 16% | 15% | 37% | 6% |
| NS/NR | 14% | 19% | 7% | 17% | 16% | 9% | 9% | 20% | 6% |

## 7. Medidas para sentirse máis seguro




## 8. Principais causas da delincuencia en Vigo



## 9. Tipoloxía de vitimización no entorno persoal

(% de persoas cuxo entorno persoal –familia, amigos ou veciños- foron vítimas dalgún delito)




## 10. Propensión subxectiva a ser vítima dun delito



## 11. Taxa de vitimización persoal no último ano

(% de persoas que foron vítimas dalgún delito)




## 12. Tipoloxía de vitimización persoal



## 13. Taxa de denuncia




## 14. Motivos polos que non se denunciou




## 15. Instancia de denuncia



## 16. Motivación da escolla do organismo de denuncia




## 17. Seguimento da denuncia presentada




## 18. Vitimización en grao de tentativa

(% de persoas que sofreron nos últimos anos algunha tentativa de delito)



## 19. Modo de evitar unha tentativa de delito




## 20. Problemática das drogas en Vigo




## 21. Delincuencia relacionada coas drogas en Vigo



## 22. Uso de servizos telefónicos de emerxencia




## 23. Motivos das chamadas de emerxencia



## 24. Satisfacción cos servizos telefónicos de emerxencia




## 25. Eficacia das forzas de seguranza




| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Guardia Civil | 22% | 5% | 12% | 16% | 3% | 2% |
| Policía Nacional | 14% | 33% | 15% | 13% | 8% | 7% |
| Policía Municipal | 9% | 8% | 8% | 7% | 29% | 24% |
| Policía Autonómica | 2% | 1% | 4% | 5% | 1% | 1% |
| Ningunha | 3% | 3% | 3% | 3% | 3% | 3% |
| Todas | 40% | 39% | 45% | 46% | 46% | 52% |
| Ns/Nr | 11% | 11% | 12% | 12% | 11% | 11% |

## 2.3 Resultados por zonas

Cifras expresadas en %

### *1. Satisfacción co nivel de seguranza cidadá no municipio de Vigo*

#### 1.1 Media de satisfacción

a) Satisfacción coa seguranza cidadá existente no municipio de Vigo

| | Nota media |
|---|---|
| Urbana | 6,38 |
| Semiurbana | 6,34 |
| Rural | 6,29 |

b) Satisfacción con la seguridad ciudadana existente en la zona de residencia

| | Nota media |
|---|---|
| Urbana | 7,00 |
| Semiurbana | 6,60 |
| Rural | 6,50 |

#### 1.2 Escala de satisfacción

a) Satisfacción cona seguranza cidadá existente no municipio de Vigo

| | Rural | Semiurbana | Urbana |
|---|---|---|---|
| Moi insatisfeito | 0,9 | 0,4 | 0,0 |
| Insatisfeito | 7,3 | 1,0 | 0,0 |
| Satisfeito | 69,6 | 92,4 | 97,2 |
| Moi satisfeito | 22,2 | 6,1 | 2,8 |

b) Satisfacción coa seguranza cidadá existente na zona de residencia

| | Rural | Semiurbana | Urbana |
|---|---|---|---|
| Moi insatisfeito | 0,4 | 0,0 | 0,0 |
| Insatisfeito | 2,5 | 0,3 | 0,0 |
| Satisfeito | 62,8 | 90,2 | 94,8 |
| Moi satisfeito | 34,4 | 9,5 | 5,2 |

## *2. Sensación de seguranza*

| | Rural | Semiurbana | Urbana |
|---|---|---|---|
| Moi segura | 10,7 | 9,4 | 4,2 |
| Bastante segura | 60,7 | 75,5 | 93,0 |
| Pouco segura | 21,5 | 13,5 | 2,4 |
| Moi insegura | 2,5 | 1,1 | 0,0 |
| Ns/Nr | 4,5 | 0,6 | 0,3 |

## *3. Evolución do funcionamento dos servizos públicos no últimos cinco anos*

### Sanidade pública

| | Zona urbana | Zona semiurbana | Zona rural |
|---|---|---|---|
| Empeorou | 92,0 | 100,0 | 100,0 |
| Mellorou | 2,0 | 0,0 | 0,0 |
| Segue igual | 5,4 | 0,0 | 0,0 |
| Ns/Nr | 0,6 | 0,0 | 0,0 |

### Ensino público

| | Zona urbana | Zona semiurbana | Zona rural |
|---|---|---|---|
| Empeorou | 88,4 | 100,0 | 100,0 |
| Mellorou | 2,3 | 0,0 | 0,0 |
| Segue igual | 7,0 | 0,0 | 0,0 |
| Ns/Nr | 2,3 | 0,0 | 0,0 |

### Xustiza

| | Zona urbana | Zona semiurbana | Zona rural |
|---|---|---|---|
| Empeorou | 80,3 | 99,4 | 100,0 |
| Mellorou | 1,6 | 0,0 | 0,0 |
| Segue igual | 13,1 | 0,0 | 0,0 |
| Ns/Nr | 5,0 | 0,6 | 0,0 |

### Pensións

| | Zona urbana | Zona semiurbana | Zona rural |
|---|---|---|---|
| Empeorou | 90,2 | 99,4 | 100,0 |
| Mellorou | 0,6 | 0,0 | 0,0 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Segue igual | 4,9 | 0,0 | 0,0 |
| Ns/Nr | 4,3 | 0,6 | 0,0 |

### Servizos sociais asistenciais

| | Zona urbana | Zona semiurbana | Zona rural |
|---|---|---|---|
| Empeorou | 77,3 | 98,6 | 99,7 |
| Mellorou | 8,3 | 0,4 | 0,3 |
| Segue igual | 9,3 | 0,1 | 0,0 |
| Ns/Nr | 5,1 | 0,9 | 0,0 |

### Transporte público

| | Zona urbana | Zona semiurbana | Zona rural |
|---|---|---|---|
| Empeorou | 64,9 | 59,6 | 57,0 |
| Mellorou | 7,1 | 21,3 | 29,4 |
| Segue igual | 23,0 | 10,9 | 10,5 |
| Ns/Nr | 4,9 | 8,2 | 3,1 |

### Entidades bancarias

| | Zona urbana | Zona semiurbana | Zona rural |
|---|---|---|---|
| Empeorou | 91,8 | 99,4 | 99,7 |
| Mellorou | 1,0 | 0,1 | 0,0 |
| Segue igual | 4,9 | 0,0 | 0,3 |
| Ns/Nr | 2,3 | 0,4 | 0,0 |

## *4. Situacións de inseguranza cidadá*

| | Zona urbana | Zona semiurbana | Zona rural |
|---|---|---|---|
| Violacións, abusos ou asedios sexuais | 13,1 | 1,7 | 2,4 |
| Agresións físicas | 24,4 | 21,7 | 42,7 |
| Intimidacións e ameazas | 9,7 | 1,1 | 0,7 |
| Roubos en domicilios ou locais | 45,6 | 50,4 | 57,7 |
| Roubos de vehículos | 5,3 | 1,3 | 0,7 |
| Tiróns de bolsos | 3,1 | 0,1 | 0,0 |
| Roubo de bolso ou carteira | 5,0 | 11,6 | 9,4 |
| Atracos ou asaltos con violencia | 37,1 | 27,8 | 25,5 |
| Actos de vandalismo | 11,7 | 1,4 | 0,0 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Terrorismo | 7,1 | 0,0 | 0,0 |
| Inmigración de estranxeiros | 12,8 | 7,4 | 15,0 |
| Fraudes e estafas | 6,5 | 1,3 | 0,0 |
| Mendicidade | 1,1 | 5,7 | 2,1 |
| Venta de alcool na rúa | 9,9 | 25,2 | 7,0 |
| Corrupción | 10,5 | 0,9 | 0,0 |
| Agresións ao ambiente | 1,2 | 0,1 | 0,0 |
| Presenza de inmigrantes estranxeiros | 6,4 | 16,7 | 14,3 |
| Ns/Nr | 27,2 | 38,3 | 39,2 |

## *5. Tipoloxía de delitos máis temidos*

### Primeiro lugar

| | Rural | Semiurbana | Urbana |
|---|---|---|---|
| Atraco (roubo con violencia ou ameaza) | 42,1 | 37,0 | 21,0 |
| Roubo de bolso, carteira | 4,2 | 6,4 | 2,4 |
| Tirón | 0,2 | 0,0 | 0,0 |
| Roubo en vivenda ou local | 32,5 | 46,4 | 73,1 |
| Roubo en explotación agropecuaria | 0,3 | 0,0 | 0,3 |
| Subtración de obxectos en vehículo (radio, bolso, maletas,...) | 0,8 | 2,0 | 0,7 |
| Roubo de vehículo | 1,8 | 0,3 | 0,3 |
| Estafa ou timo | 3,0 | 0,0 | 0,0 |
| Ameazas ou intimidacións | 1,7 | 0,0 | 0,0 |
| Agresión persoal (non sexual) | 2,8 | 6,0 | 1,0 |
| Agresión sexual | 6,0 | 2,0 | 1,0 |
| Actos de vandalismo | 2,8 | 0,0 | 0,0 |
| Abusos ou coaccións por parte de axentes da autoridade | 1,8 | 0,0 | 0,0 |

### Segundo lugar

| | Rural | Semiurbana | Urbana |
|---|---|---|---|
| Atraco (roubo con violencia ou ameaza) | 15,4 | 25,2 | 50,7 |
| Roubo de bolso, carteira | 16,3 | 15,9 | 5,2 |
| Tirón | 1,1 | 1,0 | 1,4 |
| Roubo en vivenda ou local | 36,9 | 37,3 | 22,7 |
| Roubo en explotación agropecuaria | 0,8 | 0,0 | 1,0 |
| Subtración de obxectos en vehículo (radio, bolso, maletas,...) | 5,4 | 8,9 | 12,6 |
| Roubo de vehículo | 3,8 | 1,7 | 2,1 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Estafa ou timo | 3,8 | 0,0 | 0,0 |
| Ameazas ou intimidacións | 2,9 | 0,4 | 0,3 |
| Agresión persoal (non sexual) | 5,1 | 7,8 | 2,8 |
| Agresión sexual | 3,4 | 1,6 | 1,0 |
| Actos de vandalismo | 2,6 | 0,1 | 0,0 |
| Abusos ou coaccións por parte de axentes da autoridade | 2,4 | 0,0 | 0,0 |

### Terceiro lugar

| | Rural | Semiurbana | Urbana |
|---|---|---|---|
| Atraco (roubo con violencia ou ameaza) | 10,2 | 13,2 | 10,8 |
| Roubo de bolso, carteira | 22,2 | 21,3 | 27,6 |
| Tirón | 4,7 | 5,1 | 6,3 |
| Roubo en vivenda ou local | 10,3 | 9,1 | 1,0 |
| Roubo en explotación agropecuaria | 0,9 | 0,3 | 0,0 |
| Subtración de obxectos en vehículo (radio, bolso, maletas,...) | 18,3 | 20,0 | 32,5 |
| Roubo de vehículo | 5,7 | 6,4 | 16,8 |
| Estafa ou timo | 5,4 | 1,0 | 0,3 |
| Ameazas ou intimidacións | 3,5 | 2,7 | 0,7 |
| Agresión persoal (non sexual) | 6,3 | 14,3 | 3,8 |
| Agresión sexual | 4,0 | 2,8 | 0,0 |
| Actos de vandalismo | 4,5 | 3,8 | 0,0 |
| Abusos ou coaccións por parte de axentes da autoridade | 3,8 | 0,0 | 0,0 |

## *6. Situacións máis frecuentes na zona de residencia.*

### Venda de drogas a pequena escala

| | Rural | Semiurbana | Urbana |
|---|---|---|---|
| Moita frecuencia | 6,4 | 14,5 | 5,9 |
| Con bastante frecuencia | 36,7 | 59,9 | 60,5 |
| Con pouca frecuencia | 30,3 | 17,6 | 18,9 |
| Nunca | 7,2 | 1,0 | 0,0 |
| Ns/Nr | 19,4 | 7,1 | 14,7 |

### Prostitución

| | Rural | Semiurbana | Urbana |
|---|---|---|---|
| Moita frecuencia | 3,6 | 0,3 | 0,3 |
| Con bastante frecuencia | 13,8 | 3,5 | 14,7 |
| Con pouca frecuencia | 35,2 | 59,0 | 54,9 |
| Nunca | 25,8 | 20,1 | 13,6 |
| Ns/Nr | 21,6 | 17,0 | 16,4 |

### Actos de vandalismo

| | Rural | Semiurbana | Urbana |
|---|---|---|---|
| Moita frecuencia | 4,7 | 4,3 | 2,1 |
| Con bastante frecuencia | 29,2 | 57,2 | 64,7 |
| Con pouca frecuencia | 47,3 | 34,3 | 24,5 |
| Nunca | 8,1 | 1,8 | 1,4 |
| Ns/Nr | 10,7 | 2,4 | 7,3 |

### Venda de alcool a menores

| | Rural | Semiurbana | Urbana |
|---|---|---|---|
| Moita frecuencia | 9,1 | 5,8 | 1,7 |
| Con bastante frecuencia | 36,1 | 56,0 | 57,0 |
| Con pouca frecuencia | 23,3 | 21,8 | 19,2 |
| Nunca | 10,6 | 3,7 | 4,2 |
| Ns/Nr | 20,8 | 12,6 | 17,8 |

### Discriminación racial

| | Rural | Semiurbana | Urbana |
|---|---|---|---|
| Moita frecuencia | 2,4 | 3,3 | 0,3 |
| Con bastante frecuencia | 11,2 | 7,0 | 11,2 |
| Con pouca frecuencia | 42,6 | 69,6 | 66,1 |
| Nunca | 22,9 | 9,4 | 8,7 |
| Ns/Nr | 20,8 | 10,8 | 13,6 |

### Suxidade, falta de salubridade pública

| | Rural | Semiurbana | Urbana |
|---|---|---|---|
| Moita frecuencia | 3,8 | 0,4 | 0,3 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Con bastante frecuencia | 20,4 | 6,2 | 9,1 |
| Con pouca frecuencia | 46,4 | 73,2 | 64,7 |
| Nunca | 18,9 | 13,2 | 16,1 |
| Ns/Nr | 10,4 | 7,0 | 9,8 |

**Ruídos ou problemas producidos por bares, discotecas,...**

| | Rural | Semiurbana | Urbana |
|---|---|---|---|
| Moita frecuencia | 4,2 | 1,8 | 0,3 |
| Con bastante frecuencia | 28,0 | 7,8 | 10,8 |
| Con pouca frecuencia | 43,7 | 68,5 | 58,4 |
| Nunca | 14,0 | 14,2 | 19,6 |
| Ns/Nr | 10,1 | 7,7 | 10,8 |

**Mendicidade de menores**

| | Rural | Semiurbana | Urbana |
|---|---|---|---|
| Moita frecuencia | 0,7 | 0,0 | 0,3 |
| Con bastante frecuencia | 5,5 | 1,4 | 4,9 |
| Con pouca frecuencia | 32,6 | 44,8 | 45,5 |
| Nunca | 37,2 | 35,0 | 38,1 |
| Ns/Nr | 24,0 | 18,7 | 11,2 |

**Escándalos e pelexas na rúa**

| | Rural | Semiurbana | Urbana |
|---|---|---|---|
| Moita frecuencia | 3,6 | 3,5 | 0,7 |
| Con bastante frecuencia | 31,9 | 57,7 | 68,5 |
| Con pouca frecuencia | 44,1 | 36,6 | 24,5 |
| Nunca | 11,1 | 0,7 | 0,0 |
| Ns/Nr | 9,3 | 1,4 | 6,3 |

## *7. Medidas para sentirse máis seguro*

| | Zona urbana | Zona semiurbana | Zona rural |
|---|---|---|---|
| Non levar moito diñeiro en cima | 79,4 | 90,1 | 91,3 |
| Procurar non saír só de noite | 68,8 | 92,1 | 90,2 |
| Evitar camiñar por zonas afastadas ou por lugares que considera perigosos | 79,7 | 97,9 | 98,3 |
| Levar algún arma ou obxecto defensivo | 3,0 | 2,1 | 0,7 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| No levar xoias ou obxectos valiosos á vista | 59,2 | 72,3 | 57,3 |
| Instalar un alarme no domicilio | 22,3 | 13,6 | 23,8 |
| Instalar reixas no seu domicilio | 7,2 | 8,7 | 20,3 |
| Evitar os estacionamentos escuros e mal vixiados | 60,7 | 57,9 | 68,9 |
| No deixar obxectos á vista no coche | 68,9 | 58,3 | 71,3 |
| Evitar formas de vestir provocativas ou atrevidas | 15,2 | 10,5 | 5,2 |
| Ter un arma en casa | 3,2 | 5,1 | 3,5 |

## *8. Principais causas da delincuencia en Vigo*

| | Zona urbana | Zona semiurbana | Zona rural |
|---|---|---|---|
| O consumo de drogas | 20,3 | 10,6 | 1,0 |
| A pobreza e as desigualdades sociais | 47,5 | 60,1 | 67,8 |
| O desemprego | 42,1 | 21,1 | 19,9 |
| A perda dos valores tradicionais | 7,3 | 0,9 | 1,0 |
| A pouca eficacia policial | 4,5 | 3,4 | 1,0 |
| As carencias afectivas na familia | 5,3 | 4,5 | 1,7 |
| A pouca dureza das penas | 20,3 | 48,4 | 46,2 |
| La escaseza de medios da Policía | 2,7 | 1,1 | 0,0 |
| O mal funcionamento da xustiza | 11,5 | 5,8 | 2,4 |
| Ns/Nr | 15,6 | 19,3 | 26,9 |

## *9. Tipoloxía de vitimización no entorno persoal*
(% de persoas cuxo entorno persoal foi vítima dalgún delito no último ano)

| | Zona urbana | Zona semiurbana | Zona rural |
|---|---|---|---|
| Atraco (roubo con violencia ou ameaza) | 5,8 | 2,4 | 0,0 |
| Roubo de bolso, carteira | 21,5 | 14,5 | 14,4 |
| Tirón | 13,6 | 7,5 | 8,0 |
| Roubo en vivenda ou local | 17,6 | 9,6 | 5,5 |
| Roubo en explotación agropecuaria | 3,5 | 0,2 | 0,0 |
| Subtración de obxectos en vehículo (radio, | 21,9 | 14,5 | 9,0 |
| Roubo de vehículo | 3,0 | 0,9 | 1,0 |
| Estafa ou timo | 24,9 | 11,9 | 10,9 |
| Ameazas ou intimidacións | 10,3 | 6,6 | 2,5 |
| Agresión persoal (non sexual) | 3,9 | 1,6 | 1,5 |
| Agresión sexual | 0,8 | 0,3 | 1,0 |
| Actos de vandalismo | 17,2 | 11,9 | 8,5 |
| Abusos ou coaccións por parte de axentes da autoridade | 6,5 | 0,3 | 0,0 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Vitimización | 89,2 | 81,3 | 70,3 |

### *10. Propensión subxectiva a ser vítima dun delito*

| | Rural | Semiurbana | Urbana |
|---|---|---|---|
| Si | 6,2 | 5,4 | 9,4 |
| Non | 90,7 | 93,5 | 89,5 |
| Ns/Nr | 3,1 | 1,1 | 1,0 |

### *11. Taxa de vitimización persoal no último año*
(% de persoas que sofreron algún delito no último ano)

| | Rural | Semiurbana | Urbana |
|---|---|---|---|
| Si | 24,2 | 31,3 | 20,3 |
| Non | 73,8 | 67,7 | 79,4 |
| Ns/Nr | 1,9 | 1,0 | 0,3 |

### *12. Tipoloxía de vitimización persoal*

| | Zona urbana | Zona semiurbana | Zona rural |
|---|---|---|---|
| Atraco (roubo con violencia ou ameaza) | 1,7 | 0,0 | 0,0 |
| Roubo de bolso, carteira | 15,3 | 15,8 | 32,8 |
| Tirón | 11,6 | 5,4 | 3,4 |
| Roubo en vivenda ou local | 11,6 | 3,6 | 3,4 |
| Roubo en explotación agropecuaria | 1,2 | 0,0 | 0,0 |
| Subtración de obxectos en vehículo (radio, bolso, maletas,...) | 14,5 | 12,2 | 10,3 |
| Roubo de vehículo | 0,4 | 0,0 | 0,0 |
| Estafa ou timo | 26,9 | 18,6 | 12,1 |
| Ameazas ou intimidacións | 5,4 | 20,4 | 6,9 |
| Agresión persoal (non sexual) | 0,8 | 0,5 | 0,0 |
| Agresión sexual | 0,0 | 0,5 | 0,0 |
| Actos de vandalismo | 15,7 | 28,5 | 31,0 |
| Abusos ou coaccións por parte de axentes da autoridade | 0,8 | 0,0 | 0,0 |
| Ns/Nr | 0,4 | 0,0 | 0,0 |

## *13. Taxa de denuncia*

| | Zona urbana | Zona semiurbana | Zona rural |
|---|---|---|---|
| Si | 36,8 | 28,5 | 34,5 |
| Non | 62,8 | 69,2 | 63,8 |
| Ns/Nr | 0,4 | 2,3 | 1,7 |

## *14. Motivos polos que non se denunciou*

| | Zona urbana | Zona semiurbana | Zona rural |
|---|---|---|---|
| Por comodidade/preguiza | 3,9 | 3,9 | 8,1 |
| Por medo | 2,0 | 1,3 | 0,0 |
| Porque non serve para nada | 66,4 | 67,3 | 67,6 |
| Para evitarme molestias | 7,2 | 5,9 | 5,4 |
| Non tiña importancia | 11,2 | 11,1 | 5,4 |
| Foi denuncialo, mais convencérono de non o facer | 3,9 | 2,6 | 2,7 |
| Ns/Nr | 5,3 | 7,8 | 10,8 |

## *15. Instancia de denuncia*

| | Zona urbana | Zona semiurbana | Zona rural |
|---|---|---|---|
| Policía Nacional | 20,2 | 9,5 | 0,0 |
| Policía Local | 42,7 | 61,9 | 90,0 |
| Guardia Civil | 9,0 | 0,0 | 0,0 |
| Policía Autonómica | 0,0 | 0,0 | 0,0 |
| No xulgado | 9,0 | 9,5 | 5,0 |
| Ns/Nr | 19,1 | 19,0 | 5,0 |

## *16. Motivación da escolla do organismo de denuncia*

| | Zona urbana | Zona semiurbana | Zona rural |
|---|---|---|---|
| Porque cría que era onde había que facelo | 59,6 | 61,9 | 80,0 |
| Porque me inspiraba máis confianza | 9,0 | 9,5 | 0,0 |
| Porque non había outro sitio onde presentar a denuncia | 0,0 | 0,0 | 0,0 |
| Porque me resultaba máis cómodo | 5,6 | 3,2 | 0,0 |
| Outro | 12,4 | 3,2 | 5,0 |
| Ns/Nr | 13,5 | 22,2 | 15,0 |

## *17. Seguimento da denuncia presentada*

| | Zona urbana | Zona semiurbana | Zona rural |
|---|---|---|---|
| Si | 49,4 | 25,4 | 15,0 |
| Non | 33,7 | 52,4 | 75,0 |
| Ns/Nr | 16,9 | 22,2 | 10,0 |

## *18. Vitimización en grao de tentativa*

(% de persoas que sofreron nos últimos anos algunha tentativa de delito)

| | Zona urbana | Zona semiurbana | Zona rural |
|---|---|---|---|
| Si | 14,8 | 9,8 | 6,3 |
| Non | 58,4 | 49,8 | 69,6 |
| Ns/Nr | 26,8 | 40,4 | 24,1 |

## *19. Modo de evitar unha tentativa de delito*

| | Zona urbana | Zona semiurbana | Zona rural |
|---|---|---|---|
| Botou a correr fuxindo | 8,1 | 27,5 | 61,1 |
| Encarando os agresores, defendéndose | 4,7 | 2,9 | 0,0 |
| Berrando, pedindo axuda | 12,8 | 11,6 | 5,6 |
| Dialogando, persuadindo os delincuentes | 3,4 | 0,0 | 0,0 |
| Coa axuda doutras persoas presentes | 9,5 | 29,0 | 22,2 |
| Coa intervención da Policía ou corpos de seguranza | 4,1 | 2,9 | 5,6 |
| Coa intervención dalgún vixiante de seguranza privada | 2,7 | 0,0 | 0,0 |
| Dándose conta a tempo e evitándoo | 44,6 | 21,7 | 5,6 |
| Pondo en marcha sistemas de seguranza | 9,5 | 2,9 | 0,0 |
| Outras medidas | 0,7 | 1,4 | 0,0 |

## *20. Problemática das drogas en Vigo*

| | Zona urbana | Zona semiurbana | Zona rural |
|---|---|---|---|
| Moi grave | 8,3 | 4,5 | 1,4 |
| Bastante grave | 64,7 | 67,8 | 65,4 |
| Leve | 16,3 | 14,0 | 8,4 |
| Non son problema | 5,2 | 0,7 | 1,0 |
| Ns/Nr | 5,4 | 12,9 | 23,8 |

## 21. Delincuencia relacionada coas drogas en Vigo

| | Zona urbana | Zona semiurbana | Zona rural |
|---|---|---|---|
| Moi grave | 10,8 | 5,0 | 1,4 |
| Bastante grave | 64,2 | 64,8 | 65,7 |
| Leve | 16,5 | 14,8 | 8,0 |
| No son problema | 2,0 | 0,9 | 1,0 |
| Ns/Nr | 6,4 | 14,6 | 23,8 |

## 22. Uso dos servizos telefónicos de emerxencia

| | Zona urbana | Zona semiurbana | Zona rural |
|---|---|---|---|
| Si | 28,8 | 36,7 | 34,3 |
| Non | 67,8 | 61,4 | 63,3 |
| Ns/Nr | 3,4 | 1,8 | 2,4 |

## 23. Motivos das chamadas de emerxencia

| | Zona urbana | Zona semiurbana | Zona rural |
|---|---|---|---|
| Denuncia telefónica | 9,4 | 1,9 | 2,0 |
| Queixa contra veciños | 5,9 | 1,9 | 5,1 |
| Aviso de venda de droga | 1,4 | 1,2 | 1,0 |
| Aviso de brigas na rúa | 1,4 | 6,2 | 4,1 |
| Aviso de fogo | 3,1 | 5,4 | 11,2 |
| Queixa por ruídos na rúa | 8,0 | 6,9 | 2,0 |
| Queixa por ruídos en establecementos públicos | 4,5 | 3,5 | 1,0 |
| Por ter sofrido unha agresión | 0,3 | 1,5 | 0,0 |
| Por ter sofrido un roubo | 7,3 | 3,5 | 4,1 |
| Aviso de acto vandálico | 3,8 | 8,5 | 11,2 |
| Para solicitar información (DNI, tráfego,...) | 8,7 | 10,0 | 5,1 |
| Por un acidente de tráfego | 3,8 | 10,8 | 11,2 |
| Por unha urxencia médica | 20,9 | 20,5 | 26,5 |
| Por outras causas | 16,0 | 15,8 | 14,3 |
| Ns/Nr | 5,2 | 2,3 | 1,0 |

## 24. Satisfacción cos servizos telefónicos de emerxencia

| | Zona urbana | Zona semiurbana | Zona rural |
|---|---|---|---|
| Moi satisfeito | 11,8 | 15,4 | 15,3 |
| Bastante satisfeito | 40,1 | 44,4 | 43,9 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Pouco satisfeito | 18,5 | 12,7 | 16,3 |
| Nada satisfeito | 20,2 | 13,5 | 14,3 |
| Ns/Nr | 9,4 | 13,9 | 10,2 |

## *25. Eficacia das forzas de seguranza*

### A protección da cidadanía

| | Zona urbana | Zona semiurbana | Zona rural |
|---|---|---|---|
| Guardia Civil | 21,4 | 17,4 | 33,6 |
| Policía Nacional | 15,1 | 10,6 | 17,8 |
| Policía Municipal | 12,5 | 5,5 | 3,1 |
| Policía Autonómica | 0,7 | 4,1 | 1,4 |
| Ningunha | 4,6 | 1,1 | 0,7 |
| Todas | 32,6 | 50,4 | 39,2 |
| Ns/Nr | 13,0 | 10,8 | 4,2 |

### A prevención das desordes públicas

| | Zona urbana | Zona semiurbana | Zona rural |
|---|---|---|---|
| Guardia Civil | 6,0 | 2,6 | 7,7 |
| Policía Nacional | 29,9 | 33,0 | 45,1 |
| Policía Municipal | 14,0 | 2,3 | 1,4 |
| Policía Autonómica | 1,0 | 0,9 | 1,0 |
| Ningunha | 4,3 | 1,0 | 1,0 |
| Todas | 32,1 | 49,4 | 39,5 |
| Ns/Nr | 12,7 | 10,9 | 4,2 |

### A prevención da delincuencia

| | Zona urbana | Zona semiurbana | Zona rural |
|---|---|---|---|
| Guardia Civil | 6,8 | 20,1 | 13,3 |
| Policía Nacional | 20,5 | 2,0 | 28,0 |
| Policía Municipal | 10,6 | 5,5 | 7,0 |
| Policía Autonómica | 2,8 | 5,8 | 6,3 |
| Ningunha | 5,1 | 1,6 | 1,0 |
| Todas | 40,4 | 53,6 | 39,9 |
| Ns/Nr | 13,7 | 11,3 | 4,5 |

## A persecución do delito

| | Zona urbana | Zona semiurbana | Zona rural |
|---|---|---|---|
| Guardia Civil | 13,7 | 19,4 | 14,0 |
| Policía Nacional | 17,6 | 1,4 | 23,4 |
| Policía Municipal | 6,5 | 5,4 | 10,1 |
| Policía Autonómica | 2,7 | 7,1 | 7,0 |
| Ningunha | 4,0 | 1,3 | 1,0 |
| Todas | 41,1 | 54,2 | 39,9 |
| Ns/Nr | 14,3 | 11,2 | 4,5 |

## A atención ás vítimas dos delitos

| | Zona urbana | Zona semiurbana | Zona rural |
|---|---|---|---|
| Guardia Civil | 4,8 | 1,1 | 0,3 |
| Policía Nacional | 14,4 | 0,7 | 2,1 |
| Policía Municipal | 21,1 | 30,4 | 52,8 |
| Policía Autonómica | 0,3 | 1,3 | 0,0 |
| Ningunha | 4,8 | 1,0 | 0,7 |
| Todas | 40,9 | 54,6 | 39,9 |
| Ns/Nr | 13,6 | 10,9 | 4,2 |

## A prestación de auxilio en caso de necesidade

| | Zona urbana | Zona semiurbana | Zona rural |
|---|---|---|---|
| Guardia Civil | 3,8 | 0,7 | 0,0 |
| Policía Nacional | 13,3 | 0,1 | 2,1 |
| Policía Municipal | 20,5 | 23,0 | 40,9 |
| Policía Autonómica | 0,6 | 1,0 | 0,0 |
| Ningunha | 4,8 | 1,0 | 0,7 |
| Todas | 43,7 | 63,3 | 50,3 |
| Ns/Nr | 13,2 | 10,9 | 5,9 |

# PARTE III

## TENDENCIAS OBSERVADAS DA ENCUESTA Á CIDADANÍA VIGUESA

### 1. PERFIL DAS PERSOAS ENTREVISTADAS

***Xénero***

Segundo o Censo Municipal, é superior a proporción de mulleres (53,3%) que de homes (46,7%), circunstancia común a todas as zonas e distritos do municipio, sen mostrar relacións de significancia estatística.

Por grupos de idade, as mulleres son maioritarias en todos os tramos analisados. Mentres que a maior proporción de mulleres se acha nas persoas con máis de 75 anos (65,6% de mulleres contra 34,4% de homes), a menor proporción de persoas de xénero feminino prodúcese no grupo de menor idade (50,5%).

Sen existir diferenzas significativas, por zonas, na rural residen máis mulleres que homes (54,4% contra 45,6%). Ao contrario, a maior proporción de homes concéntrase na semiurbana (47,8%).

***Idade***

A maioría da poboación inquirida (64,7%) encádrase nos tramos de idade comprendidos entre os 18 e 54 anos (27,7% entre os 18-34 e 37,0% entre 35-54 anos). O tramo de idade con máis de 75 anos representa o 9,8% da poboación viguesa entrevistada.

Por zonas, non existen relacións de significancia estatística.

***Situación sociolaboral***

Un 31% das persoas inquiridas considérase traballador/a activo que realiza traballos remunerados. O resto da poboación distribúese entre persoas desempregadas (28,2%), que realizan traballos non remunerados (15,9%), xubilados/pensionistas (14,8%) e estudantes (10,1%).

Por xénero, os homes predominan entre os pensionistas (63,6%), desempregados na procura do primeiro emprego (65,9%), desempregados que traballaron antes (54,5%)

e traballadores activos (53,8%). En troca, as mulleres son maioría entre as persoas que realizan traballos non remunerados (98,1%) e estudantes (56,0%).

A maioría de desempregados (85,5%) áchase no desemprego logo de traballar previamente. O 92,7% dos desempregados que procuran o primeiro emprego son de idade inferior aos 34 anos, alcanzando o 6,1% as persoas comprendidas entre 35-54 anos que nunca traballaron antes. Entre os desempregados que traballaron antes predominan as persoas comprendidas entre 35-54 anos (59,3%) e as menores de 34 anos (26,9%).

A situación sociolaboral prominente das persoas máis novas é a de desempregado (37,3%), seguida pola de estudante (35,1%) e traballador activo (26,7%). Case a maioría das persoas comprendidas entre 35-54 anos son traballadores activos (48,5%), un 39,3% son desempregados e un 10,9% persoas que realizan traballos non remunerados. A situación de xubilado/pensionista é a predominante nos comprendidos entre 55-74 anos (32,3%) e nos que teñen máis de 75 (63,6%).

Por zonas, a proporción de traballadores activos oscila entre o 38,1% da zona rural ao 29,7% da urbana. A porcentaxe de parados sitúase entre o 26,1% da rural, 26,8% da urbana e o 30,8% da semiurbana. As zonas urbana e semiurbana (10,8% e 10,1%, respectivamente) presentan unha poboación de estudantes superior á dos que habitan a zona rural (7,3%). A maior proporción de xubilados/pensionistas (16,2%) e de persoas que realizan traballos non remunerados (16,4%) áchase na zona urbana.

## 2. ANÁLISE DOS RESULTADOS DA ENQUISA

### 1. Satisfación co nivel de seguranza cidadá no municipio de Vigo

#### *1.1 Media de satisfacción*

A cidadanía inquirida referiu o seu nivel de satisfacción coa seguranza cidadá nunha escala de valoración cuantitativa de 0 a 10 (excluído o 5) no que a nota 0 significa insatisfación total e 10 satisfación total.

*a) Satisfacción coa seguranza cidadá existente no municipio de Vigo*

A satisfacción da cidadanía inquirida co nivel de seguranza cidadá existente no municipio de Vigo é do 6,34.

Por zonas, a cidadanía residente na zona urbana (6,38) mostrouse máis satisfeita con este parámetro do que a residente na zona rural (6,34) e semiurbana (6,29).

Por xéneros, a satisfacción manifestada polos homes (6,41) supera á das mulleres (6,28).

Por grupo de idade, o grao de satisfacción diminúe coa idade, que varía desde o 6,50 nos máis novos, ao 6,32 entre os comprendidos entre 35-54 anos, 6,23 na franxa de 55-74 e 6,24 nos que teñen máis de 75.

*b) Satisfacción coa seguranza cidadá existente na zona de residencia*

No caso da zona de residencia, o nivel de satisfacción coa seguranza cidadá é máis elevado, alcanzando un valor medio de 6,79.

Por zonas de residencia, a satisfacción da zona urbana (7,00) é superior á da semiurbana (6,60) e rural (6,50).

Por xéneros, a satisfacción coa zona de residencia expresada polos homes (6,88) é superior á mostrada polas mulleres (6,71).

Por grupo de idade a satisfacción diminúe coa idade, que varía, de novo, entre os grupos de idade desde o 6,99 nos máis novos, 6,82 nos comprendidos entre 35-54, 6,59 na franxa de 55-74 e, finalmente, 6,63 nos que teñen máis de 75 anos.

### *1.2 Escala de satisfación*

Para determinar a satisfación cidadá de forma cualitativa, as respostas cuantitativas foron recodificadas segundo as recomendacións determinadas pola UE. Así sendo, as notas 0, 1 e 2 foron asimiladas como "moi insatisfeito", 3 e 4 como "insatisfeito", 6 e 7 como "satisfeito" e 8, 9 e 10 como "moi satisfeito". En base a estes criterios obtivéronse os seguintes resultados.

*a) Satisfación coa seguranza cidadá existente no municipio de Vigo*

A inmensa maioría das persoas inquiridas (95,6%) está satisfeita (expresada como suma de "moi satisfeita" e "satisfeita") coa seguranza cidadá existente.

| | Moi insatisfeito | Insatisfeito | Satisfeito | Moi satisfeito |
|---|---:|---:|---:|---:|
| Rural | 0,0 | 0,0 | 97,2 | 2,8 |
| Semiurbana | 0,4 | 1,0 | 92,4 | 6,1 |
| Urbana | 0,9 | 7,3 | 69,6 | 22,2 |
| GLOBAL | 0,6 | 3,8 | 82,4 | 13,2 |

A satisfación na zona evolúe desde o 100% dos inquiridos na rural, 98,5% na semiurbana e desce ao 91,8% na urbana.

A seguinte tabela mostra a escala de satisfación por xéneros, grupo de idade e situación sociolaboral:

| | Moi insatisfeito | Insatisfeito | Satisfeito | Moi satisfeito |
|---|---|---|---|---|
| Xénero: | | | | |
| Home | 0,6 | 3,2 | 84,0 | 12,2 |
| Muller | 0,6 | 4,4 | 80,9 | 14,1 |
| Idade: | | | | |
| 18-34 | 0,4 | 3,3 | 80,7 | 15,6 |
| 34-54 | 0,4 | 4,0 | 83,3 | 12,3 |
| 55-74 | 0,9 | 4,1 | 83,9 | 11,1 |
| ≥75 | 1,1 | 4,0 | 79,9 | 16,0 |
| Situación laboral: | | | | |
| Estudante | 0,5 | 5,4 | 61,3 | 32,8 |
| Desempregado que procura o primeiro emprego | 0,0 | 0,0 | 89,2 | 10,8 |
| Desempregado con traballo anterior | 0,9 | 4,6 | 85,0 | 9,6 |
| Traballador activo | 0,0 | 1,9 | 82,1 | 16,0 |
| Traballo non remunerado | 1,1 | 6,4 | 83,6 | 92,5 |
| Xubilado/pensionista | 1,1 | 4,1 | 79,2 | 94,8 |

Non se producen diferenzas significativas entre homes e mulleres, mostrándose máis satisfeitos os primeiros (96,2%) que as segundas (95,0%), sendo practicamente idéntica a satisfacción con relación á zona de residencia (98,5% no caso dos homes e 98,6% no das mulleres).

Por idades, o 96,3% dos menores de 34 anos están satisfeitos coa seguridade xeral existente no municipio, sendo os comprendidos entre 55-74 e con máis de 75 os menos satisfeitos (95,0% e 95,9%).

*b) Satisfacción coa seguranza cidadá existente na zona de residencia*

O 98,5% da cidadanía viguesa inquirida está satisfeita coa seguranza cidadá existente na súa zona de residencia.

| | Moi insatisfeito | Insatisfeito | Satisfeito | Moi satisfeito |
|---|---|---|---|---|
| Rural | 0,0 | 0,0 | 94,8 | 5,2 |
| Semiurbana | 0,0 | 0,3 | 90,2 | 9,5 |
| Urbana | 0,4 | 2,5 | 62,8 | 34,4 |
| Global | 0,2 | 1,3 | 77,5 | 21,0 |

Por zonas, a totalidade (100,0%) de las persoas residentes na rural móstranse máis satisfeitos coa súa zona de residencia, seguida polas da semiurbana (99,7%) e urbana (97,2%).

A seguir móstrase a escala de satisfacción por xénero, grupo de idade e situación sociolaboral:

| | Moi insatisfeito | Insatisfeito | Satisfeito | Moi satisfeito |
|---|---|---|---|---|
| Xénero: | | | | |
| Home | 0,0 | 1,5 | 76,4 | 22,1 |
| Muller | 0,4 | 1,1 | 78,5 | 20,1 |
| Idade: | | | | |
| 18-34 | 0,0 | 0,9 | 73,6 | 25,5 |
| 34-54 | 0,1 | 1,4 | 77,5 | 21,0 |
| 55-74 | 0,6 | 2,1 | 80,6 | 16,7 |
| ≥75 | 0,0 | 0,0 | 80,4 | 19,6 |
| Situación laboral: | | | | |
| Estudante | 0,0 | 2,0 | 71,6 | 26,4 |
| Desempregado que procura o primeiro emprego | 0,0 | 0,0 | 75,3 | 24,7 |
| Desempregado con traballo anterior | 0,4 | 1,3 | 80,5 | 17,8 |
| Traballador activo | 0,0 | 0,8 | 74,8 | 24,4 |
| Traballo non remunerado | 0,3 | 1,7 | 83,4 | 14,6 |
| Xubilado/pensionista | 0,3 | 1,8 | 76,5 | 21,4 |
| GLOBAL | 0,2 | 1,3 | 77,5 | 21,0 |

Por xéneros, é moito similar o nivel de satisfacción de homes (98,5%) e mulleres (98,6%). Por idades, a totalidade dos que teñen máis de75 anos están satisfeitos coa súa zona de residencia mentres que os comprendidos entre 55-74 anos son os menos satisfeitos (97,3%).

### *1.3 Evolución da satisfación coa seguranza cidadá no municipio de Vigo 2003-2013:*

a) Media de satisfacción

| | Media |
|---|---|
| 2013 | 6,34 |
| 2011 | 6,56 |

b) Escala de satisfacción

| | Moi insatisfeito | Insatisfeito | Satisfeito | Moi satisfeito | Ns/Nr |
|---|---|---|---|---|---|
| 2003 | 21,0 | 28,0 | 40,3 | 8,4 | 2,3 |
| 2007 | 12,7 | 25,0 | 48,1 | 12,5 | 1,7 |
| 2009 | 15,2 | 19,6 | 52,2 | 12,4 | 0,7 |
| 2011 | 1,9 | 10,6 | 62,1 | 24,7 | 0,7 |
| 2013 | 0,6 | 3,8 | 82,4 | 13,2 | 0,0 |

Tal como se pode observar na tabela anterior, o índice de satisfación da cidadanía viguesa entrevistada co nivel de seguranza cidadá existente no municipio aumenta en cada unha das enquisas realizadas desde hai dez anos. En xeral, pasouse dun índice de satisfación do 48,7% en 2003 ao 95,6% do presente estudo. Ora ben, se, como coñecemos, este incremento do nivel de satisfacción estaba até agora asociado ao dos dous componentes que o integran (moi satisfeito e satisfeito), na última enquisa obsérvase que, aínda que aumenta o nivel global de satisfación, diminúe a componente "moi satisfeito" con relación á enquisa de 2011, que se reduce á metade, dun 24,7% descende ao 13,2%.

### *1.4 Evolución da satisfacción coa seguranza cidadá na zona de residencia 2011-13:*

a) Media de satisfacción

| | Media |
|---|---|
| 2013 | 6,79 |
| 2011 | 6,86 |

b) Escala de satisfacción

Desta variábel, a Oficina do Valedor do Cidadán só posúe datos de dúas series: 2011 e 2013. Como se pode observar na seguinte tabela, o nivel de satisfación (suma de satisfeito e moi satisfeito) aumenta. Ao pasar do 89,1% ao 98,5%, aínda que se reduce a proporción de persoas inquiridas que manifestan estar "moi satisfeitas" coa seguranza cidadá existente na súa zona de residencia (que pasa do 34,6% ao 21,0%).

| | Moi insatisfeito | Insatisfeito | Satisfeito | Moi satisfeito | Ns/Nr |
|---|---|---|---|---|---|
| 2011 | 2,0 | 8,7 | 54,5 | 34,6 | 0,2 |
| 2013 | 0,2 | 1,3 | 77,5 | 21,0 | 0,0 |

Como no estudo precedente, o nivel de satisfación coa seguranza cidadá existente no lugar de residencia (98,5%) supera ao total do municipio de Vigo (95,6%).

## 2. Sensación de seguranza

Atendendo á definición de seguranza proposta no cuestionario, que se resume en entender o futuro sen preocupacións ou medos, o 79,9% da cidadanía viguesa inquirida manifestou sentirse bastante (70,6%) ou moi segura (9,3%) contra un 15,9% que manifestou sentirse pouco ou moi insegura (9,3%).

Por zonas, existen diferenzas significativas sobre este parámetro analisado, mostrándose máis seguras as persoas residentes na zona rural (97,2%) que as da urbana (71,04%) e semiurbana (84,9%).

| | Moi segura | Bastante segura | Pouco segura | Moi insegura | Ns/Nr |
|---|---|---|---|---|---|
| Xénero: | | | | | |
| Homes | 10,0 | 71,8 | 14,3 | 1,5 | 2,4 |
| Mulleres | 8,7 | 69,6 | 17,3 | 1,8 | 2,6 |
| Idade: | | | | | |
| 18-34 | 10,5 | 75,3 | 10,9 | 1,8 | 1,5 |
| 35-54 | 8,7 | 73,2 | 14,1 | 0,8 | 3,1 |
| 55-74 | 8,7 | 63,8 | 23,0 | 1,4 | 3,1 |
| ≥75 | 9,7 | 65,1 | 18,5 | 5,1 | 1,5 |
| Situación laboral: | | | | | |
| Desempregado que nunca traballou | 6,1 | 78,0 | 14,6 | 1,2 | 0,0 |
| Desempregado que traballou antes | 6,9 | 72,9 | 16,3 | 1,3 | 2,7 |
| Estudante | 11,5 | 70,5 | 12,5 | 2,5 | 3,0 |
| Traballador activo | 11,3 | 72,8 | 12,3 | 0,8 | 2,8 |
| Traballo non remunerado | 6,9 | 67,2 | 21,1 | 2,8 | 1,9 |
| Xubilado/Pensionista | 2,4 | 63,9 | 20,1 | 2,4 | 2,7 |

Sen presentar diferenzas significativas ($p>0,05$)[5], as mulleres presentan unha percepción de inseguranza (19,1%) superior á dos homes (15,8%). Por grupos de idade é significativa a maior sensación de inseguranza existente entre as persoas con máis idade (24,4%, nos comprendidos entre 55-74 anos e do 23,6% nos que teñen máis de 75) que nos tramos máis novos (12,7% nos que teñen menos de 34 e 14,9% nos comprendidos entre 35-54). Atendendo á súa situación sociolaboral, os colectivos máis vulnerábeis en materia de seguranza son as persoas que realizan traballos non remunerados (23,9%) e os xubilados/pensionistas (22,5%) contra os traballadores en activo (13,1%) e estudantes (15,0%).

## 3. A seguranza cidadá no contexto funcionamento dos servizos públicos

Nun contexto de regresión ou empeoramento do funcionamento dos servizos públicos nos últimos cinco anos, a seguinte tabela mostra a distribución de porcentaxes:

| | Mellorou | Empeorou | Segue igual | Ns/Nr |
|---|---|---|---|---|
| Sanidade pública | 1,0 | 96,0 | 2,7 | 0,3 |
| Ensino público | 1,2 | 94,2 | 3,5 | 1,2 |
| Xustiza | 0,8 | 89,9 | 6,6 | 2,7 |
| Pensións | 0,3 | 94,9 | 2,5 | 2,4 |
| Servicios sociais de asistencia | 4,4 | 88,0 | 4,7 | 2,9 |
| Transporte público | 15,3 | 61,9 | 16,9 | 5,8 |
| Entidades bancarias | 0,6 | 95,6 | 2,5 | 1,3 |

Nunha análise por zonas, na rural existe unanimidade entre a cidadanía entrevistada sobre o empeoramento do servizo que ofrece a sanidade pública, o ensino público, a xustiza e as pensións, percepción que se reduce levemente ao 99,7% no caso dos servizos sociais e entidades bancarias.

Na zona semiurbana a totalidade das persoas inquiridas achan que empeoraron tanto a sanidade como o ensino públicos. No caso da xustiza, pensións e entidades bancarias esa valoración negativa alcanza o 99,4%.

As opinións sobre a evolución experimentada no transporte público, reflicten unha valoración matizada no que se refire á medida na que este servizo empeorou, expresándoo así o 57% das persoas residentes na zona rural, 59,6% que residen na semiurbana e 64,9% na urbana.

Análise por xénero, idade e situación laboral:

5) Coeficiente de correlación de Pearson (p)

Como se pode comprobar nas seguintes tabelas, existe unha percepción negativa xeneralizada sobre a evolución dos servizos públicos, tanto clasificados por xéneros, como por grupo de idade e situación sociolaboral.

Neste caso, a análise das variábeis por grupos de idade limitouse á poboación maior de 25 anos, excluíndo da mesmo a faixa comprendida entre 18-24 anos, pois esta pregunta debía medir a percepción da evolución da sanidade e o ensino públicas nos últimos cinco anos.

Sanidade pública

| | Mellorou | Empeorou | Segue igual |
|---|---|---|---|
| Xénero: | | | |
| Homes | 95,0 | 1,1 | 3,3 |
| Mulleres | 96,8 | 0,9 | 2,2 |
| Idade: | | | |
| 25-34 | 93,6 | 0,7 | 4,5 |
| 35-54 | 97,3 | 0,8 | 1,9 |
| 55-74 | 97,2 | 0,8 | 2,0 |
| ≥75 | 94,4 | 3,1 | 2,6 |
| Situación laboral: | | | |
| Desempregado que nunca traballou | 92,7 | 0,0 | 6,1 |
| Desempregado que traballou antes | 96,7 | 0,8 | 2,5 |
| Estudante | 91,0 | 1,5 | 5,5 |
| Traballador activo | 97,2 | 0,6 | 1,9 |
| Traballo non remunerado | 98,7 | 0,0 | 1,3 |
| Xubilado/Pensionista | 93,5 | 3,1 | 3,4 |

A tendencia xeral non é tan negativa nos grupos máis novos e de máis idade e, en consecuencia, nos xubilados/pensionistas, como nos desempregados na procura do primeiro emprego e estudantes.

Ensino público

| | Mellorou | Empeorou | Segue igual |
|---|---|---|---|
| Xénero: | | | |
| Homes | 93,9 | 1,2 | 3,9 |
| Mulleres | 94,4 | 1,1 | 3,2 |
| Idade: | | | |
| 25-34 | 94,5 | 1,1 | 3,5 |
| 35-54 | 96,3 | 0,4 | 2,7 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| 55-74 | 92,7 | 1,8 | 3,5 |
| ≥75 | 88,7 | 2,6 | 6,7 |
| Situación laboral: | | | |
| Desempregado que nunca traballou | 91,5 | 1,2 | 7,3 |
| Desempregado que traballou antes | 96,5 | 0,6 | 2,5 |
| Estudante | 93,5 | 1,0 | 4,0 |
| Traballador activo | 93,5 | 1,0 | 2,4 |
| Traballo non remunerado | 95,3 | 0,9 | 2,8 |
| Xubilado/Pensionista | 88,1 | 2,7 | 6,8 |

Na valoración deste servizo, a percepción do colectivo de persoas con máis idade non é tan negativa como no resto das faixas de idade analisadas. Especial atención merece a valoración negativa do grupo de idade máis nova.

Xustiza

| | Mellorou | Empeorou | Segue igual |
|---|---|---|---|
| Xénero: | | | |
| Homes | 90,4 | 0,6 | 6,9 |
| Mulleres | 89,4 | 0,9 | 6,3 |
| Idade: | | | |
| 25-34 | 85,5 | 0,4 | 8,9 |
| 35-54 | 92,1 | 0,7 | 5,3 |
| 55-74 | 93,3 | 0,8 | 3,9 |
| ≥75 | 85,1 | 2,6 | 11,8 |
| Situación laboral: | | | |
| Desempregado que nunca traballou | 89,0 | 0,0 | 9,8 |
| Desempregado que traballou antes | 91,0 | 0,8 | 5,6 |
| Estudante | 81,5 | 0,5 | 10,0 |
| Traballador activo | 90,9 | 0,3 | 5,8 |
| Traballo non remunerado | 94,6 | 0,6 | 3,2 |
| Xubilado/Pensionista | 86,7 | 2,4 | 10,2 |

A valoración das persoas novas e de máis idade non é tan negativa como a do resto de grupos de idade. Resulta, confirmando o referido anteriormente, que tanto estudantes como xubilados/pensionistas mostran as menores proporcións de valoración negativa.

### Pensións

| | Mellorou | Empeorou | Segue igual |
|---|---|---|---|
| Xénero: | | | |
| Homes | 94,3 | 0,3 | 3,0 |
| Mulleres | 95,4 | 0,3 | 2,0 |
| Idade: | | | |
| 25-34 | 91,5 | 0,5 | 3,3 |
| 35-54 | 96,3 | 0,3 | 1,9 |
| 55-74 | 95,5 | 0,2 | 2,4 |
| ≥75 | 97,4 | 0,0 | 2,6 |
| Situación laboral: | | | |
| Desempregado que nunca traballou | 90,2 | 0,0 | 7,3 |
| Desempregado que traballou antes | 94,8 | 0,8 | 2,3 |
| Estudante | 88,5 | 0,0 | 3,5 |
| Traballador activo | 95,6 | 0,2 | 1,5 |
| Traballo non remunerado | 97,2 | 0,0 | 2,2 |
| Xubilado/Pensionista | 96,6 | 0,3 | 3,1 |

No caso das pensións, aumenta a percepción negativa da evolución deste servizo público conforme aumenta a idade, que oscila entre un 91,5% dos máis novos ao 97,4% das persoas con máis de 75 anos. Así mesmo, xubilados/pensionistas, como persoas que realizan traballos non remunerados, presentan as valoracións máis negativas.

### Servizos sociais asistenciais

| | Mellorou | Empeorou | Segue igual |
|---|---|---|---|
| Xénero: | | | |
| Homes | 88,9 | 3,8 | 4,8 |
| Mulleres | 87,3 | 4,9 | 4,6 |
| Idade: | | | |
| 25-34 | 86,2 | 3,1 | 5,5 |
| 35-54 | 90,2 | 2,9 | 4,8 |
| 55-74 | 89,2 | 4,9 | 3,7 |
| ≥75 | 82,1 | 12,3 | 5,1 |
| Situación laboral: | | | |
| Desempregado que nunca traballou | 89,0 | 2,4 | 7,3 |
| Desempregado que traballou antes | 90,6 | 2,7 | 4,6 |
| Estudante | 81,0 | 3,5 | 5,0 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Traballador activo | 88,5 | 2,9 | 5,0 |
| Traballo non remunerado | 92,1 | 4,1 | 3,2 |
| Xubilado/Pensionista | 83,0 | 11,6 | 5,1 |

Respectante aos servizos sociais asistenciais, novamente, xovens e persoas con máis idade ofrecen unha valoración menos negativa. As persoas con máis de 75 anos, porén, un 12,3%, referiu que este servizo público tivo unha evolución positiva. En consecuencia, as percepcións máis "indulxentes" coa evolución deste servizo foron as de xubilados/pensionistas, estudantes e traballadores activos.

Entidades bancarias

| | Mellorou | Empeorou | Segue igual |
|---|---|---|---|
| Xénero: | | | |
| Homes | 95,5 | 1,0 | 2,4 |
| Mulleres | 95,8 | 0,2 | 2,6 |
| Idade: | | | |
| 25-34 | 92,0 | 0,5 | 4,7 |
| 35-54 | 96,3 | 0,4 | 2,4 |
| 55-74 | 97,0 | 0,8 | 1,2 |
| ≥75 | 99,5 | 0,5 | 0,0 |
| Situación laboral: | | | |
| Desempregado que nunca traballou | 93,9 | 0,0 | 4,9 |
| Desempregado que traballou antes | 95,6 | 1,0 | 2,7 |
| Estudante | 89,5 | 0,0 | 5,5 |
| Traballador activo | 96,3 | 0,3 | 2,3 |
| Traballo non remunerado | 97,5 | 0,0 | 1,6 |
| Xubilado/Pensionista | 96,6 | 1,4 | 1,0 |

A evolución experimentada na prestación dos servizos bancarias é máis negativa conforme aumenta a idade, pasando do 92,0% dos máis novos ao 99,5% dos que teñen máis de 75 anos. Os xubilados/pensionistas e traballadores activos manifestaron unha maior porcentaxe de valoración negativa.

Transporte público

| | Mellorou | Empeorou | Segue igual |
|---|---|---|---|
| Xénero: | | | |
| Homes | 62,9 | 14,3 | 15,7 |
| Mulleres | 61,0 | 16,2 | 18,0 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Idade: | | | |
| 25-34 | 63,6 | 11,3 | 19,3 |
| 35-54 | 65,9 | 13,6 | 16,0 |
| 55-74 | 61,6 | 15,9 | 15,6 |
| ≥75 | 42,6 | 31,8 | 17,4 |
| Situación laboral: | | | |
| Desempregado que nunca traballou | 69,5 | 9,8 | 17,1 |
| Desempregado que traballou antes | 66,2 | 13,2 | 14,8 |
| Estudante | 60,0 | 12,0 | 23,5 |
| Traballador activo | 64,2 | 13,3 | 16,9 |
| Traballo non remunerado | 59,3 | 19,6 | 13,6 |
| Xubilado/Pensionista | 52,0 | 22,4 | 19,7 |

A valoración sobre a evolución do transporte público presenta un panorama moi diferente á tendencia xeneralizada dos servizos públicos analisados nesta epígrafe da enquisa realizada. Así sendo, case metade (49,2%) das persoas con máis de 75 anos consideran que este servizo mellorou ou segue igual. A valoración máis negativa é a realizada polas persoas cuxas idades están comprendidas entre 35-54 anos (65,9%) e tamén polas máis novas. En consecuencia, os desempregados que procuran o seu primeiro emprego, desempregados e traballadores activos son os grupos sociolaborais que expresan a peor valoración.

## 4. Situacións de inseguranza cidadá

As situacións nas que máis frecuentemente pensan os cidadáns ao ouvir falar de inseguranza cidadá están relacionadas con roubos en domicilios ou locais (49,0%), seguida por atracos ou asaltos con violencia (32,1%) e agresións físicas (26,1%). A maior distancia, sitúanse a venda de droga na rúa (14,9%), a inmigración de estranxeiros e a presenza de inmigrantes estranxeiros (11,2% ambas).

| Situación | % |
|---|---|
| Roubos en domicilios ou locais | 49,0 |
| Atracos ou asaltos con violencia | 32,1 |
| Agresións físicas | 26,1 |
| Venda de droga na rúa | 14,9 |
| Inmigración de estranxeiros | 11,2 |
| Presenza de inmigrantes estranxeiros | 11,2 |
| Roubo de bolso ou carteira | 8,0 |
| Violacións, abusos ou asedios sexuais | 7,5 |

| | |
|---|---|
| Actos de vandalismo | 6,4 |
| Corrupción | 5,6 |
| Intimidacións ou ameazas | 5,4 |
| Fraudes e estafas | 3,7 |
| Terrorismo | 3,6 |
| Roubos de vehículos | 3,2 |
| Mendicidade | 2,9 |
| Tiróns de bolsos | 1,6 |
| Agresións ao ambiente | 0,7 |

Por zonas, existe unanimidade ao identificar o roubo en domicilios e locais como o primeiro problema relacionado coa inseguranza cidadá, oscilando entre 57,7% da zona rural, 50,4% da semiurbana e 45,6% da urbana. En segundo lugar, os residentes das zonas urbana e semiurbana concordan en situar os atracos ou asaltos con violencia (37,1% e 27,8%, respectivamente), contra os da rural (25,5%), o que mostra unha maior sensibilidade ante as agresións físicas (42,7%), duplicando, neste aspecto, aos moradores da zona semiurbana (21,7%) e urbana (24,4%). A identificación da inseguranza coa venda de alcool na rúa alcanza un 25,2% na zona semiurbana contra o 7,0% da rural e 9,9% da urbana. A inseguranza asociada coa inmigración e os estranxeiros presenta maior proporción na área rural (15,0%) e urbana (12,8%) que na semiurbana (7,4%), tendencia que se inverte no caso da presenza de inmigrantes estranxeiros, sendo máis sensíbel, neste caso, as zonas semiurbana (16,7%) e rural (14,3%) que a urbana (6,4%). A identificación da inseguranza cidadá co roubo de bolso ou carteira é maior na semiurbana (11,6%) e rural (9,4%) que na urbana (5,0%).

É de destacar a sensibilidade da poboación a determinados delitos en función da zona de residencia. Así, os habitantes da zona urbana mostráronse máis sensíbeis ás agresións de tipo sexual (13,1%) face o 2% das outras zonas, corrupción (10,5%), terrorismo (7,1%), fraudes e estafas (6,3%) ou tiróns de bolsos (3,1%). De forma similar, os da semiurbana manifestáronse máis sensíbeis perante a mendicidade (5,7%).

Análise por xéneros e grupos de idade

| | Xénero | | Grupo de idade | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Home | Muller | 18-34 | 35-54 | 55-74 | ≥75 |
| Violacións, abusos ou asedios sexuais | 6,8 | 8,2 | 12,7 | 6,7 | 6,1 | 0,0 |
| Agresións físicas | 25,9 | 26,3 | 36,5 | 24,6 | 20,1 | 17,9 |
| Intimidacións e ameazas | 6,3 | 4,6 | 9,5 | 5,3 | 3,1 | 0,0 |
| Roubos en domicilios ou locais | 45,9 | 51,7 | 50,4 | 48,1 | 46,7 | 54,9 |
| Roubos en vehículos | 3,0 | 3,4 | 4,4 | 3,7 | 1,2 | 3,6 |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Tiróns de bolsos | 1,3 | 1,9 | 1,1 | 1,9 | 2,0 | 1,0 |
| Roubo de bolso ou carteira | 6,6 | 9,2 | 6,2 | 8,7 | 6,9 | 13,3 |
| Atracos ou asaltos con violencia | 30,3 | 33,7 | 36,9 | 30,0 | 29,1 | 34,4 |
| Actos de vandalismo | 6,0 | 6,7 | 5,5 | 8,6 | 5,5 | 3,1 |
| Terrorismo | 3,2 | 3,9 | 3,6 | 1,4 | 3,7 | 11,3 |
| Inmigración de estranxeiros | 10,9 | 11,5 | 10,5 | 10,6 | 12,6 | 11,8 |
| Fraudes e estafas | 3,7 | 3,8 | 3,3 | 3,3 | 3,6 | 6,2 |
| Mendicidade | 2,8 | 2,9 | 2,2 | 3,0 | 3,7 | 2,1 |
| Venda de droga na rúa | 14,4 | 15,4 | 11,6 | 16,6 | 14,8 | 18,5 |
| Corrupción | 6,1 | 5,1 | 6,0 | 4,6 | 5,9 | 7,2 |
| Agresións ao ambiente | 0,6 | 0,7 | 0,9 | 0,7 | 0,6 | 0,0 |
| Presenza de inmigrantes estranxeiros | 10,8 | 11,6 | 9,3 | 8,7 | 16,7 | 11,8 |

Por xéneros non existen diferenzas estatisticamente significativas nas respostas dadas por homes e mulleres. No entanto, cabe destacar a maior proporción de mulleres que identifican a inseguranza cidadá con roubos en domicilios ou locais (51,7% contra o 45,9% de homes), ou, co roubo de bolso ou carteira (9,2% contra o 6,6%).

Por grupos de idade as persoas entrevistadas identifican diferentes situacións asociadas ao concepto de inseguranza cidadá. Así, como se pode ver na tabela anterior, as persoas máis novas presentan unha maior sensibilidade perante as agresións físicas (36,5%), agresións de tipo sexual (12,7%) e intimidacións e ameazas (9,5%). As persoas de máis idade mostraron unha maior sensibilidade en relación á venda de droga na rúa (18,5%), o roubo de bolso ou carteira (13,3%) e terrorismo (11,3%). No caso dos atracos ou asaltos con violencia, é similar a sensibilización perante esta problemática na proporción de persoas novas (36,9%) e con máis idade (34,4%) contra a aproximadamente os 30% do resto de grupos de idade. No resto dos delitos analisados non existen diferenzas significativas nas respostas rexistradas.

## 5. Tipoloxía dos delitos máis temidos

Os delitos que máis preocupan ou que máis temen ser vítimas as persoas inquiridas son o roubo en vivenda ou local (43,2%) e o atraco (roubo con violencia ou ameaza) co 37,3%. Nunha segunda instancia, mantense a mesma prioridade co 35,0% e 24,0%, respectivamente, ao que se acrecenta o roubo de bolso ou carteira (14,6%) e a subtración de obxectos en vehículo (7,7%). En terceiro lugar sitúase o roubo de bolso ou carteira (22,7%), o roubo de obxectos en vehículo (21,0%) e o atraco ou roubo con violencia/ameaza (11,4%).

| Delito máis temido | Primeiro lugar | Segundo lugar | Terceiro lugar |
|---|---|---|---|
| Roubo en vivenda ou local | 43,2 | 35,0 | 8,5 |
| Atraco (roubo con violencia ou ameaza) | 37,3 | 24,0 | 11,4 |
| Roubo de bolso ou carteira | 4,7 | 14,6 | 22,7 |
| Agresión sexual | 3,9 | 2,4 | 3,0 |
| Agresión persoal (non sexual) | 3,7 | 5,7 | 8,8 |
| Estafa ou timo | 1,5 | 1,9 | 3,1 |
| Actos de vandalismo | 1,4 | 1,4 | 3,6 |
| Roubo de obxectos en vehículo | 1,2 | 7,7 | 21,0 |
| Abusos ou coaccións por parte de axentes da autoridade | 0,9 | 1,2 | 1,9 |
| Ameazas ou intimidacións | 0,9 | 1,7 | 2,8 |
| Roubo en explotación agropecuaria | 0,2 | 0,6 | 0,6 |
| Tirón | 0,1 | 1,1 | 5,1 |

Na hora de identificar e priorizar a situación delituosa que xera máis preocupación ou temor entre a cidadanía existen diferenzas significativas segundo as zonas analisadas. En particular, a escala de prioridades dos habitantes da zona urbana difire respecto da zona rural ou semiurbana.

Na hora de sinalar a preocupación máis temida, mentres que os residentes da zona rural e semiurbana sinalaron, por orde prioritaria, o roubo de vivenda ou local (73,1% e 46,4%, respectivamente), o atraco/roubo con violencia ou ameaza (21,0% e 37,0%, respectivamente) e o roubo de bolso ou carteira (2,4% e 6,4%, respectivamente), os da urbana situaron en primeiro lugar o atraco/roubo (42,1%) seguida polo roubo en vivenda ou local (32,5%) e a agresión sexual (6,0%).

Con respecto á segunda opción, a única coincidencia prodúcese ao situar en primeiro lugar o roubo en vivenda ou local manifestado polos residentes na zona urbana (36,9%) e semiurbana (37,3%). O resto de prioridades é diverxente. Por un lado, a maioría (50,7%) das persoas residentes na zona rural situaron en primeiro lugar o atraco/roubo con violencia ou ameaza. Polo outro, mentres que os da urbana sitúan o roubo de bolso e carteira en segundo lugar (16,3%), os da semiurbana e rural sitúano en terceiro lugar co 15,9% e 5,2%, respectivamente.

A análise da terceira opción revela un criterio de prioridades similar entre a cidadanía das zonas urbana e semiurbana ao identificar o roubo de bolsa ou carteira (22,2% e 21,3%, respectivamente) e a subtración de obxectos en vehículo (18,3% e 20,0%, respectivamente) en primeiro e segundo lugar de preferencia. Ao contrario, este último delito ocupa o primeiro lugar entre os residentes da rural (32,5%), seguido polo roubo de bolsa ou carteira (27,6%).

Análise por xéneros

| Delito máis temido | Home | | | Muller | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | 2 | 3 | 1 | 2 | 3 |
| Atraco (roubo con violencia ou ameaza) | 39,4 | 22,7 | 10,0 | 35,3 | 25,1 | 12,5 |
| Roubo de bolso ou carteira | 4,5 | 10,8 | 18,1 | 4,9 | 17,9 | 26,7 |
| Tirón | 0,0 | 0,5 | 0,5 | 0,2 | 1,6 | 9,0 |
| Roubo en vivenda ou local | 41,7 | 37,1 | 8,5 | 44,6 | 33,2 | 8,6 |
| Roubo en explotación agropecuaria | 0,3 | 0,5 | 0,5 | 0,1 | 0,6 | 0,6 |
| Subtración de obxectos en vehículo (radio, bolso, maletas,...) | 1,7 | 11,3 | 27,8 | 0,8 | 4,5 | 15,0 |
| Roubo de vehículo | 1,6 | 4,0 | 11,7 | 0,6 | 1,8 | 3,9 |
| Estafa ou timo | 1,9 | 1,8 | 2,5 | 1,1 | 2,0 | 3,7 |
| Ameazas ou intimidacións | 1,1 | 2,5 | 3,3 | 0,7 | 0,9 | 2,4 |
| Agresión persoal (non sexual) | 4,3 | 5,6 | 9,1 | 3,1 | 5,8 | 8,6 |
| Agresión sexual | 0,5 | 0,4 | 0,4 | 6,8 | 4,1 | 5,3 |
| Actos de vandalismo | 1,9 | 1,3 | 5,4 | 0,9 | 1,4 | 2,1 |
| Abusos ou coaccións por parte de axentes da autoridade | 0,9 | 1,4 | 2,0 | 0,9 | 1,0 | 1,8 |

Aínda que con proporcións distintas, homes e mulleres concordan en situar como primeira opción de delito/situación máis temida o roubo en vivenda ou local e o atraco/roubo con violencia ou ameaza. Así sendo, mentres que a proporción de mulleres (44,6%) supera á de homes (41,7%) no primeiro delito, a de homes (39,4%) supera á de mulleres (35,3%) no segundo. Unha análise da segunda opción revela igual xerarquía de homes e mulleres que na primeira opción: roubo en vivenda ou local (37,1% de homes e 44,6% de mulleres) e atraco/roubo con violencia (22,7% de homes e 25,1% de mulleres). Ao contrario, na terceira opción a xerarquía está invertida, temendo os homes en maior medida que as mulleres a subtración de obxectos en vehículo (27,8% contra 15,0%) e as mulleres máis o roubo de bolso ou carteira (26,7% contra 18,1%).

Análise por grupos de idade:

Tal como se mostra nas seguintes tabelas, existen diferenzas significativas nas respostas dadas polos diferentes grupos de idade en que foi segmentada a poboación obxecto do estudo.

| DELITO Máis TEMIDO EN PRIMEIRA OPCIÓN | POR GRUPOS DE IDADE | | | |
|---|---|---|---|---|
| | 18-34 | 35-54 | 55-74 | ≥75 |
| Atraco (roubo con violencia ou ameaza) | 43,6 | 35,2 | 33,7 | 36,4 |
| Roubo de bolso ou carteira | 6,4 | 3,8 | 4,5 | 4,1 |
| Tirón | 0,0 | 0,1 | 0,2 | 0,0 |
| Roubo en vivenda ou local | 28,9 | 47,0 | 51,4 | 48,2 |
| Roubo en explotación agropecuaria | 0,0 | 0,0 | 0,8 | 0,0 |
| Subtración de obxectos en vehículo (radio, bolso, maletas,...) | 2,9 | 1,0 | 0,2 | 0,0 |
| Roubo de vehículo | 1,8 | 1,4 | 0,2 | 0,0 |
| Estafa ou timo | 0,9 | 0,4 | 1,6 | 7,2 |
| Ameazas ou intimidacións | 0,5 | 1,2 | 0,6 | 1,0 |
| Agresión persoal (non sexual) | 5,6 | 2,7 | 3,1 | 3,1 |
| Agresión sexual | 7,1 | 4,6 | 0,8 | 0,0 |
| Actos de vandalismo | 0,7 | 1,8 | 2,2 | 0,0 |
| Abusos ou coaccións por parte de axentes da autoridade | 1,5 | 0,8 | 0,8 | 0,0 |

Unha análise do delito máis temido en primeira opción mostra unha xerarquía distinta entre as persoas máis novas e o resto de grupos. Así sendo, mentres que os menores de 34 sitúan en primeiro lugar o atraco/roubo con violencia (43,6%) seguido do roubo en vivenda ou local (28,9%) como delitos máis temidos, os restantes grupos de idade inverten esta escala de prioridades e temen máis o roubo en vivenda ou local.

| DELITO MÁIS TEMIDO EN SEGUNDA OPCIÓN | POR GRUPOS DE IDADE | | | |
|---|---|---|---|---|
| | 18-34 | 35-54 | 55-74 | ≥75 |
| Atraco (roubo con violencia ou ameaza) | 15,6 | 26,4 | 27,2 | 30,3 |
| Roubo de bolso ou carteira | 13,1 | 10,3 | 22,0 | 15,4 |
| Tirón | 0,9 | 0,7 | 0,8 | 4,1 |
| Roubo en vivenda ou local | 39,3 | 33,6 | 31,7 | 36,4 |
| Roubo en explotación agropecuaria | 0,0 | 1,0 | 0,4 | 0,5 |
| Subtración de obxectos en vehículo (radio, bolso, maletas,...) | 9,3 | 11,5 | 3,3 | 0,0 |
| Roubo de vehículo | 2,7 | 3,5 | 2,2 | 2,1 |
| Estafa ou timo | 1,5 | 2,0 | 1,4 | 4,1 |
| Ameazas ou intimidacións | 1,3 | 1,6 | 2,6 | 0,5 |
| Agresión persoal (non sexual) | 6,9 | 4,8 | 5,7 | 6,2 |
| Agresión sexual | 5,1 | 2,2 | 0,8 | 0,0 |
| Actos de vandalismo | 1,8 | 1,4 | 1,4 | 0,0 |
| Abusos ou coaccións por parte de axentes da autoridade | 2,4 | 1,1 | 0,6 | 0,0 |

En relación á segunda opción, o roubo en vivenda ou local e o atraco/roubo con violencia e ameaza encabezan as prioridades de todos os grupos de idade analisados. A diferenza áchase na hora de fixar a terceira prioridade, decantándose as persoas comprendidas entre 18-54 anos pola subtración de obxectos en vehículo face os maiores de 55, que optaron por situar nese lugar o roubo de bolso ou carteira.

| DELITO MÁIS TEMIDO EN TERCEIRA OPCIÓN | POR GRUPOS DE IDADE | | | |
|---|---|---|---|---|
| | 18-34 | 35-54 | 55-74 | ≥75 |
| Atraco (roubo con violencia ou ameaza) | 12,2 | 9,8 | 11,8 | 13,8 |
| Roubo de bolso ou carteira | 13,3 | 25,0 | 24,4 | 35,9 |
| Tirón | 2,0 | 1,5 | 10,2 | 13,8 |
| Roubo en vivenda ou local | 9,3 | 7,9 | 9,3 | 7,2 |
| Roubo en explotación agropecuaria | 0,4 | 0,5 | 0,4 | 1,5 |
| Subtración de obxectos en vehículo (radio, bolso, maletas,...) | 26,2 | 27,4 | 13,8 | 0,5 |
| Roubo de vehículo | 9,6 | 9,8 | 4,7 | 0,5 |
| Estafa ou timo | 0,7 | 2,0 | 4,5 | 10,3 |
| Ameazas ou intimidacións | 4,4 | 1,4 | 3,1 | 3,1 |
| Agresión persoal (non sexual) | 10,9 | 7,6 | 9,1 | 6,7 |
| Agresión sexual | 5,5 | 2,7 | 1,8 | 0,5 |
| Actos de vandalismo | 2,5 | 2,4 | 5,5 | 6,2 |
| Abusos ou coaccións por parte de axentes da autoridade | 3,1 | 1,9 | 1,4 | 0,0 |

Finalmente, unha análise máis pormenorizada da terceira opción escollida polas persoas inquiridas mostra comportamentos diferenciados. En primeiro lugar, o grupo comprendido entre 18-54 anos, cuxa escala está encabezada pola subtración de obxectos en vehículo seguido polo roubo de bolso ou carteira e o atraco/roubo con violencia ou ameaza. En segundo lugar, os maiores de 55 anos concordan en priorizar, como no caso anterior, o temor ao roubo de bolso ou carteira. A diferenza surxe na seguinte prioridade, fixándose a dos que teñen máis de 75 anos no atraco/roubo con violencia ou ameaza fronte á subtración de obxectos en vehículos dos comprendidos entre 55-74. Igualmente, mentres que estes sitúan en terceiro lugar o atraco/roubo con violencia ou ameaza, os máis idosos optan polo tirón de bolso. A explicación deste feito pode estar na maior proporción de mulleres existente neste tramo de idade.

## 6. Situacións máis frecuentes na zona de residencia

As persoas entrevistadas foron inquiridas pola frecuencia con que se producen determinadas situacións conflitivas e delitos na súa zona de residencia.

Tal como mostra a seguinte tabela, as situacións que afectan á maioría das persoas inquiridas (suma de “con moita” e “bastante frecuencia”) son a venda de drogas a pequena escala (57,5%) e a venda de alcool a menores (53,1%). Ocupando unha posición notábel áchanse os escándalos e brigas na rúa (49,5%) e os actos de vandalismo (48,4%). Nestes catro casos a frecuencia “moita” non supera en ningún caso o 10% das persoas entrevistadas, situándose no 9,2%, 6,9%, 3,2% e 4,2% das situacións referidas, respectivamente.

A maior distancia sitúanse os problemas provocados polos locais de pública concorrencia (bares, discotecas...), cun 21,2%, seguido por suxidade ou falta de salubridade pública

(15,9%), prostitución (12,3%) e discriminación racial (12,1%). En último lugar sitúase a mendicidade de menores (4,4%). En ningún destes casos o nivel de "moita frecuencia" supera o 3%.

| Situación | Moita frecuencia | Bastante frecuencia | Pouca frecuencia | Nunca | Ns/Nr | Moita + bastante | Pouca + Nunca |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Venda de drogas a pequena escala | 9,2 | 48,3 | 24,1 | 4,0 | 14,4 | 57,5 | 28,1 |
| Prostitución | 2,0 | 10,3 | 46,5 | 22,0 | 19,3 | 12,3 | 68,5 |
| Actos de vandalismo | 4,2 | 44,2 | 39,4 | 4,9 | 7,3 | 48,4 | 44,3 |
| Venda de alcool a menores | 6,9 | 46,2 | 22,2 | 7,2 | 17,5 | 53,1 | 29,4 |
| Discriminación racial | 2,4 | 9,7 | 55,6 | 16,1 | 16,2 | 12,1 | 71,7 |
| Suxidade, falta de salubridade pública | 2,1 | 13,8 | 58,5 | 16,5 | 9,1 | 15,9 | 75 |
| Ruídos ou problemas producidos por bares, discotecas,... | 2,8 | 18,4 | 54,6 | 14,9 | 9,4 | 21,2 | 69,5 |
| Mendicidade de menores | 0,4 | 4,0 | 38,8 | 36,6 | 20,3 | 4,4 | 75,4 |
| Escándalos e brigas na rúa | 3,2 | 46,3 | 38,6 | 5,8 | 6,1 | 49,5 | 44,4 |

Por zonas existen diferenzas significativas ($p<0,05$) tal como se mostra na seguinte tabela, cuxos valores representan (en %) a suma de "con moita frecuencia" e "con bastante frecuencia".

| Situación | Urbana | Semiurbana | Rural | Global |
|---|---|---|---|---|
| Venda de drogas a pequena escala | 43,1 | 74,4 | 66,4 | 57,5 |
| Prostitución | 17,4 | 3,8 | 15 | 12,3 |
| Actos de vandalismo | 33,9 | 61,5 | 66,8 | 48,4 |
| Venda de alcool a menores | 45,2 | 61,8 | 58,7 | 53,1 |
| Discriminación racial | 13,6 | 10,3 | 11,5 | 12,1 |
| Suxidade, falta de salubridade pública | 24,2 | 6,6 | 9,4 | 15,9 |
| Ruídos ou problemas producidos por bares, discotecas,... | 32,2 | 9,6 | 11,1 | 21,2 |
| Mendicidade de menores | 6,2 | 1,4 | 5,2 | 4,4 |
| Escándalos e brigas na rúa | 35,5 | 61,2 | 69,2 | 49,5 |

De acordo con esta distribución de resultados, son estatisticamente significativas as maiores proporcións de afectación que, fronte á zona urbana, presentan a semiurbana e urbana relativamente á venda de drogas a pequena escala (74,4% e 66,4%, respectivamente), actos de vandalismo (61,5% e 66,8%, respectivamente), venda de alcool a menores (61,8% e 58,7%, respectivamente) e escándalos e brigas na rúa (61,2% e 69,2%, respectivamente). Ao contrario, a zona urbana manifestou unha maior preocupación

pola prostitución (17,4%), suxidade e falta de salubridade pública (24,2%), problemas cos locais de pública concorrencia nocturnos (32,2%) ou mendicidade de menores (6,2%).

Por tratarse dun parámetro que depende fundamentalmente do lugar de residencia, non se presentan diferenzas significativas nas respostas recollidas xénero. En troca, si se producen por grupos de idade, mostrando os diferentes segmentos analisados un coñecemento distinto do medio no que viven.

| Situación | 18-34 | 35-54 | 55-74 | ≥75 | GLOBAL |
|---|---|---|---|---|---|
| Venda de drogas a pequena escala | 69,3 | 53,4 | 55,7 | 44,7 | 57,5 |
| Prostitución | 16,9 | 10,6 | 12,4 | 5,1 | 12,3 |
| Actos de vandalismo | 51,6 | 40,2 | 54,3 | 54,4 | 48,4 |
| Venda de alcool a menores | 67,8 | 48,3 | 49,2 | 37,9 | 53,1 |
| Discriminación racial | 18,5 | 9,8 | 11,5 | 4,6 | 12,1 |
| Suxidade, falta de salubridade pública | 19,8 | 12,3 | 19,3 | 9,7 | 15,9 |
| Ruídos ou problemas producidos por bares, discotecas,... | 22,5 | 17,7 | 25,0 | 20,5 | 21,2 |
| Mendicidade de menores | 6,0 | 3,7 | 4,3 | 2,6 | 4,4 |
| Escándalos e brigas na rúa | 49,2 | 43,4 | 57,9 | 50,7 | 49,5 |

Así sendo, en igualdade de condicións, as persoas máis novas teñen unha percepción/coñecemento sobre a existencia de situacións delituosas na súa zona de residencia superior ao do resto da poboación no relativo a: venda de drogas a pequena escala, prostitución, venda de alcool a menores, discriminación racial e mendicidade de menores.

Ao contrario, as persoas de máis idade son máis sensíbeis á existencia de actos de vandalismo na súa zona de residencia así como de escándalos e brigas na rúa. Estes mesmos segmentos de poboación de máis idade manifestaron menor percepción/coñecemento coas problemáticas relativas a venda de drogas a pequena escala, prostitución, venda de alcool a menores, discriminación racial, suxidade/falta de salubridade e mendicidade de menores. Igualmente, presentan os maiores niveis de Ns/nr, froito do seu menor coñecemento de determinadas realidades sociais.

Mozos e persoas comprendidas entre os 55-74 anos teñen unha percepción semellante no relativo á suxidade ou falta de salubridade pública ou aos problemas derivados dos locais de pública concorrencia nocturna.

A seguir as seguintes tabelas recollen unha análise pormenorizada de cada un dos parámetros analisados por grupos de idade.

## Venda de drogas a pequena escala

| | Moita frecuencia | Bastante frecuencia | Pouca frecuencia | Nunca |
|---|---|---|---|---|
| 18-34 | 15,5 | 53,8 | 18,9 | 3,6 |
| 35-54 | 5,7 | 47,7 | 28,5 | 4,6 |
| 55-74 | 8,7 | 47,0 | 24,2 | 3,9 |
| Máis de 75 | 6,2 | 38,5 | 22,1 | 2,6 |

## Prostitución

| | Moita frecuencia | Bastante frecuencia | Pouca frecuencia | Nunca |
|---|---|---|---|---|
| 18-34 | 4,0 | 12,9 | 55,5 | 18,0 |
| 35-54 | 1,2 | 9,4 | 44,3 | 26,4 |
| 55-74 | 1,6 | 10,8 | 41,3 | 21,1 |
| Máis de 75 | 0,0 | 5,1 | 42,6 | 19,5 |

## Actos de vandalismo

| | Moita frecuencia | Bastante frecuencia | Pouca frecuencia | Nunca |
|---|---|---|---|---|
| 18-34 | 5,6 | 46,0 | 40,7 | 3,8 |
| 35-54 | 3,1 | 37,1 | 45,5 | 4,9 |
| 55-74 | 4,7 | 49,6 | 34,8 | 3,7 |
| Máis de 75 | 2,6 | 51,8 | 24,6 | 11,3 |

## Venda de alcool a menores

| | Moita frecuencia | Bastante | Pouca frecuencia | Nunca |
|---|---|---|---|---|
| 18-34 | 14,7 | 53,1 | 18,4 | 6,0 |
| 35-54 | 2,9 | 45,4 | 25,1 | 7,5 |
| 55-74 | 6,5 | 43,3 | 21,9 | 7,9 |
| Máis de 75 | 1,0 | 36,9 | 23,1 | 8,2 |

## Discriminación racial

| | Moita frecuencia | Bastante | Pouca frecuencia | Nunca |
|---|---|---|---|---|
| 18-34 | 3,6 | 14,9 | 58,0 | 14,5 |
| 35-54 | 1,9 | 7,9 | 56,0 | 16,7 |
| 55-74 | 2,4 | 9,1 | 51,8 | 14,0 |
| Máis de 75 | 1,0 | 3,6 | 56,9 | 23,6 |

## Suxidade, falta de salubridade pública

| | Moita frecuencia | Bastante frecuencia | Pouca frecuencia | Nunca |
|---|---|---|---|---|
| 18-34 | 2,7 | 17,1 | 60,7 | 15,1 |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 35-54 | 1,8 | 10,5 | 57,7 | 18,5 |
| 55-74 | 2,6 | 16,7 | 54,7 | 14,0 |
| Máis de 75 | 0,5 | 9,2 | 65,1 | 19,5 |

Ruídos ou problemas producidos por bares, discotecas,...

| | Moita frecuencia | Bastante frecuencia | Pouca frecuencia | Nunca |
|---|---|---|---|---|
| 18-34 | 3,8 | 18,7 | 58,9 | 12,7 |
| 35-54 | 2,3 | 15,4 | 52,2 | 18,9 |
| 55-74 | 3,1 | 21,9 | 51,8 | 12,0 |
| Máis de 75 | 1,0 | 19,5 | 59,0 | 13,3 |

Mendicidade de menores

| | Moita frecuencia | Bastante frecuencia | Pouca frecuencia | Nunca |
|---|---|---|---|---|
| 18-34 | 1,1 | 4,9 | 44,5 | 34,4 |
| 35-54 | 0,0 | 3,7 | 36,4 | 37,0 |
| 55-74 | 0,2 | 4,1 | 35,0 | 35,6 |
| Máis de 75 | 0,5 | 2,1 | 41,0 | 43,6 |

Escándalos e brigas na rúa

| | Moita frecuencia | Bastante frecuencia | Pouca frecuencia | Nunca |
|---|---|---|---|---|
| 18-34 | 3,0 | 46,2 | 43,1 | 3,8 |
| 35-54 | 2,0 | 41,4 | 40,1 | 6,8 |
| 55-74 | 5,7 | 52,2 | 31,7 | 5,7 |
| Máis de 75 | 1,0 | 49,7 | 38,5 | 8,2 |

As seguintes tabelas mostran a tipoloxía de delitos por grupos de idade, incluíndo na columna “frecuencia” a suma de “con moita frecuencia” e “bastante frecuencia”.

18-34 anos

| | Frecuencia | Ns/Nr |
|---|---|---|
| Venda de drogas a pequena escala | 69,3 | 8,2 |
| Prostitución | 16,9 | 9,6 |
| Actos de vandalismo | 51,6 | 3,9 |
| Venda de alcool a menores | 67,8 | 7,8 |
| Discriminación racial | 18,5 | 9,0 |
| Suxidade, falta de salubridade pública | 19,8 | 4,4 |

| | | |
|---|---|---|
| Ruídos ou problemas producidos por bares, discotecas,... | 22,5 | 5,9 |
| Mendicidade de menores | 6,0 | 15,1 |
| Escándalos e brigas na rúa | 49,2 | 3,9 |

## 35-54 anos

| | Frecuencia | Ns/Nr |
|---|---|---|
| Venda de drogas a pequena escala | 53,4 | 13,5 |
| Prostitución | 10,6 | 16,7 |
| Actos de vandalismo | 40,2 | 9,4 |
| Venda de alcool a menores | 48,3 | 19,1 |
| Discriminación racial | 9,8 | 17,5 |
| Suxidade, falta de salubridade pública | 12,3 | 11,5 |
| Ruídos ou problemas producidos por bares, discotecas,... | 17,7 | 11,2 |
| Mendicidade de menores | 3,7 | 22,9 |
| Escándalos e brigas na rúa | 43,4 | 9,7 |

## 55-74 anos

| | Frecuencia | Ns/Nr |
|---|---|---|
| Venda de drogas a pequena escala | 55,7 | 16,2 |
| Prostitución | 12,4 | 25,2 |
| Actos de vandalismo | 54,3 | 7,2 |
| Venda de alcool a menores | 49,2 | 20,4 |
| Discriminación racial | 11,5 | 22,7 |
| Suxidade, falta de salubridade pública | 19,3 | 12,0 |
| Ruídos ou problemas producidos por bares, discotecas,... | 25,0 | 11,2 |
| Mendicidade de menores | 4,3 | 25,0 |
| Escándalos e brigas na rúa | 57,9 | 2,6 |

## Máis de 75 anos

| | Frecuencia | Ns/Nr |
|---|---|---|
| Venda de drogas a pequena escala | 44,7 | 30,6 |
| Prostitución | 5,1 | 32,8 |
| Actos de vandalismo | 54,4 | 9,7 |
| Venda de alcool a menores | 37,9 | 30,8 |
| Discriminación racial | 4,6 | 14,9 |
| Suxidade, falta de salubridade pública | 9,7 | 5,7 |
| Ruídos ou problemas producidos por bares, discotecas,... | 20,5 | 7,2 |

| | | |
|---|---|---|
| Mendicidade de menores | 2,6 | 12,8 |
| Escándalos e brigas na rúa | 50,7 | 2,6 |

## 7. Medidas para sentirse máis seguro

As principais medidas de autoprotección máis tomadas pola cidadanía entrevistada foron evitar camiñar por zonas afastadas ou por lugares que se consideran perigosos (88,8%), non levar moito diñeiro encima (84,9%), evitar saír só de noite (80,1%) e non levar xoias ou obxectos valiosos á vista (63,6%). A seguir áchanse aspectos relacionados co vehículo, tais como non deixar obxectos á vista no coche (65,5%) ou evitar os estacionamentos escuros e mal vixiados (60,9%). A maior distancia considérase a instalación de dispositivos de seguranza no domicilio, tais como alarmes (19,5%) ou reixas nas xanelas ou posíbeis ocos de acceso (9,6%). Evitar formas de vestir provocativas ou atrevidas foi referida polo 12,1% das persoas entrevistadas. Proverse de elementos defensivos, como ter un arma en casa ou levar algún tipo de arma ou obxecto defensivo, foi considerada, en menor medida, polo 3,9% e 2,3% respectivamente.

Os resultados da enquisa aplicada demostran tamén que as persoas toman diferentes medidas para sentirse máis seguras en función da zona de residencia. Así pois, a zona semiurbana, xuntamente coa rural, caracterízase por recorrer en maior proporción a evitar camiñar por zonas afastadas ou lugares considerados perigosos (97,9% e 98,3%, respectivamente, face o 79,7% da urbana), non levar moito diñeiro encima (90,1% e 91,3% respectivamente face o 79,4% da urbana) ou por procurar non saír só/a de noite (92,1 % e 90,2%, respectivamente, face o 68,8% da urbana). A zona urbana, xunto coa rural, presenta un elevado índice de inquiridos que evitan os estacionamentos escuros e mal vixiados (60,7% e 68,9%, respectivamente, contra o 57,9% da semiurbana) ou que instalaron un alarme no seu domicilio (22,3% e 23,8%, respectivamente, contra o 13,6% da semiurbana). Illadamente, mentres que a semiurbana destaca pola elevada proporción de persoas que manifestaron non levar xoias ou obxectos valiosos á vista (72,3%) ou ter un arma en casa (5,1%), a urbana sobresae pola tamén elevada proporción de persoas entrevistadas que responderon evitar formas de vestir provocativas (15,2%).

Análise por xéneros:

| | Home | Muller |
|---|---|---|
| Non levar moito diñeiro en cima | 77,5 | 91,3 |
| Procurar non saír só de noite | 73,8 | 85,7 |
| Evitar camiñar por zonas afastadas ou por lugares considerados perigosos | 85,1 | 92,0 |
| Levar algún arma ou obxecto defensivo | 2,9 | 1,8 |

| | | |
|---|---|---|
| Non levar xoias ou obxectos valiosos á vista | 54,5 | 71,5 |
| Instalar un alarme no domicilio | 19,2 | 19,7 |
| Instalar reixas no seu domicilio | 10,2 | 9,0 |
| Evitar os estacionamentos escuros e mal vixiados | 68,6 | 54,1 |
| Non deixar obxectos á vista no coche | 74,0 | 58,1 |
| Evitar formas de vestir provocativas ou atrevidas | 2,3 | 20,7 |
| Ter un arma en casa | 5,0 | 3,0 |

Tal como se pode comprobar por estes datos, e dun xeito significativo, as mulleres mostran unha maior propensión que os homes a tomar medidas de autoprotección relacionadas con evitar formas de vestir provocativas ou atrevidas, non levar xoias ou obxectos valiosos á vista, non levar moito diñeiro en cima, procurar non saír soas de noite e evitar camiñar por zonas afastadas ou por lugares considerados perigosos. Ao contrario, é significativa a maior proporción de homes que toman medidas relacionadas co automóbil, tais como evitar os estacionamentos escuros e mal vixiados ou non deixar obxectos á vista no coche. Finalmente, non é significativamente diferente a proporción de homes e mulleres que instalan un alarma ou reixas no seu domicilio, teñen un arma en casa ou levan consigo algún arma ou obxecto defensivo.

Análise por grupos de idade:

| | **18-34** | **35-54** | **55-74** | **≥75** |
|---|---|---|---|---|
| Non levar moito diñeiro en cima | 83,1 | 82,1 | 90,0 | 87,2 |
| Procurar non saír só de noite | 74,0 | 80,8 | 85,8 | 80,0 |
| Evitar camiñar por zonas afastadas ou por lugares considerados perigosos | 88,4 | 89,4 | 90,2 | 84,1 |
| Levar algún arma ou obxecto defensivo | 3,6 | 2,3 | 1,4 | 1,0 |
| Non levar xoias ou obxectos valiosos á vista | 59,5 | 64,0 | 64,8 | 70,8 |
| Instalar un alarme no domicilio | 19,3 | 24,0 | 15,7 | 12,3 |
| Instalar reixas no seu domicilio | 6,7 | 8,0 | 10,4 | 21,5 |
| Evitar os estacionamentos escuros e mal vixiados | 69,3 | 78,9 | 45,9 | 8,2 |
| Non deixar obxectos á vista no coche | 75,6 | 82,9 | 50,0 | 1,8 |
| Evitar formas de vestir provocativas ou atrevidas | 17,3 | 14,8 | 6,1 | 3,1 |
| Ter un arma en casa | 3,3 | 3,7 | 4,3 | 5,6 |

Un estudo detallado das medidas tomadas polas persoas entrevistadas para sentirse máis seguras mostra as seguintes tendencias:

- Medidas cuxo uso se incrementa coa idade: non levar xoias ou obxectos valiosos á vista (que pasa do 59,5% entre os máis novos ao 70,8% entre os máis idosos), instalar reixas no domicilio (que pasa do 6,7% ao 21,5%) e ter un arma en casa (do 3,3% ao 5,6%).

- Medidas cuxa aplicación diminúe coa idade: levar algún arma ou obxecto defensivo (do 3,6% ao 1,0%) e evitar formas de vestir provocativas ou atrevidas (do 17,3% ao 3,1%).

- Medidas que experimentan un incremento de uso coa idade pero que descenden a partir dos 75 anos: procurar non saír só de noite e evitar camiñar por zonas afastadas ou por lugares que se consideran perigosos.

- Medidas que experimentan un incremento de uso coa idade pero que descenden a partir dos 55 anos: instalar un alarma no domicilio, evitar os estacionamentos escuros e mal vixiados, non deixar obxectos á vista no coche.

**8. Principais causas da delincuencia en Vigo**

Preguntados polas principais causas da delincuencia na actualidade en Vigo, a maioría das persoas inquiridas aludiron a aspectos de tipo estrutural, tais como as derivadas da situación económica e co funcionamento da xustiza.

Así sendo, a pobreza e as desigualdades sociais foron causas aducidas pola maioría das persoas entrevistadas (54,9%), seguido pola pouca dureza das penas (34,0%) e a elevada taxa de desemprego (31,5%).

A seguir sitúase a delincuencia asociada ao consumo de drogas (14,1%), o mal funcionamento da xustiza (8,2%), as carencias afectivas no seo familiar (4,5%), a perda de valores tradicionais (4,1%), a pouca eficacia policial (3,6%) e a escaseza de medios da policía (1,8%).

As causas da delincuencia existente no municipio de Vigo son percibidas de xeito significativamente distinto en función da zona de residencia da persoa entrevistada. Por unha lado, as persoas que residen na zona urbana son as que con maior proporción achacan a conflitividade existente no municipio a aspectos como o desemprego (42,1% face o 20-21% das outras zonas), consumo de drogas (20,3% face o 10,6% e 1,0% das zonas semiurbana e rural, respectivamente), o mal funcionamento da xustiza (11,5%), a perda dos valores tradicionais (7,3%), as carencias afectivas no seo familiar (5,3%), a pouca eficacia policial (4,5%) ou a escaseza de medios da Policía (2,7%). Por outro lado, as zonas semiurbana e rural presentan unha maior porcentaxe de persoas entrevistadas que achan que é debida á pobreza e as desigualdades sociais (60,1% e 67,8%, respectivamente, contra o 47,5% da urbana) ou á pouca dureza das penas impostas pola xustiza (48,4% e 46,2%, respectivamente, contra o 20,3% da urbana).

Análise por xéneros:

| | Homes | Mulleres |
|---|---|---|
| O consumo de drogas | 15,1 | 13,3 |
| A pobreza e as desigualdades sociais | 52,2 | 57,3 |
| O desemprego | 30,0 | 32,8 |
| A perda dos valores tradicionais | 3,6 | 4,6 |
| A pouca eficacia policial | 4,7 | 2,6 |
| As carencias afectivas na familia | 4,4 | 4,6 |
| A pouca dureza das penas | 34,7 | 33,4 |
| A escaseza de medios da Policía | 1,7 | 1,8 |
| O mal funcionamento da xustiza | 8,3 | 8,1 |

Como se pode observar na tabela anterior, non existen diferenzas significativas nas respostas dadas por homes e mulleres, sendo maior a proporción de mulleres que consideran que a delincuencia é debida á pobreza e ás desigualdades sociais (57,3% contra o 52,2% dos homes) ou a maior proporción de homes que o achacan á pouca eficacia policial (4,7% contra o 2,6% das mulleres).

Análise por grupos de idade:

| | 18-34 | 35-54 | 55-74 | ≥75 |
|---|---|---|---|---|
| O consumo de drogas | 12,5 | 14,3 | 13,2 | 19,5 |
| A pobreza e as desigualdades sociais | 54,7 | 57,6 | 50,4 | 56,9 |
| O desemprego | 34,2 | 28,1 | 32,5 | 33,8 |
| A perda dos valores tradicionais | 4,0 | 3,5 | 5,5 | 3,1 |
| A pouca eficacia policial | 4,7 | 3,4 | 4,1 | 0,0 |
| As carencias afectivas na familia | 1,8 | 5,6 | 5,3 | 6,2 |
| A pouca dureza das penas | 34,7 | 34,0 | 32,7 | 35,4 |
| A escaseza de medios da Policía | 1,8 | 1,8 | 2,4 | 0,0 |
| O mal funcionamento da xustiza | 8,0 | 8,2 | 10,2 | 3,6 |

O grupo con máis idade é o que considera en maior grao que a delincuencia en Vigo está motivada polo consumo de drogas (19,5%), a pouca dureza das penas (35,4%) ou as carencias afectivas no seo familiar (6,2%). Ao contrario, os máis novos a achacan en maior proporción ao desemprego (34,2%) ou á pouca eficacia policial (4,7%). O grupo de idade comprendido entre os 55-64 anos representa a maior porcentaxe que aduce o mal funcionamento da xustiza (10,2%), a perda dos valores tradicionais (5,5%) e a escaseza de medios policiais (2,4%).

Unha análise máis detallada en función da situación sociolaboral das persoas inquiridas mostra a existencia de diferenzas significativas entre os colectivos estudados nalgunha das variábeis propostas. Así sendo, a identificación do consumo de drogas oscila, por un lado, entre uns máximos do 20,7% de xubilados/pensionistas e 18,5% dos estudantes e, por outro, o mínimo do 3,7% de desempregados que procuran o seu primeiro emprego, 9,5% das persoas que realizan traballos non remunerados, 12,5% de desempregados que traballaron antes e 14,6% de traballadores activos. Con relación ao desemprego, as proporcións de identificación oscilan entre os máximos do 38,5% de estudantes e 37,8% de desempregados que procuran o primeiro emprego, seguido por persoas que realizan traballos non remunerados (34,4%), xubilados (32,3%), traballadores activos (30,0%). Paradoxalmente os desempregados que perderon o seu emprego presentan a menor porcentaxe de identificación (26,9%) cun parámetro tan relacionado coa súa situación persoal. No resto de parámetros non se detectaron diferenzas significativas nas respostas recibidas.

## 9. Tipoloxía de vitimización no entorno persoal

A proporción de persoas inquiridas en cuxo entorno persoal (familiares, amizades e veciñanza) ningúen foi vítima dalgún delito no último ano é do 16,3%. Na esmagadora maioría de casos (83,7%) alguén do entorno persoal sofreu algún delito. A seguinte tabela mostra a distribución porcentual en función do delito sofrido:

| TIPOLOXÍA DOS DELITOS | % |
|---|---|
| Estafa ou timo | 18,8 |
| Roubo de bolso ou carteira | 18,2 |
| Subtración de obxectos en vehículo (radio, bolso, maletas,...) | 17,8 |
| Actos de vandalismo | 14,3 |
| Roubo en vivenda ou local | 13,4 |
| Tirón | 10,8 |
| Ameazas ou intimidacións | 8,1 |
| Atraco (roubo con violencia ou ameaza) | 4,0 |
| Abusos ou coaccións por parte de axentes da autoridade | 3,6 |
| Agresión persoal (non sexual) | 2,8 |
| Roubo de vehículo | 2,0 |
| Roubo en explotación agropecuaria | 1,9 |
| Agresión sexual | 0,7 |

Existen diferenzas significativas en función da zona de residencia da persoa inquirida. Unha análise máis detallada mostra que a estafa ou timo, principal tipoloxía delituosa aducida, é o delito máis frecuente na zona urbana (24,9%), segunda na rural (10,9%) e

terceira na semiurbana (11,9%). O roubo de bolso presenta porcentaxes do 21,5% na zona urbana, 14,5% na semiurbana e 14,4% na rural (o de maior frecuencia nesta zona). A subtración de obxectos do vehículo oscila entre o 21,9% da zona urbana ao 6,9% da rural, sendo o máis referido na semiurbana (14,5%). A taxa de vitimización na contorna persoal oscila entre o 89,2% da urbana, 81,3% da semiurbana e o 70,3% da rural.

## 10. Propensión subxectiva a ser vítima dun delito

Un 6,4% dos/as vigueses/as entrevistados manifestou que se consideran a si propias propicias a ser vítimas dun delito face un 91,5% que pensan están na mesma situación de risco que calquera outra persoa.

Por zonas, existen diferenzas estatisticamente significativas, sendo as persoas residentes na zona rural as que máis se consideran posíbeis vítimas (9,4%) fronte á semiurbana (5,4%) e urbana (6,2%).

Esta percepción é significativamente superior nas mulleres (9,0%) contra os homes e aumenta coa idade, que oscila desde o 3,1% no grupo de idade máis nova, 2,6% nos comprendidos entre 35-54, 5,1% nos de 55-74 ata o 33,3% nos que teñen máis de 75 anos.

Tal como cabería de esperar, as persoas que se consideran ser especialmente propicias a ser vítimas dun delito mostran unha sensación de inseguranza (27,5%) superior ás que non se achan nesa situación (16,7%). Así, o sentimento de seguranza destes é dun 82,0% contra o 69,3% dos primeiros.

## 11. Taxa de vitimización persoal no último ano

Algo máis dunha cuarta parte da cidadanía inquirida (26,2%) respondeu ser vítima en primeira persoa dalgún delito no último ano.

Unha análise desta variábel por zonas mostra que a vitimización persoal da zona semiurbana (31,3%) supera á producida na rural (20,3%) e urbana (24,2%).

Por xénero, sen existir diferenzas estatisticamente significativas, é levemente superior a proporción de mulleres vítimas dun delito (26,7%) que a de homes (25,6%). Por idades, en troca, si existen diferenzas significativas nas respostas obtidas, pasando do 23,2% nos comprendidos entre 35-54 anos ou do 25,1% nos menores de 34 anos ao 34,4% nos que teñen máis de 75 anos e o 28,5% nos comprendidos entre 55-74.

Unha análise da relación de dependencia estatística existente entre a sensación de seguranza (epígrafe 2) e a taxa de vitimización persoal permite concluír que as persoas que foron vítimas dun delito o último ano séntense hoxe o dobre de inseguras (até un 27,1%) que aquelas que non o sofreron (13,7%). En consecuencia, a sensación de seguranza é maior (84,0%) entre os que non sofreron un delito que nos que si (69,5%).

## 12. Tipoloxía de vitimización persoal

Pola tipoloxía do delito sofrido, destacan os actos de vandalismo (22,8%) e estafa ou timo (21,7%) seguido polo roubo de bolso ou carteira (17,5%), a subtración de obxectos en vehículo (13,1%) e as ameazas ou intimidacións (11,9%). Destacan tamén as persoas que foron obxecto dun tirón de bolso (8,1%) e dun roubo en vivenda ou local (7,3%).

A maior distancia áchanse o atraco/roubo con violencia (0,8%), roubo en explotación agropecuaria (0,6%), agresión persoal non sexual (0,6%), abusos ou coaccións por parte de axentes da autoridade (0,4%), roubo de vehículo (0,2%) e agresión sexual (0,2%).

Por zonas, existen diferenzas estatisticamente significativas ($p<0,05$). En primeiro lugar, aínda que nunha proporción relativamente baixa, existe unha serie de delitos cuxa incidencia só ten lugar no ámbito urbano (atraco/roubo con violencia ou ameaza, roubo en explotación agropecuaria, roubo de vehículo e abusos ou coaccións por parte de axentes da autoridade) mentres que outros, como a agresión de tipo sexual, só se produciron no semiurbano. Portanto, non se rexistrou na zona rural ningún caso en seis dos trece tipos delituosos analisados (atraco/roubo con violencia ou ameaza, roubo en explotación agropecuaria, roubo de vehículo, agresión persoal non sexual, agresión sexual e abusos ou coaccións por parte de axentes da autoridade).

Unha análise máis detallada permite concluír a existencia de determinadas tipoloxías cunha maior incidencia na zona urbana como é a estafa ou timo (26,9%), a subtración de obxectos do vehículo (14,5%), o roubo en vivenda ou local ou o tirón de bolso (11,6% ambas). Finalmente, mentres que a semiurbana presenta unha maior incidencia de ameazas ou intimidacións (20,4%), a rural caracterízase pola súa elevada proporción de roubos de bolso ou carteira (32,8%, duplicando a incidencia nas outras zonas) e actos de vandalismo (31,0%).

Análise por xéneros:

| | Home | Muller |
|---|---|---|
| Atraco (roubo con violencia ou ameaza) | 1,2 | 0,4 |
| Roubo de bolso ou carteira | 16,0 | 18,7 |
| Tirón de bolso | 0,8 | 14,1 |
| Roubo en vivenda ou local | 5,0 | 9,2 |
| Roubo en explotación agropecuaria | 0,4 | 0,7 |
| Roubo de obxectos en vehículo (radio, CDs, bolso, maletas,...) | 19,3 | 7,8 |
| Roubo de vehículo | 0,4 | 0,0 |
| Estafa ou timo | 21,8 | 21,6 |
| Ameazas ou intimidacións | 11,3 | 12,4 |
| Agresión persoal (non sexual) | 0,8 | 0,4 |
| Agresión sexual | 0,0 | 0,4 |
| Actos de vandalismo | 26,9 | 19,4 |
| Abusos ou coaccións por parte de axentes da autoridade | 0,4 | 0,4 |

Como se mostra na táboa anterior, a tipoloxía de delito sofrido non está relacionado co xénero da vítima, salvo no caso de tirón de bolso, no que a taxa que afecta ás mulleres (14,1%) supera á dos homes (0,8%), e no roubo de obxectos en vehículo, cun 19,3% nos de homes contra o 7,8% de mulleres.

Análise por grupo de idade:

| | 18-34 | 35-54 | 55-74 | ≥75 |
|---|---|---|---|---|
| Atraco (roubo con violencia ou ameaza) | 2,9 | 0,0 | 0,0 | 0,0 |
| Roubo de bolso ou carteira | 28,3 | 11,7 | 15,9 | 13,4 |
| Tirón de bolso | 2,2 | 5,8 | 12,4 | 16,4 |
| Roubo en vivenda ou local | 8,0 | 7,0 | 9,7 | 1,5 |
| Roubo en explotación agropecuaria | 0,0 | 0,6 | 0,7 | 1,5 |
| Roubo de obxectos en vehículo (radio, CDs, bolso, maletas,...) | 17,4 | 18,1 | 9,0 | 0,0 |
| Roubo de vehículo | 0,7 | 0,0 | 0,0 | 0,0 |
| Estafa ou timo | 8,0 | 18,7 | 28,3 | 42,3 |
| Ameazas ou intimidacións | 26,8 | 5,8 | 6,9 | 7,5 |
| Agresión persoal (non sexual) | 0,7 | 0,6 | 0,7 | 0,0 |
| Agresión sexual | 0,7 | 0,0 | 0,0 | 0,0 |
| Actos de vandalismo | 13,0 | 33,9 | 21,4 | 17,9 |
| Abusos ou coaccións por parte de axentes da autoridade | 0,7 | 0,6 | 0,0 | 0,0 |

O facto de ser vítimas de actos de vandalismo, tipo de delito con maior incidencia nas persoas inquiridas, presenta unha relación de dependencia estatística ($p<0,05$), con maiores proporcións na poboación comprendida entre 35-54 anos (33,9%) face os máis novos (13,0%), os máis idosos (17,9%) ou os de idade comprendida entre 55-74 anos (21,4%).

Cabe destacar que apenas as persoas máis novas foron vítimas dun atraco (roubo con violencia ou ameaza), roubo de vehículo e agresión sexual. Existen diferenzas estatisticamente significativas, cunha maior incidencia nos mozos, tanto no caso de roubo de bolso ou carteira (28,3% contra o 12-16% do resto da poboación) como nas ameazas ou intimidacións (26,8% contra o 6-8% do resto da poboación).

Ao contrario, as persoas de máis idade foron vítimas en maior proporción tanto de tirón de bolso (16,4% contra o 2,2% das máis novas) ou dunha estafa ou timo, delito cuxo grao de incidencia se incrementa coa idade, pasando do 8,0% entre os máis novos ao 42,3% das persoas con máis idade. Algunhas tipoloxías de delito (atraco/roubo con violencia ou ameaza, subtración de obxectos en vehículo, roubo de vehículo, agresión persoal, agresión sexual e abusos ou coaccións por parte de axentes da autoridade) non presentan afectación nas persoas de máis idade, coletivo que presenta tamén a porcentaxe máis baixa de roubo en vivenda ou local (1,5% face o 7-10% do resto de franxas de idade avaliadas).

## 13. Taxa de denuncia

Unha terceira parte (33,0%) das persoas que foron vítimas dalgún delito denunciou os feitos perante algunha instancia policial ou xudicial.

As persoas residentes na zona urbana posúen unha taxa de denuncia (36,8%) superior á rexistrada na semiurbana (28,5%) e rural (34,5%).

Aínda que non existen diferenzas estatisticamente significativas por xénero ou grupo de idade, cabe indicar que os homes presentan un índice de denuncia (35,3%) superior ao das mulleres (31,1%). Por grupos de idade, os índices de denuncia dos feitos sofridos oscilan entre o 31,2% dos máis novos, 32,7% dos comprendidos entre 35-54 anos, 32,8% dos que teñen máis de 75 e 35,2% dos que teñen entre 55-74 anos.

*Tipoloxía do delito denunciado*

Unha análise da seguinte tabela permite concluír que aqueles delitos relacionados con roubos (en vivenda ou local, de bolso ou carteira, explotación agropecuaria ou de obxectos en vehículo) son os que presentan unha maior taxa de denuncia.

| | % de denuncia |
|---|---|
| Atraco (roubo con violencia ou ameaza) | 25,0 |
| Roubo de bolso ou carteira | 50,5 |
| Tirón de bolso | 2,4 |
| Roubo en vivenda ou local | 92,1 |
| Roubo en explotación agropecuaria | 100,0 |
| Roubo de obxectos en vehículo (radio, CDs, bolso, maletas,...) | 52,9 |
| Roubo de vehículo | 0,0 |
| Estafa ou timo | 26,5 |
| Ameazas ou intimidacións | 25,8 |
| Agresión persoal (non sexual) | 0,0 |
| Agresión sexual | 0,0 |
| Actos de vandalismo | 14,3 |
| Abusos ou coaccións por parte de axentes da autoridade | 0,0 |

## 14. Motivos polos que non se denunciou

Máis de dous terzos (67,0%) das persoas que decidiron non denunciar o delito do que foron vítimas alegaron que as denuncias non serven para nada. O resto non o fixo ben porque o delito que sofreron non tiña importancia (10,5%), para evitarse molestias (6,4%) ou por comodidade e preguiza (4,4%). Un 1,5% respondeu que, por medo, decidiron non denuncialo. Finalmente, un 3,2% alegou ter ido a denuncialo mais que foron convencidos de non facelo.

Por zonas, o motivo de que "non serve para nada" é o máis utilizado polas persoas inquiridas, oscilando do 66,4% da urbana ao 67,6% da rural. O segundo motivo aludido (non tiña importancia o delito sofrido) foi aducido polo 11% das persoas entrevistadas na zona urbana e semiurbana contra o 5,4% da rural. Nesta última zona, a porcentaxe de persoas que non denunciaron por comodidade ou preguiza (8,1%) duplica á das outras zonas.

Análise por xéneros:

| | Home | Muller |
|---|---|---|
| Por comodidade/preguiza | 3,9 | 4,7 |
| Por medo | 0,7 | 2,1 |
| Porque non serve para nada | 77,6 | 58,4 |
| Para evitarme molestias | 3,9 | 8,4 |
| Non tiña importancia | 5,9 | 14,2 |
| Fun denunciar, mais persuadíronme de non facelo | 2,0 | 4,0 |

Existen diferenzas significativas nos motivos aducidos por homes e mulleres para non denunciar. Cabe destacar a maior proporción de homes que afirman que denunciar os feitos sofridos non serve para nada (77,6% contra 58,4% de mulleres). En troca, as mulleres responden en maior proporción que os feitos carecían de importancia (14,2% contra 5,9% de homes) ou que querían evitarse molestias (8,4% contra 3,9% de homes).

Análise por grupos de idade:

| | 18-34 | 35-54 | 55-74 | ≥**75** |
|---|---|---|---|---|
| Por comodidade/preguiza | 2,2 | 3,5 | 5,4 | 9,1 |
| Por medo | 2,2 | 2,6 | 0,0 | 0,0 |
| Porque non serve para nada | 77,2 | 65,8 | 67,4 | 47,7 |
| Para evitarme molestias | 5,4 | 4,4 | 8,7 | 9,1 |
| Non tiña importancia | 4,3 | 12,3 | 13,0 | 13,6 |
| Fun denunciar, mais persuadíronme de non facelo | 2,2 | 3,5 | 1,1 | 9,1 |

Unha análise detallada entre a tipoloxía de delito sofrido e os motivos polos que este non foi denunciado permite discernir que a resposta espontánea "non serve para nada" é a preponderante en todas as circunstancias analisadas, oscilando entre a totalidade dos que sofreron o roubo de vehículo ou abusos ou coaccións por parte de axentes da autoridade, seguidos por subtración de obxectos do vehículo (87,5%), tirón de bolso (76,8%), ameazas ou intimidacións (76,4%), roubo de bolso ou carteira (72,7%), atraco/roubo con violencia ou ameaza, agresión persoal non sexual ou actos de vandalismo (66,7% nos tres casos), estafa ou timo (51,3%) e roubo en vivenda ou local (50,0%).

A motivación de que o delito sofrido "non tiña importancia" alcanzou porcentaxes significativas no caso de estafa ou timo (16,3%), actos de vandalismo (15,2%), ameaza ou intimidación (7,0%), subtración de obxectos en vehículo (6,2%) e tirón de bolso (4,8%). O feito de renunciar a presentar denuncia tras telo tentado mostra unha proporción do 7,0% no caso de sofrer ameazas ou intimidacións, 6,8% no de roubo de bolso ou carteira, 3,8% no de estafa ou timo, 3,1% no de subtración de obxectos en vehículo e 2,4% no de tirón de bolso. Finalmente, o medo xogou un papel determinante na non presentación de denuncia no 66,7% dos casos de agresión persoal non sexual declarados, o 4,6% de ameaza ou intimidación e o 2,4% de tirón de bolso.

## 15. Instancia perante a que foron denunciados os feitos

Máis de metade (55,2%) das persoas que denunciaron os feitos de que foron vítima fixérono perante a Policía Local, seguido pola Policía Nacional (14,0%). Un 8,7% denunciaron directamente os feitos ante un Xulgado e o 4,7% ante a Garda Civil. Un 17,4% das persoas que denunciaron os feitos non responderon esta pregunta.

Por zonas, a Policía Local foi a instancia á que se dirixiu a inmensa maioría de residentes na rural (90,0%), a maioría na semiurbana (61,9%) e unha boa parte na urbana (42,7%). As instancias xudiciais recibiron denuncias dos habitantes das tres zonas avaliadas, oscilando entre o 9% da urbana e semiurbana e o 5% da rural. As persoas inquiridas na urbana foron as únicas que recorreron a unha instancia como a Garda Civil (9,0%)

Analisando as respostas deste parámetro por xéneros e grupos de idade (ver táboas seguintes) non se detectan relacións de dependencia estatística. Con todo, por idades, cabe destacar que foi a poboación máis nova a que en maior proporción recorreu á Policía Local para denunciar os feitos sofridos (79,1% contra o 37,3% dos comprendidos entre 55-74 anos). Pola contra, tamén foi a que menos recorreu ao auxilio da xustiza (2,3% contra o 10-14% do resto de colectivos analisados). As persoas con máis idade presentan un índice de denuncia ante a Garda Civil e xulgados superior ao resto de colectivos analisados.

Análise por xéneros:

| Organismo | Home | Muller |
|---|---|---|
| Policía Nacional | 13,1 | 14,8 |
| Policía Local | 57,1 | 53,4 |
| Guardia Civil | 6,0 | 3,4 |
| No xulgado | 9,5 | 8,0 |

Análise por grupos de idade:

| Organismo: | 18-34 | 35-54 | 55-74 | ≥75 |
|---|---|---|---|---|
| Policía Nacional | 7,0 | 19,6 | 17,6 | 4,5 |
| Policía Local | 79,1 | 55,4 | 37,3 | 50,0 |
| Guardia Civil | 0,0 | 5,4 | 5,9 | 9,1 |
| No xulgado | 2,3 | 10,7 | 9,8 | 13,6 |

## 16. Motivación da escolla do organismo de denuncia

O principal motivo aducido polas persoas que decidiron denunciar o feito do que foron vítimas é que o organismo ao que acudiron era o adecuado para presentar a queixa (62,8%), seguido de que era o que lle inspiraba máis confianza (8,1%) ou por comodidade (4,1%). Ninguén referiu a opción de resposta "porque non había outro sitio onde presentar a denuncia". Un 16,9% das persoas que denunciaron os feitos non responderon esta pregunta.

Entre as persoas que responderon "outras" (8,1% dos casos) destaca o recurso á arbitraxe ou por consello do seu avogado (21,4% en ambos casos), consello dun familiar (14,3%) ou da compañía aseguradora.

A seguir móstranse as motivacións da presentación da denuncia en función do tipo de organismo:

| | Policía Nacional | Policía Local | Guardia Civil | Xulgado |
|---|---|---|---|---|
| Porque cría que era a instancia onde había que denunciar o feito | 79,2 | 84,2 | 37,5 | 26,7 |
| Porque lle inspiraba máis confianza | 0,0 | 2,1 | 50,0 | 53,3 |
| Porque lle resultaba máis cómodo | 0,0 | 5,3 | 12,5 | 0,0 |

Por zonas, cabe destacar que o principal motivo aludido foi a idoneidade da instancia ante a que se presentou a denuncia, oscilando do 80% da rural ao 59-61% da urbana e semiurbana. O argumento de que inspiraba máis confianza foi referido por aproximadamente o 9% dos residentes na zona urbana e semiurbana, así como o factor da comodidade, referido polo 5,6% e 3,2%, respectivamente, desas zonas.

## 17. Seguimento da denuncia presentada

No 36,6% de casos, a persoa denunciante recebeu con posterioridade á súa denuncia informacións sobre o curso das investigacións, fronte ao 45,3% que non a recebeu. Un 18,0% das persoas que denunciaron non respondeu esta pregunta.

O nivel de seguimento alcanza o 100% das denuncias presentadas perante a Garda Civil, o 86,7% ante os xulgados, 33,3% ante a Policía Nacional e o 23,2% ante a Policía Local.

Existen diferenzas significativas no grao de seguimento da denuncia en función da zona de residencia, oscilando entre case metade (49,4%) das denuncias presentadas na zona urbana, á cuarta parte (25,4%) na semiurbana e 15,0% na rural. Neste sentido, cabe sinalar

que este parámetro non depende tanto da zona de residencia, senón do organismo ante o cal foi presentada a denuncia.

## 18. Vitimización en grao de tentativa

Independentemente de ter sido vítima dun delito nos últimos anos, un 11,8% da cidadanía inquirida sofreu nos últimos anos algunha tentativa de delito sen que se chegase a consumar.

Este parámetro varía entre o 14,8% das persoas residentes na zona urbana ao 6,3% da rural e 9,8% da semiurbana.

Aínda que non existen diferenzas estatisticamente significativas por xénero e grupo de idade, cabe destacar a maior proporción de mulleres (13,2%) que sofreron algunha tentativa de delito (contra o 10,2% de homes), así como a maior incidencia desta circunstancia nas persoas máis novas (15,5%) contra o 8,7% das persoas comprendidas entre 35-54 anos, 11,3% con máis de 75 e 12,6% dos comprendidos entre 55-74.

Comprobouse que a sensación de seguranza referida na epígrafe 2 é significativamente maior entre aquelas persoas entrevistadas que non foron vítimas dunha tentativa de delito (82,2%) contra os que experimentaron esta circunstancia (67,3%). Neste último caso a sensación de inseguranza (29,0%) duplica à dos primeiros (15,3%).

## 19. Modo de evitar unha tentativa de delito

O principal modo de evitar que o delito se chegase a consumar foi dándose conta a tempo e evitándoo (34,9%), seguido da fuxida (17,9%), coa axuda doutras persoas presentes (16,2%) e pedindo axuda (11,9%). A maior distancia adúcense outros modos como pór en marcha sistemas de seguranza (6,8%), a intervención da policía ou corpos de seguranza, defendéndose ou encarando os agresores (3,8% ambas) e persuadindo os delincuentes establecendo con eles un diálogo (2,1%).

Existen diferenzas significativas en función da zona de residencia. Así, a urbana destaca pola maior porcentaxe de persoas que o evitaron ao darse conta a tempo (44,6% fronte ao 21,7% da semiurbana e 5,6% da rural), pedindo axuda a gritos (12,8% fronte ao 5,6% da rural e 11,6% da semiurbana), poñendo en marcha sistemas de seguridade (9,5% fronte ao 2,9% da semiurbana) ou facendo fronte aos agresores (4,7%). Neste sentido, cabo sinalar que os habitantes desta zona son os únicos que evitaron o delito dialogando cos delincuentes (3,4%) ou grazas á intervención dun axente de seguranza privada (2,7%). Os habitantes da zona rural destacan pola maior proporción de persoas que optaron por fuxir

correndo para evitar o delito (61,1% contra o 8,1% da zona urbana) ou que contaron coa intervención de axentes policiais (5,6%). Paradoxalmente á menor densidade poboacional, a colaboración de persoas presentes axudou en maior proporción aos habitantes da zona semiurbana (29,0%) ou rural (22,2%) que aos da urbana (9,5%).

Análise por xéneros:

| | Home | Muller |
|---|---|---|
| Botou a correr fuxindo | 12,6 | 21,4 |
| Encarando os agresores, defendéndose | 7,4 | 1,4 |
| Berrando, pedindo axuda | 6,3 | 15,7 |
| Dialogando, persuadindo os delincuentes | 1,1 | 2,9 |
| Coa axuda doutras persoas presentes | 10,5 | 20,0 |
| Coa intervención da Policía ou corpos de seguranza | 3,2 | 4,3 |
| Coa intervención dalgún vixiante de seguranza privada | 1,1 | 2,1 |
| Dándose conta a tempo e evitándoo | 48,4 | 25,7 |
| Pondo en marcha sistemas de seguranza | 8,4 | 5,7 |
| Outras medidas | 1,6 | 0,7 |

Existen diferenzas significativas nas respostas dadas por homes e mulleres para conseguir evitar ser vítima dun delito. Así sendo, é maior a proporción de homes que conseguiu evitalo dándose conta a tempo (48,4% contra 25,7% de mulleres), pondo en marcha sistemas de seguranza (8,4% contra 5,7%) ou encarando os agresores (7,4% contra 1,4%). Ao contrario, a porcentaxe de mulleres é superior no caso de fuxir botando a correr (21,4% contra 12,6% de homes), coa axuda doutras persoas presentes (20,0% contra 10,5% de homes) ou pedindo axuda a gritos (15,7% contra 6,3%).

Análise por grupo de idade:

| | 18-34 | 35-54 | 55-74 | ≥75 |
|---|---|---|---|---|
| Botou a correr fuxindo | 38,8 | 14,1 | 0,0 | 0,0 |
| Encarando os agresores, defendéndose | 5,9 | 4,7 | 1,6 | 0,0 |
| Berrando, pedindo axuda | 1,2 | 15,6 | 18,8 | 22,7 |
| Dialogando, persuadindo os delincuentes | 1,2 | 6,3 | 0,0 | 0,0 |
| Coa axuda doutras persoas presentes | 14,1 | 6,3 | 26,6 | 22,7 |
| Coa intervención da Policía ou corpos de seguranza | 2,4 | 3,1 | 7,8 | 0,0 |
| Coa intervención dalgún vixiante de seguranza privada | 1,2 | 1,6 | 3,1 | 0,0 |
| Dándose conta a tempo e evitándoo | 34,1 | 43,8 | 25,0 | 40,9 |
| Pondo en marcha sistemas de seguranza | 0,0 | 3,1 | 17,2 | 13,6 |
| Outras medidas | 1,2 | 1,6 | 0,0 | 0,0 |

Darse conta a tempo e evitar o delito foi a principal medida referida polas persoas entre 35-54 anos (43,8%) e polo colectivo de máis idade (40,9%); fuxir botando ás presas foi a dos máis novos (38,8%) e coa axuda doutras persoas presentes (26,6%) a dos comprendidos entre 55-74 anos. A opción de pedir axuda gritando é unha alternativa cuxo uso se incrementa coa idade, pasando do 1,2% nos máis novos ao 22,7% dos máis idosos. Constátase tamén que existen outras medidas que nunca foron utilizadas polas persoas inquiridas de máis idade, entre elas, fuxir correndo ou persuadir os delincuentes dialogando, a partir dos 55 anos, así como, nos que teñen máis de 75, defenderse encarando os agresores.

## 20. Problemática das drogas

Para a maioría das persoas entrevistadas as drogas representan en Vigo un problema bastante grave (65,9%) e, en menor medida, moi grave (6,0%). Para o 3% non constitúe un problema e até 14,4% pensa que se trata dunha problemática leve. Un 10,7% non respondeu esta pregunta.

Con variacións pouco significativas, a problemática das drogas é máis sentida polas persoas inquiridas na zona urbana (73,0%) e semiurbana (72,3%) que na rural (66,8%).

Aínda que non existen diferenzas substanciais por xénero e grupos de idade, cabe sinalar, segundo os datos que figuran nas seguintes tabelas, que as mulleres manifestan unha maior preocupación por esta cuestión (74,6%) que os homes (68,8%). Por idades, esta preocupación aumenta coa idade, pasando do 66,0% dos máis novos ao 87,6% das persoas con máis de 75 anos.

Análise por xéneros:

| | Moi grave | Bastante grave | Leve | Non son problema |
|---|---|---|---|---|
| Home | 5,5 | 63,3 | 15,9 | 3,1 |
| Muller | 6,4 | 68,2 | 13,0 | 2,9 |

Análise por grupo de idade:

| | Moi grave | Bastante grave | Leve | Non son problema |
|---|---|---|---|---|
| 18-34 | 2,4 | 63,6 | 20,4 | 6,2 |
| 35-54 | 5,2 | 64,4 | 17,5 | 2,0 |
| 55-74 | 6,9 | 69,1 | 7,5 | 2,2 |
| ≥75 | 16,9 | 69,7 | 3,6 | 0,0 |

## 21. Delincuencia relacionada coas drogas en Vigo

A maioría das persoas achan que a delincuencia ligada ás drogas representa en Vigo un problema bastante grave (64,7%) ou moi grave (7,4%). Para un 1,5% esta delincuencia non é un problema, sendo leve para o 14,7%. Un 11,8% non respondeu esta pregunta.

Por zonas, existe maior preocupación pola delincuencia relacionada coa drogadicción entre as persoas residentes na zona urbana (75,0%) que na rural (67,1%) e semiurbana (69,8%).

Segundo a análise deste parámetro por xéneros e idade, de forma semellante ao realizado no ítem anterior, as mulleres e as persoas con máis idade mostran unha maior sensibilidade ante esta problemática.

Análise por xéneros:

| | Moi grave | Bastante grave | Leve | Non son problema |
|---|---|---|---|---|
| Home | 7,1 | 62,5 | 16,1 | 1,6 |
| Muller | 7,6 | 66,5 | 13,5 | 1,3 |

Análise por grupo de idade:

| | Moi grave | Bastante grave | Leve | Non son problema |
|---|---|---|---|---|
| 18-34 | 4,0 | 61,1 | 22,2 | 3,3 |
| 35-54 | 6,4 | 62,9 | 17,7 | 1,1 |
| 55-74 | 8,3 | 69,1 | 7,3 | 0,6 |
| ≥75 | 18,5 | 69,7 | 1,5 | 0,0 |

## 22. Uso dos telefones de emerxencias

Case un terzo das persoas inquiridas (32,4%) chamou aos principais servizos telefónicos de urxencia (091, 092 ou 112). Un 2,4% non respondeu esta pregunta.

Unha análise deste parámetro en función da zona de residencia permite concluír que os moradores na zona semiurbana (36,7%) e rural (34,3%) recorreron a estes dispositivos en maior proporción que os da urbana (28,8%).

Por xéneros non existen diferenzas estatisticamente significativas: a porcentaxe de homes (32,5%) que utilizou estes sistemas de comunicación de urxencias é moi similar á de mulleres (32,2%). En troca, por grupos de idade si que existen variacións importantes, sendo o colectivo de menos e o de máis idade quen menos recorreu a eles (27,1% e 31,3%, respectivamente), contra o 38,4% dos comprendidos entre 55-74 anos e o 32,5% dos comprendidos entre 35-54.

## 23. Motivos das chamadas de emerxencia

A razón principal pola que se realizou unha chamada de urxencia no último ano foi por unha urxencia médica (21,6%). A seguir áchanse outras razóns como solicitar informacións relativas ao DNI, tráfego,.. (8,7%), por un acidente de tráfico (7,8%), queixa por ruídos na rúa (6,7%), para presentar unha queixa telefónica ou por aviso de incendio (5,3% ambas). En menor grao, para presentar unha queixa contra os veciños (4,2%), un aviso de briga na rúa (3,7%), queixa por ruídos en establecementos públicos (3,4%), por un aviso de venda de droga (1,2%) ou por sofrer unha agresión (0,8%). Un 15,7% aduciu outras causas como motivo desa chamada de urxencia.

Aínda que as persoas residentes nas tres zonas en que se dividiu o municipio a efectos deste estudo concordan en situar, en primeiro lugar, unha urxencia médica (nunha porcentaxe que vai do 26,5% na área rural a aproximadamente o 21% na urbana e semiurbana), existe unha motivación diferente en función da zona de residencia. Así, a proporción de persoas que chamaron a estes servizos para solicitar informacións na zona semiurbana (10,0%) ou urbana (8,7%) duplica á rexistrada na zona rural (5,1%).

Outro aspecto no que a porcentaxe de chamadas na zona rural (11,2%) ou semiurbana (10,8%) triplica á urbana (3,8%) é cando a causa da chamada trata dun accidente de tráfico. Similares porcentaxes e diferenzas entre zonas corresponden aos avisos por acto vandálico na zona rural (11,2%), semiurbana (8,5%) e urbana (3,8%).

Pola súa idiosincrasia particular, as persoas residentes na zona urbana presentan unhas motivacións peculiares face as residentes noutras zonas con respecto á denuncia telefónica (9,4%), a queixa por ruídos na rúa (8,0%), por sofrer un roubo (7,3%) ou queixa contra veciños (5,9%). Neste último caso tamén é considerábel a porcentaxe que se observa na zona rural (5,1%).

Análise por xéneros:

| | Home | Muller |
|---|---:|---:|
| Denuncia telefónica | 6,3 | 4,4 |
| Queixa contra veciños | 4,6 | 3,8 |
| Aviso de venda de droga | 0,7 | 1,8 |
| Aviso de briga na rúa | 5,0 | 2,6 |
| Aviso de fogo | 5,3 | 5,3 |
| Queixa por ruídos na rúa | 8,6 | 5,0 |
| Queixa por ruídos en establecementos públicos | 4,6 | 2,6 |
| Por ter sofrido unha agresión | 0,7 | 0,9 |

| | | |
|---|---|---|
| Por ter sofrido un roubo | 5,3 | 5,3 |
| Aviso de acto vandálico | 7,6 | 6,1 |
| Para solicitar informacións (DNI, tráfego,...) | 10,3 | 7,3 |
| Por un acidente de tráfego | 7,9 | 7,6 |
| Por unha urxencia médica | 18,2 | 24,6 |
| Por outras causas | 10,9 | 19,9 |

Tal como mostra a tabela anterior, existen diferenzas significativas nas respostas dadas por homes e mulleres. Así, as mulleres recorreron a estes servizos de urxencias motivadas por unha urxencia médica en maior proporción (24,6%) do que os homes (18,2%). En xeral, estes últimos presentaron un maior nivel de uso destes servizos por causas como solicitar informacións (10,3%), por queixa de ruídos na rúa (8,6%), denuncia telefónica (6,3%) ou aviso de briga na rúa (5,0%).

Análise por grupo de idade:

| | 18-34 | 35-54 | 55-74 | ≥75 |
|---|---|---|---|---|
| Denuncia telefónica | 4,0 | 5,0 | 7,2 | 3,3 |
| Queixa contra veciños | 1,3 | 4,2 | 7,2 | 1,6 |
| Aviso de venda de droga | 0,0 | 0,8 | 2,6 | 1,6 |
| Aviso de briga na rúa | 13,4 | 0,8 | 0,5 | 1,6 |
| Aviso de fogo | 11,4 | 4,2 | 3,1 | 1,6 |
| Queixa por ruídos na rúa | 0,0 | 4,2 | 13,3 | 11,5 |
| Queixa por ruídos en establecementos públicos | 1,3 | 5,0 | 4,1 | 1,6 |
| Por ter sofrido unha agresión | 0,0 | 0,8 | 1,5 | 0,0 |
| Por ter sofrido un roubo | 5,4 | 6,3 | 5,1 | 1,6 |
| Aviso de acto vandálico | 3,4 | 7,1 | 8,2 | 9,8 |
| Para solicitar informacións (DNI, tráfego,...) | 14,1 | 9,2 | 6,7 | 0,0 |
| Por un acidente de tráfego | 10,1 | 12,6 | 2,6 | 0,0 |
| Por unha urxencia médica | 16,8 | 20,5 | 21,5 | 37,7 |
| Por outras causas | 16,8 | 16,3 | 12,3 | 21,3 |

Tal como mostra a tabela anterior, a análise por grupos de idade presenta diferenzas importantes. Face a outros grupos de idade, as persoas con máis de 75 anos recorreron a estes servizos por causa dunha urxencia médica (37,7% face o 16,8% dos máis novos) ou para avisar dun acto de vandalismo (9,8% face o 3,4% dos máis novos). Ao contrario, os máis novos fixeron uso destes servizos de urxencia en maior proporción do que o resto para solicitar informacións (14,1%), realizar un aviso de briga na rúa (13,4%) ou aviso por incendio (11,4%).

En maior ou menor grao, as motivacións da poboación situada entre os 35-74 anos comprenden a maior parte das opcións propostas, salvo no caso das persoas idosas e as máis novas, sen calquera incidencia nalgunha das motivacións propostas na enquisa. Así sendo, non aparecen como motivacións das persoas con máis idade chamar a estes números de urxencia por sofrer unha agresión, para solicitar informacións ou por causa dun acidente de tráfico. No caso dos máis novos, tamén non existen motivacións urxentes nos casos de aviso de venda de droga, queixa por ruídos na rúa ou, como no caso dos máis vellos, por sofrer unha agresión.

## 24. Satisfación cos servizos telefónicos de emerxencia

En xeral, a maioría (54,2%) das persoas que recorreron a estes servizos telefónicos de urxencia séntense satisfeitos coa forma en que foron atendidos (42,4% bastante satisfeitos, 13,8% moi satisfeitos). Polo contrario, non se sentiron nada satisfeitos o 16,6% e pouco satisfeitos o 15,8% das persoas entrevistadas que os utilizaron. Un 11,3% non respondeu esta pregunta.

Por zonas, mostráronse máis satisfeitas as persoas residentes na zonas semiurbana e rural (59,8% e 59,2%, respectivamente) que na urbana (51,9%).

Como se pode comprobar na seguinte tabela non existen diferenzas significativas no grao de satisfacción expresado por xéneros.

| | Home | Muller |
|---|---|---|
| Moi satisfeito | 12,6 | 14,9 |
| Bastante satisfeito/a | 42,7 | 42,1 |
| Pouco satisfeito/a | 16,6 | 15,2 |
| Nada satisfeito/a | 17,5 | 15,8 |
| Ns/Nr | 10,6 | 12,0 |

Polo contrario, por grupos de idade, tal como mostra a seguinte tabela, existen diferenzas significativas no nivel de satisfación.

| | 18-34 | 35-54 | 55-74 | ≥75 |
|---|---|---|---|---|
| Moi satisfeito | 9,4 | 10,9 | 14,4 | 34,4 |
| Bastante satisfeito/a | 48,3 | 49,4 | 31,8 | 34,4 |
| Pouco satisfeito/a | 14,1 | 13,0 | 22,6 | 9,8 |
| Nada satisfeito/a | 10,1 | 18,8 | 21,5 | 8,2 |
| Ns/Nr | 18,1 | 7,9 | 9,7 | 13,1 |

Unha análise das respostas reflectidas nesta tabela permite concluír que existe un nivel de satisfacción xeneralizado en todos os grupos de idade, salvo o comprendido entre os 55-74

anos, cuxa satisfación do 46,2% contrasta coa do 64,8%, 63,0% e 57,7% das persoas con máis de 75, as comprendidas entre 35-54 e as que teñen menos de 35, respectivamente.

## 25. Eficacia das forzas de seguranza

En xeral, a cidadanía entrevistada, nunha porcentaxe que vai do 40% ao 52%, decantouse pola opción espontánea de que todos os corpos e forzas de seguranza son igualmente eficaces na resolución dos ítems analisados.

A Policía Municipal é o corpo máis eficaz para a atención ás vítimas dos delitos (29%) como para a prestación de auxilio en caso de necesidade (24%). A Policía Nacional é o corpo máis valorado na prevención das desordes públicas (33%) e na prevención da delincuencia (15%). A Garda Civil éo no caso da protección da cidadanía (22%) e na persecución do delito (16%).

A seguir móstrase unha análise máis pormenorizada destes parámetros en función da zona de residencia, xéneros e grupos de idade das persoas inquiridas.

Análise por zonas:

*A protección da cidadanía*

A Garda Civil é o corpo co que se identificou, en maior proporción, a cidadanía residente nas tres zonas analisadas, destacando a maior porcentaxe na rural (33,6%). En segundo lugar, áchase a Policía Nacional cunhas porcentaxes que van do 17,8% da rural ao 10,6% da semiurbana. A Policía Local, que se sitúa en terceiro lugar de preferencia, presenta unha maior valoración na urbana (12,5%).

*A prevención das desordes públicas*

A Policía Nacional é o corpo de seguranza máis valorado para esta función, con porcentaxes que van do 45,1% da zona rural ao 29,9% da urbana. Mentres que a Policía Local ocupa o segundo lugar de preferencia nos residentes na zona urbana (14%), a Garda Civil ocupa esta posición entre os residentes na rural (7,7%) e semiurbana (2,6%).

*A prevención da delincuencia*

A Policía Nacional é a primeira opción escollida polos residentes na zona urbana (20,5%) e rural (28,0%), mentres que a Garda Civil o é no caso da semiurbana (20,1%). A segunda opción de preferencia na zona urbana é a Policía Local (10,3%) que, pola súa vez, representa a terceira opción na rural e semiurbana.

*A persecución do delito*

Co 23,4% e o 17,6%, a Policía Nacional é a primeira opción das persoas residentes na zona rural e urbana, respectivamente, contra o 1,4% da semiurbana, onde a Garda Civil ocupa o primeiro lugar co 19,4%. Este último corpo de seguranza é a segunda opción nas zonas urbana e rural. A Policía Autonómica ocupa o segundo lugar na preferencia dos residentes na zona semiurbana (7,1%).

*A atención ás vítimas dos delitos*

Neste parámetro, a Policía Local é o corpo preferente da cidadanía inquirida en todas as zonas analisadas, variando desde o 52,8% da rural ao 30,4% da semiurbana e 21,1% da urbana. Cabo destacar a porcentaxe do 14,4% adxudicado á Policía Nacional polos residentes na zona urbana.

*A prestación de auxilio en caso de necesidade*

Novamente a Policía Local é a preferencia principal da cidadanía entrevistada en todas as zonas analisadas, nun abano que vai do 40,9% da zona rural ao 23,0% da semiurbana e 20,5% da urbana. Cabe destacar a porcentaxe do 13,3% adxudicada á Policía Nacional polos residentes na zona urbana.

Análise por xéneros:

(Leitura: GC= Guarda Civil; PN= Policía Nacional; PL= Policía Local; PA= Policía Autonómica)

| | Xénero | GC | PN | PL | PA | Ningunha | Todas | Ns/Nr |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| A protección da cidadanía | Home | 23,7 | 12,6 | 7,9 | 2,0 | 2,7 | 40,2 | 10,9 |
| | Muller | 20,1 | 15,1 | 9,4 | 2,0 | 2,9 | 39,5 | 11,0 |
| A prevención das desordes públicas | Home | 4,5 | 34,4 | 6,9 | 1,1 | 2,8 | 39,3 | 11,0 |
| | Muller | 5,5 | 32,1 | 9,0 | 0,8 | 2,5 | 39,2 | 10,7 |
| A prevención da delincuencia | Home | 12,2 | 15,6 | 7,2 | 5,0 | 3,0 | 45,8 | 11,2 |
| | Muller | 12,7 | 14,5 | 9,2 | 3,9 | 3,5 | 44,3 | 11,9 |
| A persecución do delito | Home | 16,5 | 12,8 | 5,6 | 5,1 | 2,5 | 46,1 | 11,4 |
| | Muller | 15,2 | 12,6 | 7,5 | 4,7 | 2,7 | 45,1 | 12,2 |
| A atención ás vítimas dos delitos | Home | 2,6 | 7,9 | 28,9 | 0,8 | 2,7 | 46,0 | 11,2 |
| | Muller | 3,1 | 7,7 | 29,0 | 0,5 | 3,0 | 45,2 | 11,4 |
| A prestación de auxilio en caso de necesidade | Home | 2,3 | 7,2 | 22,6 | 0,8 | 2,9 | 52,6 | 11,6 |
| | Muller | 2,1 | 6,9 | 25,8 | 0,6 | 2,8 | 50,7 | 11,1 |

## Análise por grupos de idade:

| | Idade | GC | PN | PL | PA | Ningunha | Todas | Ns/Nr |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| A protección da cidadanía | 18-34 | 24,2 | 13,1 | 9,1 | 2,7 | 4,7 | 38,2 | 8,0 |
| | 35-54 | 21,1 | 15,5 | 8,7 | 2,0 | 2,3 | 38,0 | 12,4 |
| | 55-74 | 18,7 | 13,2 | 8,7 | 2,0 | 2,6 | 42,3 | 12,6 |
| | ≥75 | 25,6 | 12,3 | 7,7 | 0,0 | 0,0 | 44,6 | 9,7 |
| A prevención das desordes públicas | 18-34 | 5,1 | 35,3 | 9,1 | 0,9 | 4,0 | 37,8 | 7,8 |
| | 35-54 | 3,9 | 35,2 | 7,9 | 1,4 | 2,4 | 37,0 | 12,2 |
| | 55-74 | 4,5 | 31,3 | 6,1 | 0,4 | 2,6 | 42,3 | 12,8 |
| | ≥75 | 10,3 | 24,6 | 10,8 | 1,0 | 0,0 | 44,1 | 9,2 |
| A prevención da delincuencia | 18-34 | 10,5 | 15,5 | 10,0 | 4,0 | 4,5 | 47,5 | 8,0 |
| | 35-54 | 12,2 | 16,0 | 7,5 | 5,7 | 3,4 | 41,3 | 13,9 |
| | 55-74 | 13,2 | 15,0 | 6,3 | 3,1 | 3,0 | 46,7 | 12,8 |
| | ≥75 | 16,9 | 10,3 | 11,8 | 3,6 | 0,0 | 47,7 | 9,7 |
| A persecución do delito | 18-34 | 14,7 | 13,1 | 7,6 | 5,6 | 4,0 | 46,9 | 8,0 |
| | 35-54 | 16,4 | 13,2 | 6,9 | 4,9 | 2,3 | 42,3 | 14,0 |
| | 55-74 | 15,2 | 12,0 | 4,7 | 4,1 | 2,6 | 48,0 | 13,4 |
| | ≥75 | 17,9 | 11,8 | 7,7 | 4,6 | 0,0 | 47,7 | 10,3 |
| A atención ás vítimas dos delitos | 18-34 | 3,5 | 10,7 | 25,6 | 1,5 | 4,2 | 46,7 | 7,8 |
| | 35-54 | 2,4 | 7,3 | 31,3 | 0,1 | 3,0 | 42,8 | 13,0 |
| | 55-74 | 2,6 | 5,9 | 28,1 | 0,6 | 2,4 | 47,2 | 13,2 |
| | ≥75 | 3,6 | 6,2 | 31,8 | 0,0 | 0,0 | 48,7 | 9,7 |
| A prestación de auxilio en caso de necesidade | 18-34 | 2,9 | 6,7 | 26,4 | 1,5 | 4,2 | 50,7 | 7,6 |
| | 35-54 | 1,4 | 7,9 | 23,9 | 0,5 | 2,6 | 49,9 | 13,9 |
| | 55-74 | 2,0 | 6,5 | 22,2 | 0,0 | 2,8 | 53,7 | 12,8 |
| | ≥75 | 3,6 | 6,2 | 25,6 | 0,5 | 0,5 | 54,9 | 8,7 |

# PARTE IV

## COMPARATIVA DE VIGO CON OUTRAS CIDADES EUROPEAS

### 1. Introdución

Este apartado albexa ofrecer unha perspectiva comparada sobre a situación da seguranza entre diferentes cidades europeas e españolas que realizaron sondaxes de vitimización entre os seus habitantes durante os últimos anos e a cidade de Vigo.

Para realizar unha análise comparativa desta natureza hai que levar en conta a dificuldade que acarreta ao utilizarse distintas metodoloxías e non dispor de todas as variábeis de forma harmonizada nas sondaxes realizadas en España e no conxunto europeo. As maiores dificuldades áchanse, por un lado, na diferente delimitación temporal das enquisas en relación ao período en que aconteceu o acto causante da vitimización. Por outro lado, tamén existen diferenzas na elección da mostra empregada, a idade das persoas entrevistadas, a técnica utilizada na enquisa ou a definición dos actos delituosos. Por estes motivos resulta difícil realizar un estudo rigoroso sobre o tema. Con todo, en liñas xerais pódese nunha serie de temas comúns que afectan á seguranza da cidadanía e que son tratados na maioría das sondaxes de vitimización.

Para realizar esta análise vanse a utilizar datos procedentes de enquisas recoñecidas internacionalmente como é a Enquisa Europea EU ICS, que analisa a vitimización en diferentes cidades europeas, xunto con enquisas de carácter estatal realizadas en España coa mesma metodoloxía ICVS e outras realizadas por distintos organismos e corporacións locais. A metodoloxía da enquisa International Crime Victims Survey (ICVS), que é a que se emprega na enquisa EU ICS, é considerada por algúns expertos en criminoloxía como unha das mellores ferramentas desenvolvidas até agora para observar e analisar o volume da criminalidade, as percepcións sobre o crime e as actitudes cara ao sistema de xustiza penal dunha perspectiva internacional comparada.

Por outra parte, tamén se considerarán para a análise enquisas europeas como o Eurobarómetro e outros estudos de carácter máis xeneralista. Estes factores, portanto, xustifican o feito de que os resultados deban ser tratados con especial cautela e servir como unha orientación xeral e non como un estudo científico profundo.

Para a valoración da situación en España utilizaranse os resultados tirados das experiencias das persoas que participaron no estudo Enquisa a Vítimas en España publicado en 2009 e que toma como base as enquisas internacionais de vitimización realizadas co cuestionario ICVS que tiveron lugar en 1989 e 2005. Outro estudo importante que utiliza a mesma metodoloxía e explora a situación das capitais andaluzas é o titulado “A Delincuencia nas capitais andaluzas” publicado en 2008, ambos realizados polo Observatorio da Delincuencia de Andalucía. Os datos de Málaga corresponden á enquisa realizada en 2006, os de Córdoba, Huelva e Sevilla a 2007 e Almería, Jaén, Granada e Cádiz a 2008.

## 2. Sentimento xeral de seguranza da poboación

En primeiro lugar, unha das cuestións máis indicativas sobre a situación da seguranza dun país é o nivel de importancia que outorgan os seus habitantes a este aspecto das súas vidas. En xeral, costúmase prestar moita atención a esta variábel, xa que reflicte o sentimento xeral da poboación. Na Europa, varios estudos de opinión fixéronse eco desta cuestión e, en concreto, o estudo de opinión Enquisa estándar 79 do Eurobarómetro, realizado en maio de 2013 en 34 países ou territorios europeos, revelaba que o desemprego é actualmente a maior preocupación dos europeos e que o problema do crime áchase entre os cinco principais problemas que encaran o conxunto de países europeos.

### *Cales considera que son os dous problemas máis importantes que encara a UE?*




Eurobarómetro 79: setembro 2013

Eurobarómetro 78: agosto 2012

Fonte: Standard Eurobarometer 79 Spring 2013. Public Opinion in the European Union. First results.

Os resultados para España desta sondaxe tamén sitúan o crime entre os cinco primeiros problemas, aínda que cunha porcentaxe menor á media europea.

***Cales considera que son os dous problemas máis importantes que encara España?***




Fonte: Standard Eurobarometer 79 Spring 2013. Public Opinion in the European Union. First results

A partir desta perspectiva, os datos sobre esta cuestión publicados no Estudo nº 2.997, recentemente elaborado polo Barómetro do Centro de Investigacións Sociolóxicas CIS e correspondente ao mes de setembro de 2013, sitúan o crime entre os problemas principais que existen en España (2,6%). Con todo, obsérvase como foi diminuíndo ao longo do tempo, desde decembro de 2011 co 5,6%, a porcentaxe de persoas que considera a inseguranza cidadá como unha das principais preocupacións dos españois.

Tres problemas principais que existen actualmente en España (multiresposta %)

| | O DESEMPREGO | AS DROGAS | A INSEGURANZA CIDADÁ |
|---|---|---|---|
| 2013 outubro | 77,4 | 0,2 | 2,6 |
| 2013 setembro | 77,3 | 0,4 | 2,8 |
| 2013 xullo | 80,9 | 0,3 | 2,8 |
| 2013 xuño | 80,5 | 0,3 | 3,0 |
| 2013 maio | 82,4 | 0,2 | 2,6 |
| 2013 abril | 80,7 | - | 2,5 |
| 2013 marzo | 81,6 | 0,1 | 2,8 |
| 2013 febreiro | 79,9 | 0,3 | 2,3 |
| 2013 xaneiro | 81,1 | 0,2 | 2,9 |
| 2012 decembro | 77,1 | 0,5 | 2,8 |
| 2012 novembro | 80,8 | 0,3 | 2,5 |
| 2012 outubro | 77,9 | 0,4 | 3,1 |
| 2012 setembro | 79,3 | 0,4 | 3,1 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| 2012 xullo | 78,6 | 0,2 | 4,0 |
| 2012 xuño | 77,8 | 0,4 | 3,9 |
| 2012 maio | 81,7 | 0,5 | 4,5 |
| 2012 abril | 81,7 | 0,4 | 5,4 |
| 2012 marzo | 84,0 | 0,5 | 6,3 |
| 2012 febreiro | 84,0 | 0,6 | 6,6 |
| 2012 xaneiro | 83,3 | 0,6 | 5,7 |
| 2011 decembro | 82,0 | 0,6 | 5,6 |

Fonte: Estudo nº 2.997. Barómetro do Centro de Investigaciones Sociológicas CIS

Por outra banda, o estudo Quality of life in cities, publicado en outubro de 2013 e que fai parte da Auditoría Urbana Europea posta en marcha pola Dirección Xeral de Política Rexional da Comisión Europea, analisa a calidade de vida en 75 cidades europeas prestando atención á percepción da seguranza por parte da cidadanía. Nesta serie de estudos Urban Audit dedicáronse esforzos a avaliar o grao de satisfacción da cidadanía coa seguranza na súa cidade e, en particular, no seu barrio/zona de residencia en distintos períodos, en 2004, en 2006 e en 2009. Hai que referir que estes estudos son posíbeis grazas á actuación conxunta, coordenada por Eurostat, dos 27 institutos nacionais de estatística dos países membros da Unión Europea.

Neste estudo tamén se preguntaba polos tres aspectos máis importantes para a cidade dunha lista de dez: seguranza, contaminación do ar, ruído, transporte público, sanidade, servizos sociais, educación e formación, desemprego, vivenda e infraestrutura de estradas. Os resultados mostran que apesar de a seguridade non ser un dos temas de maior importancia na maioría das cidades inquiridas, con todo, si que foi mencionado en 27 cidades. Mesmo foi considerado o aspecto máis importante de todos en seis cidades: Atenas e Marsella (59% en ambas), Róterdam (53%), Antuerpia e Liexa (49% en ambas) e Bruxelas (48%).

Relativamente ao ámbito da satisfacción coa seguranza cidadá, os datos deste informe de 2012 indican que, en polo menos metade das cidades participantes (40 dun total de 83), tres cuartas partes dos inquiridos como mínimo séntense seguros na súa cidade, e en 13 cidades esta cifra alcanzou valores iguais ou superiores a 90%. Este é o caso de Munique (96%), Aalborg (95%), Oviedo, Oulu e Zurique que rexistran as tres unha porcentaxe de 94%. En comparación cos datos correspondentes ao ano 2009, cando se levou a cabo este mesmo estudo, Oviedo (84 %), Aalborg (78 %), Oulu (77 %), e Munique (76 %) seguen estando entre as cinco cidades onde as persoas se senten máis seguras.

Síntome seguro na miña cidade

| | Totalmente en desacordo | Totalmente de acordo |
|---|---|---|
| Munique | 4 | 96 |
| Aalborg | 4 | 95 |
| Zurique | 6 | 94 |
| Oviedo | 5 | 94 |
| Oulu | 6 | 94 |
| Groninga | 7 | 93 |
| Copeñaga | 8 | 92 |
| Estocolmo | 9 | 91 |
| Reiquiavique | 8 | 91 |
| Luxemburgo | 9 | 91 |
| Liubliana | 10 | 90 |
| Helsinquia | 10 | 90 |
| Cluj-Napoca | 10 | 90 |

Fonte: Quality of life in cities. Perception Survey in 79 European cities.

As gráficas que proporcionan os valores rexistrados en todas as cidades permiten observar principalmente dous grupos ben diferenciados. Por un lado, pódense identificar as cidades mencionadas que rexistraron valores elevados, isto é, as cidades cuxa porcentaxe de poboación, superior a 90%, afirmou sentirse totalmente de acordo coa afirmación "síntome seguro na miña cidade". Pola contra, as cidades onde unha maioría non estaba de acordo con esta afirmación e expresaron sentirse máis inseguros foron Atenas (81%), a rexión circundante de Atenas (78%), Marsella (76%), Liexa (59%), Nápoles (58%) e Sofía (55%).

Síntome seguro na miña cidade

| | Totalmente en desacordo | Totalmente de acordo |
|---|---|---|
| Sofía | 55 | 43 |
| Nápoles | 58 | 41 |
| Liexa | 59 | 40 |
| Marsella | 67 | 32 |
| Atenas (arredores) | 78 | 22 |
| Atenas | 81 | 19 |

Fonte: Quality of life in cities. Perception Survey in 79 European cities.

Os resultados globais rexistrados por todas as cidades pódense analisar na seguinte gráfica.

## Síntome seguro na miña cidade

| | Moi de acordo | De acordo | Desacordo | Total desacordo | Ns/Nr |
|---|---|---|---|---|---|
| Munique | 59 | 37 | 4 | 0 | 0 |
| Aalborg | 69 | 26 | 4 | 0 | 1 |
| Zurique | 57 | 37 | 5 | 1 | 0 |
| Oviedo | 59 | 35 | 3 | 2 | 1 |
| Oulu | 54 | 40 | 6 | 0 | 0 |
| Groninga | 49 | 44 | 6 | 1 | 0 |
| Copeñaga | 49 | 43 | 6 | 2 | 0 |
| Estocolmo | 46 | 45 | 8 | 1 | 0 |
| Reiquiavique | 45 | 46 | 7 | 1 | 1 |
| Luxemburgo | 46 | 45 | 6 | 3 | 0 |
| Liubliana | 57 | 33 | 6 | 4 | 0 |
| Helsinquia | 49 | 41 | 8 | 2 | 0 |
| Cluj-Napoca | 47 | 43 | 7 | 3 | 0 |
| Viena | 51 | 37 | 9 | 3 | 0 |
| Graz | 45 | 42 | 10 | 2 | 0 |
| Bialystok | 34 | 53 | 9 | 3 | 0 |
| Piatra Neamt | 40 | 46 | 7 | 6 | 1 |
| Hamburgo | 30 | 56 | 12 | 1 | 1 |
| Rostock | 33 | 51 | 12 | 2 | 2 |
| Oslo | 35 | 49 | 11 | 5 | 0 |
| Newcastle | 38 | 46 | 9 | 6 | 1 |
| Ancara | 43 | 41 | 9 | 7 | 0 |
| Amsterdam | 32 | 52 | 11 | 4 | 1 |
| Gdansk | 30 | 53 | 14 | 2 | 1 |
| Cardife | 35 | 48 | 10 | 6 | 1 |
| Belfast | 33 | 50 | 9 | 7 | 1 |
| Zagreb | 38 | 43 | 13 | 6 | 0 |
| Cracovia | 19 | 62 | 15 | 3 | 1 |
| Antalya | 46 | 35 | 11 | 7 | 1 |
| Varsovia | 24 | 55 | 16 | 4 | 1 |
| Leipzig | 24 | 55 | 17 | 3 | 1 |
| Dortmund | 26 | 53 | 16 | 4 | 1 |
| Braga | 12 | 67 | 18 | 2 | 1 |
| Verona | 19 | 59 | 16 | 5 | 1 |
| Málaga | 36 | 42 | 15 | 6 | 1 |

| | Moi de acordo | De acordo | Desacordo | Total desacordo | Ns/Nr |
|---|---|---|---|---|---|
| Glasgow | 29 | 49 | 12 | 9 | 1 |
| Bordeus | 22 | 54 | 18 | 5 | 1 |
| Valeta | 47 | 28 | 14 | 10 | 1 |
| Malmö | 30 | 45 | 16 | 8 | 1 |
| Essen | 24 | 51 | 18 | 4 | 3 |
| París | 19 | 55 | 18 | 8 | 0 |
| Manchester (arredores) | 25 | 49 | 17 | 8 | 1 |
| Estrasburgo | 20 | 53 | 19 | 8 | 0 |
| Manchester | 26 | 47 | 16 | 10 | 1 |
| Barcelona | 27 | 46 | 18 | 8 | 1 |
| Róterdam | 22 | 50 | 19 | 8 | 1 |
| Rennes | 19 | 52 | 20 | 8 | 1 |
| Londres | 19 | 52 | 15 | 12 | 2 |
| Tallin | 22 | 47 | 23 | 5 | 3 |
| Lisboa (arredores) | 10 | 59 | 24 | 6 | 1 |
| Boloña | 21 | 48 | 21 | 9 | 1 |
| Madrid | 23 | 45 | 20 | 11 | 1 |
| Burgas | 24 | 44 | 19 | 11 | 2 |
| Praga | 12 | 55 | 25 | 8 | 0 |
| Irakleio | 27 | 39 | 18 | 16 | 0 |
| Nicosia | 27 | 38 | 16 | 18 | 1 |
| Riga | 14 | 50 | 28 | 8 | 0 |
| Palermo | 14 | 50 | 19 | 16 | 1 |
| Diyarbakir | 40 | 24 | 13 | 22 | 1 |
| Berlín | 14 | 50 | 29 | 6 | 1 |
| Antuerpia | 22 | 42 | 19 | 16 | 1 |
| Vilna | 19 | 44 | 29 | 7 | 1 |
| Xénova | 21 | 42 | 20 | 17 | 0 |
| Dublín | 20 | 42 | 19 | 18 | 1 |
| Turín | 13 | 48 | 26 | 12 | 1 |
| Kosice | 17 | 44 | 31 | 7 | 1 |
| Bratislava | 11 | 50 | 30 | 7 | 2 |
| Lisboa | 7 | 53 | 31 | 7 | 2 |
| Lille | 13 | 46 | 26 | 14 | 1 |
| París (arredores) | 11 | 47 | 28 | 13 | 1 |
| Budapeste | 16 | 41 | 23 | 20 | 0 |
| Roma | 9 | 46 | 29 | 14 | 2 |

| | Moi de acordo | De acordo | Desacordo | Total desacordo | Ns/Nr |
|---|---|---|---|---|---|
| Miskolc | 14 | 39 | 29 | 18 | 0 |
| Bruxelas | 12 | 41 | 26 | 20 | 1 |
| Bucareste | 10 | 42 | 24 | 23 | 1 |
| Ostrava | 7 | 43 | 32 | 17 | 1 |
| Sofía | 7 | 36 | 29 | 26 | 2 |
| Nápoles | 9 | 32 | 30 | 28 | 1 |
| Lieja | 9 | 31 | 27 | 32 | 1 |
| Marsella | 7 | 25 | 29 | 38 | 1 |
| Atenas (arredores) | 5 | 17 | 26 | 52 | 0 |
| Atenas | 3 | 16 | 22 | 59 | 0 |

Fonte: Quality of life in cities. Perception Survey in 79 European cities.

É interesante o facto de o tamaño da cidade parecer ser determinante no relativo ao sentimento de seguranza, xa que unicamente catro cidades cunha poboación superior ao millón de habitantes se achan entre os vinte primeiros postos.

As porcentaxes de persoas que nalgunha proporción están de acordo coa afirmación "síntome seguro na miña cidade" difiren de forma significativa nas capitais europeas. Como mostra a seguinte tabela estes valores oscilan entre o 92% alcanzado en Copeñaga ate o 19% que rexistra Atenas.

Síntome seguro na miña cidade. Grao de consenso (totalmente de acordo) nas capitais europeas.

| | Totalmente de acordo |
|---|---|
| Copeñaga | 92 |
| Helsinquia | 91 |
| Luxemburgo | 91 |
| Estocolmo | 91 |
| Liubliana | 90 |
| Viena | 87 |
| Amsterdam | 84 |
| Zagreb | 80 |
| Varsovia | 79 |
| Valeta | 75 |
| París | 74 |
| Londres | 71 |

| | |
|---|---|
| Tallin | 69 |
| Madrid | 68 |
| Praga | 67 |
| Nicosia | 65 |
| Berlín | 64 |
| Riga | 64 |
| Vilna | 63 |
| Dublín | 62 |
| Bratislava | 61 |
| Lisboa | 60 |
| Budapest | 57 |
| Roma | 55 |
| Bruxelas | 53 |
| Bucareste | 52 |
| Sofía | 42 |
| Atenas | 19 |

Fonte: Quality of life in cities. Perception Survey in 79 European cities.

Segundo estes resultados, pódese comprobar que os inquiridos en París son máis propensos a exprimir que se senten seguros na cidade en comparación cos inquiridos que habitan nos arredores de París (74% contra 58%). Ao contrario, as persoas entrevistadas que viven na cidade de Lisboa en xeral séntense menos seguras do que as persoas que habitan nos arredores da capital portuguesa (60% contra 69%).

De acordo cos resultados da enquisa na zona de Vigo, o índice de persoas que se sente satisfeito ou moi satisfeito coa seguranza existente dá como resultado unha porcentaxe do 95,6%, o cal indica que existe unha alta proporción de persoas que se senten seguras. Polo contrario, os inquiridos que declararon sentirse insatisfeitos foron un 3,8% e moi insatisfeitos un 0,6%, o que significa que, de forma global, unicamente o 4,4% de persoas non se sente totalmente seguro.

Outro aspecto analisado nesta enquisa é o grado de seguranza que experimentan as persoas no barrio/zona en que viven. Na UE todas as cidades menos nunha, a maioría dos inquiridos afirmou sentirse seguro no seu barrio e, en vinte cidades polo menos, o 90% afirmou estar de acordo con este sentimento.

Síntome seguro na miña zona de residencia

| | Totalmente en desacordo | Totalmente de acordo |
|---|---|---|
| Munique | 3 | 97 |
| Aalborg | 3 | 97 |
| Zurique | 4 | 96 |
| Estocolmo | 4 | 96 |
| Reiquiavique | 4 | 95 |
| Oulu | 5 | 95 |
| Helsinquia | 5 | 95 |
| Copeñaga | 4 | 95 |
| Liubliana | 6 | 94 |
| Oslo | 6 | 94 |
| Bialystok | 8 | 92 |
| Groninga | 8 | 92 |
| Oviedo | 9 | 92 |
| Graz | 9 | 91 |
| Luxemburgo | 9 | 91 |
| Zagreb | 9 | 91 |
| Rostock | 8 | 91 |
| Hamburgo | 9 | 91 |
| Malmö | 9 | 90 |
| Rennes | 10 | 90 |

Fonte: Quality of life in cities. Perception Survey in 79 European cities.

Atenas sería a excepción, xa que só o 37% da poboación entrevistada desa cidade afirmou sentirse segura no seu barrio. Só en doce das cidades inquiridas o nivel de acordo con esta afirmación rexistra porcentaxes menores do 70%.

Síntome seguro na miña zona de residencia

| | Totalmente en desacordo | Totalmente de acordo |
|---|---|---|
| Xénova | 30 | 70 |
| Vilna | 30 | 69 |
| Bucarest | 31 | 69 |
| Ostrava | 32 | 68 |
| Roma | 32 | 67 |
| Marsella | 33 | 67 |
| Irakleio | 33 | 67 |
| Miskolc | 34 | 66 |
| Nápoles | 34 | 65 |
| Sofía | 39 | 60 |
| Atenas (arredores) | 42 | 58 |
| Atenas | 63 | 37 |

Fonte: Quality of life in cities. Perception Survey in 79 European cities.

Con estes datos, Grecia é de novo o país cun maior nivel de inseguranza percibida. Atenas cun 63% é, sen dúbida, a cidade onde hai un maior número de persoas que non se senten seguras no seu barrio. A seguir áchase con niveis elevados de inseguranza no barrio os arredores de Atenas (42%) e a cidade de Sofía (39%).

O seguinte cadro mostra os valores alcanzados para cada unha das cidades europeas con respecto a esta variábel.

Síntome seguro na miña zona de residencia

| | Moi de acordo | De acordo | Desacordo | Total desacordo | Ns/Nr |
|---|---|---|---|---|---|
| Munique | 64 | 33 | 3 | 0 | 0 |
| Aalborg | 82 | 15 | 2 | 1 | 0 |
| Zurique | 68 | 28 | 3 | 1 | 0 |
| Estocolmo | 70 | 26 | 3 | 1 | 0 |
| Reiquiavique | 62 | 33 | 4 | 0 | 1 |
| Oulu | 66 | 29 | 5 | 0 | 0 |
| Copeñaga | 66 | 29 | 3 | 1 | 1 |
| Helsinquia | 68 | 27 | 4 | 1 | 0 |
| Oslo | 67 | 27 | 4 | 2 | 0 |
| Liubliana | 69 | 25 | 3 | 3 | 0 |

| | Moi de acordo | De acordo | Desacordo | Total desacordo | Ns/Nr |
|---|---|---|---|---|---|
| Oviedo | 60 | 32 | 5 | 3 | 0 |
| Groninga | 54 | 38 | 7 | 1 | 0 |
| Bialystok | 47 | 45 | 6 | 2 | 0 |
| Zagreb | 58 | 33 | 6 | 3 | 0 |
| Rostock | 50 | 41 | 7 | 1 | 1 |
| Luxemburgo | 58 | 33 | 6 | 3 | 0 |
| Hamburgo | 48 | 43 | 8 | 1 | 0 |
| Graz | 61 | 30 | 7 | 2 | 0 |
| Rennes | 41 | 49 | 7 | 3 | 0 |
| Malmö | 61 | 29 | 7 | 2 | 1 |
| Viena | 55 | 34 | 7 | 4 | 0 |
| Cluj-Napoca | 51 | 38 | 8 | 3 | 0 |
| Essen | 44 | 44 | 10 | 2 | 0 |
| Bordeus | 44 | 44 | 6 | 6 | 0 |
| Belfast | 52 | 36 | 6 | 6 | 0 |
| Amsterdam | 46 | 42 | 7 | 5 | 0 |
| Varsovia | 37 | 50 | 10 | 3 | 0 |
| Leipzig | 36 | 51 | 10 | 2 | 1 |
| Gdansk | 39 | 48 | 10 | 3 | 0 |
| Dortmund | 44 | 43 | 10 | 2 | 1 |
| Berlín | 42 | 45 | 10 | 2 | 1 |
| Estrasburgo | 39 | 47 | 9 | 5 | 0 |
| Piatra Neamt | 47 | 39 | 6 | 7 | 1 |
| Newcastle | 49 | 37 | 8 | 6 | 0 |
| Manchester (arredores) | 44 | 42 | 8 | 5 | 1 |
| Cardife | 50 | 36 | 8 | 5 | 1 |
| Cracovia | 29 | 56 | 11 | 4 | 0 |
| Braga | 19 | 66 | 12 | 2 | 0 |
| Barcelona | 42 | 42 | 11 | 4 | 1 |
| París | 31 | 52 | 12 | 5 | 0 |
| Glasgow | 52 | 31 | 9 | 7 | 1 |
| Málaga | 49 | 33 | 10 | 7 | 1 |
| Antalya | 56 | 26 | 10 | 8 | 0 |
| Verona | 25 | 56 | 12 | 6 | 1 |
| Róterdam | 40 | 41 | 12 | 6 | 1 |
| Dublín | 48 | 33 | 11 | 8 | 0 |

| | Moi de acordo | De acordo | Desacordo | Total desacordo | Ns/Nr |
|---|---|---|---|---|---|
| Tallin | 31 | 49 | 14 | 5 | 1 |
| París (arredores) | 32 | 48 | 13 | 7 | 0 |
| Madrid | 39 | 41 | 12 | 7 | 1 |
| Ancara | 46 | 34 | 8 | 11 | 1 |
| Praga | 24 | 55 | 17 | 4 | 0 |
| Lila | 31 | 47 | 14 | 8 | 0 |
| Boloña | 27 | 51 | 14 | 7 | 1 |
| Antuerpia | 46 | 32 | 14 | 8 | 0 |
| Valeta | 51 | 26 | 11 | 11 | 1 |
| Manchester | 36 | 41 | 12 | 10 | 1 |
| Londres | 37 | 40 | 14 | 8 | 1 |
| Bratislava | 30 | 47 | 18 | 5 | 0 |
| Lisboa (arredores) | 16 | 60 | 19 | 4 | 1 |
| Lisboa | 16 | 60 | 17 | 6 | 1 |
| Kosice | 30 | 46 | 17 | 7 | 0 |
| Turín | 22 | 53 | 16 | 9 | 0 |
| Nicosia | 40 | 33 | 13 | 14 | 0 |
| Diyarbakir | 53 | 20 | 10 | 16 | 1 |
| Budapeste | 30 | 43 | 16 | 11 | 0 |
| Bruxelas | 31 | 42 | 16 | 11 | 0 |
| Palermo | 21 | 51 | 17 | 11 | 0 |
| Burgas | 31 | 40 | 16 | 12 | 1 |
| Riga | 24 | 46 | 23 | 6 | 1 |
| Lieja | 31 | 39 | 14 | 15 | 1 |
| Xénova | 28 | 42 | 16 | 14 | 0 |
| Vilna | 24 | 45 | 22 | 8 | 1 |
| Bucareste | 22 | 47 | 17 | 14 | 0 |
| Ostrava | 28 | 40 | 22 | 10 | 0 |
| Roma | 18 | 49 | 21 | 11 | 1 |
| Marsella | 24 | 43 | 15 | 18 | 0 |
| Irakleio | 32 | 35 | 15 | 18 | 0 |
| Miskolc | 27 | 39 | 18 | 16 | 0 |
| Nápoles | 20 | 45 | 17 | 17 | 1 |
| Sofía | 18 | 42 | 20 | 19 | 1 |
| Atenas (arredores) | 20 | 38 | 16 | 26 | 0 |
| Atenas | 11 | 26 | 20 | 43 | 0 |

Fonte: Quality of life in cities. Perception Survey in 79 European cities.

Obsérvase que, con relación á seguranza no barrio, entre as vinte primeiras cidades onde os seus habitantes afirmaron sentirse seguros, once delas contan cunha poboación de entre 50.000 e 250.000 habitantes, mentres que só cinco cidades deste tamaño se achan por baixo dos vinte primeiros postos. De novo parece demostrada a existencia dunha conexión entre o tamaño da cidade e o sentimento de inseguranza, malia que a análise das capitais europeas rexistra valores moi diferentes.

Síntome seguro na miña zona de residencia. Grao de consenso (totalmente de acordo) nas capitais europeas.

| | Totalmente de acordo |
|---|---|
| Estocolmo | 96 |
| Copeñaga | 95 |
| Helsinquia | 94 |
| Liubliana | 94 |
| Zagreb | 91 |
| Luxemburgo | 91 |
| Viena | 89 |
| Berlín | 88 |
| Amsterdam | 88 |
| Varsovia | 87 |
| París | 83 |
| Tallin | 80 |
| Madrid | 80 |
| Dublín | 80 |
| Praga | 79 |
| Valeta | 77 |
| Bratislava | 77 |
| Londres | 77 |
| Lisboa | 76 |
| Nicosia | 73 |
| Bruxelas | 72 |
| Budapeste | 72 |
| Riga | 70 |
| Bucareste | 70 |
| Vilna | 69 |
| Roma | 67 |
| Sofía | 60 |
| Atenas | 38 |

Fonte: Quality of life in cities. Perception Survey in 79 European cities.

Na maioría das cidades, comparado o sentimento de seguranza entre a propia cidade e o barrio, a percepción de sentirse seguro no barrio parece ser maior. En trinta e catro cidades, a diferenza entre estes dous parámetros é de, polo menos, 10 puntos porcentuais e en 8 cidades a diferenza supera os 20 puntos. Como mostra a seguinte gráfica, isto acontece particularmente nas seguintes oito cidades.

| | Síntome seguro na miña cidade | Síntome seguro na miña zona de residencia | Diferenza síntome seguro na miña zona de residencia/síntome seguro na miña cidade |
|---|---|---|---|
| Atenas (arredores) | 22 | 58 | 36 |
| Marsella | 32 | 67 | 35 |
| Liexa | 40 | 70 | 30 |
| Nápoles | 41 | 65 | 24 |
| Berlín | 64 | 87 | 23 |
| París (arredores) | 58 | 80 | 22 |
| Bruxelas | 53 | 73 | 20 |

Fonte: Quality of life in cities. Perception Survey in 79 European cities.

En consecuencia, parece existir tamén unha correlación entre estas dúas variábeis que fai pensar que canto máis seguras se sentiren as persoas na cidade, máis seguras se senten no barrio en que habitan. Do mesmo xeito, as persoas mostran unha maior satisfacción por vivir nunha cidade canto máis seguras se sentiren nela.

A partir da última enquisa realizada na cidade de Pamplona no ano 2010, tírase como conclusión que os seus habitantes consideran que é unha cidade moi segura. O 57,1% dos entrevistados afirmou que a seguranza no seu barrio non mudou significativamente desde hai uns anos e o 18,6% pensa que a seguranza na súa zona mellorou. En Barcelona, nunha escala de 0 a 10, os entrevistados na Enquisa de Seguranza Pública da Cataluña 2012 cualificaron cun 5,6 a seguranza da súa cidade no último ano.

Un bo ambiente de convivencia na zona de residencia é un aspecto esencial para a cohesión social e isto resulta moi positivo no que se refire ao sentimento de seguranza percibido polos habitantes. Esta parece ser a situación que experimenta practicamente a maioría de persoas inquiridas en Vigo, xa que a porcentaxe de persoas que se sente satisfeito ou moi satisfeito coa seguranza na zona onde residen alcanza un valor elevado do 98,5% face o 1,5% de entrevistados que declarou sentirse insatisfeito. Así mesmo, igual que acontece na maioría das cidades europeas, os habitantes de Vigo perciben un maior sentimento de seguranza no barrio no que viven que na cidade en xeral.

## 3. Taxa de vitimización

Outro aspecto que se estuda necesariamente nas enquisas é a taxa de vitimización. Entendendo a taxa de vitimización como a porcentaxe de persoas que declaran ser vítimas dun feito delituoso sobre o total da poboación inquirida, débese admitir que, en liñas xerais, produciuse un descenso da criminalidade no conxunto da Unión Europea. Segundo o estudo Criminal Victimisation in International Perspective. Key findings from the 2004-2005 ICVS and EU ICS, que realiza unha análise dos datos obtidos a partir de enquisas ISVS en distintas cidades da EU e do mundo comparados con resultados anteriores, España áchase entre os países cunha das taxas de vitimización máis baixas. Esta é unha tendencia xeral, xa que a maior parte dos países dos que se dispón de datos consecutivos mostran unha clara tendencia á baixa nos niveis de vitimización desde 1995 ou desde 2000. Apesar disto, case o 16% da poboación dos trinta países que participaron na enquisa foi vítima dalgún delito en 2004.

Co obxectivo de comprobar de forma aproximada o nivel de delincuencia das cidades españolas no contexto europeo pódese acudir aos datos da Enquisa European Survey of Crime and Safety (EU ICS), que utiliza a mesma metodoloxía ICVS e na cal tamén participou Madrid na edición de 2004, onde se analisa a taxa de vitimización dalgunhas cidades europeas, entre outros aspectos. Nesta enquisa a taxa media de vitimización das cidades participantes[6] foi de 21,7%, isto indica a porcentaxe media de persoas maiores de 16 anos que foron vítimas dun delito específico ou máis nun período delimitado. Os delitos aos que se refire esta enquisa son dez delitos convencionais, clasificados en: delitos relacionados con vehículos (roubo de automóbil, roubo de obxecto de vehículo, roubo de motocicleta e roubo de bicicleta), roubo en vivenda e roubo simple (sen violencia); e delitos de contacto (roubo con violencia contra as persoas, delitos sexuais e agresións e ameazas).

Obsérvanse taxas relativamente elevadas en cidades como Londres, Amsterdam, Tallin, Belfast, Dublín, xa que superan a media global. Cidades con taxas próximas á media serían Estocolmo, Copeñaga e Oslo. Cidades con taxas baixas son Madrid, Lisboa ou Budapeste. Consoante esta enquisa, Madrid rexistrou unha taxa de vitimización do 13,7% durante o ano anterior á súa realización e dun 53,7% durante os cinco anos anteriores para dez dos once feitos delituosos preguntados na enquisa.

O seguinte cadro mostra as taxas de vitimización rexistradas durante o período 2003-2004, o ano anterior á realización da enquisa, medido como a porcentaxe de poboación que sofreu algún dos dez delitos comúns que se inclúen na enquisa.

6) Un total de 30 cidades.

Taxa de vitimización anual e quinquenal en cidades europeas (porcentaxes)
1989-2005 ICVS e 2005 EU ICS

| | | Taxa anual 10 delitos[7] | Taxas (últimos cinco anos[8]) | Roubo de automóbil | Roubo pezas automóbil | Roubo de motocicletas | Roubo de bicicleta |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Amsterdam | 2005* | 27,0 | 70,4 | 0,7 | 4,2 | 0,4 | 12,0 |
| Atenas | 2005* | 13,5 | 55,6 | 0,7 | 3,7 | 0,5 | 0,9 |
| Belfast | 2005 | 26,1 | 50,6 | 1,9 | 6,7 | 0,2 | 2,6 |
| Berlín | 2005* | 19,3 | 56,9 | 0,4 | 3,9 | 0,6 | 4,1 |
| Bruxelas | 2005* | 20,2 | 56,7 | 0,9 | 6,2 | 0,0 | 1,7 |
| Budapeste | 2005* | 12,6 | 53,7 | 0,4 | 2,2 | 0,0 | 1,6 |
| Copeñaga | 2005* | 22,9 | 66,9 | 1,0 | 1,5 | 0,4 | 9,3 |
| Dublín | 2005* | 25,7 | 56,7 | 3,0 | 6,2 | 0,5 | 4,0 |
| Edimburgo | 2005 | 16,6 | 49,0 | 0,4 | 3,2 | 0,1 | 2,7 |
| Helsinquia | 2005* | 20,5 | 58,7 | 1,7 | 4,2 | 0,1 | 4,0 |
| Lisboa | 2005* | 9,7 | 38,5 | 2,0 | 2,9 | 0,1 | 0,7 |
| Londres | 2005* | 32,0 | 61,4 | 1,3 | 8,5 | 0,5 | 4,7 |
| Madrid | 2005* | 13,7 | 53,7 | 1,8 | 3,9 | 0,1 | 0,2 |
| Oslo | 2004 | 21,5 | 63,0 | 1,0 | 3,5 | 0,2 | 4,6 |
| París | 2005* | 17,8 | 57,0 | 0,2 | 3,0 | 1,0 | 2,7 |
| Reiquiavique | 2004 | 26,4 | 58,5 | 1,0 | 4,6 | 0,1 | 6,2 |
| Roma | 2005* | 16,6 | 53,5 | 3,4 | 5,4 | 0,9 | 0,3 |
| Estocolmo | 2005* | 22,6 | 60,4 | 1,8 | 7,2 | 0,2 | 7,0 |
| Tallin | 2004 | 29,3 | 75,7 | 0,6 | 8,4 | - | 3,3 |
| Viena | 2005* | 17,2 | 56,6 | 0,4 | 4,5 | 0,1 | 2,0 |
| Varsovia | 2005 | 21,9 | 53,5 | 1,6 | 5,0 | 0,0 | 4,8 |
| Zurique | 2005 | 20,1 | 55,4 | 0,2 | 1,9 | 0,8 | 4,6 |

Fonte: European Survey of Crime and Safety (2005 EU ICS). Bruxelas, Gallup Europa.

En España, o estudo Enquisa a Vítimas en España publicado en 2009, indica que se produciu un descenso desta taxa desde hai aproximadamente vinte anos. Segundo este traballo, a taxa de vitimización rexistrada en España no 2008 era de 17,4%, denunciándose cada vez máis os delitos á policía, o cal é algo positivo. Considerando os cinco anos anteriores á realización da enquisa, esta taxa de vitimización en España sería de 48,7%.

7) Taxa de vitimización anual sobre 10 delitos. Nalgúns países non se preguntou aos homes cuestións sobre agresións sexuais.
8) Taxa de vitimización quinquenal sobre 10 delitos.

| Roubo en vivenda | Tentativa roubo en vivenda | Roubo con violencia | Roubo simple | Agresións sexuais a mulleres | Agresións sexuais a homes | Agresións e ameazas |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 2,1 | 1,8 | 1,1 | 4,4 | 3,2 | 0,7 | 5,9 |
| 1,7 | 1,9 | 0,7 | 3,5 | 1,1 | 0,0 | 2,4 |
| 2,9 | 3,5 | 2,5 | 5,9 | 2,0 | 0,2 | 9,2 |
| 1,1 | 1,3 | 1,2 | 5,2 | 2,5 | 1,3 | 4,1 |
| 3,1 | 2,5 | 2,5 | 6,0 | 0,2 | 0,4 | 2,6 |
| 1,2 | 1,0 | 1,1 | 5,5 | 0,3 | 0,0 | 1,6 |
| 2,6 | 1,2 | 1,2 | 4,6 | 3,8 | 2,6 | 3,6 |
| 2,6 | 4,0 | 1,8 | 6,8 | 0,8 | 0,5 | 3,9 |
| 1,4 | 2,1 | 1,2 | 4,6 | 1,2 | 0,6 | 4,6 |
| 4,4 | 0,5 | 1,4 | 3,0 | 4,3 | 0,4 | 4,5 |
| 0,7 | 0,6 | 1,9 | 2,4 | 0,4 | 0,2 | 1,3 |
| 4,5 | 5,1 | 2,6 | 10,2 | 3,0 | 0,5 | 8,6 |
| 1,1 | 1,3 | 1,5 | 4,4 | 0,7 | 0,5 | 2,9 |
| 1,9 | 2,1 | 1,0 | 7,5 | 2,3 | - | 4,1 |
| 1,9 | 2,0 | 1,2 | 4,8 | 0,5 | 0,0 | 3,1 |
| 2,2 | 2,7 | 0,7 | 8,2 | 2,6 | - | 7,0 |
| 1,5 | 2,1 | 0,7 | 3,2 | 0,9 | 0,0 | 1,2 |
| 2,1 | 1,3 | 0,7 | 4,0 | 0,8 | 1,3 | 3,2 |
| 3,7 | 2,9 | 2,8 | 9,6 | 1,4 | - | 3,7 |
| 2,8 | 1,6 | 0,8 | 5,7 | 1,3 | 0,1 | 2,5 |
| 2,4 | 2,1 | 2,8 | 5,3 | 2,3 | - | 2,6 |
| 2,7 | 1,7 | 1,7 | 7,7 | 3,1 | - | 3,5 |

As taxas de vitimización, dependendo da tipoloxía do delito, presentan oscilacións aínda que a maior parte teñen unha tendencia á baixa. Ao contrario, os delitos de danos a coches e tentativa de roubo en vivenda mostran unha evolución ascendente. Na categoría de delitos violentos, diminuíron os roubos e as agresións aínda que os furtos aumentaron no ano 2008.

As capitais andaluzas foron obxecto de estudo nos Informes ODA 2006, 2007 e 2008 e daí pódese tirar a conclusión de que predominan os delitos contra o patrimonio máis que contra as persoas e, alén diso, rexistran unha tipoloxía delituosa moi similar. En termos xerais e comparando as taxas de vitimización obtidas nos cinco anos anteriores a cada enquisa

por resultar de maior fiabilidade, Málaga rexistra a taxa de vitimización máis alta (66,2%), seguida de Granada (62,8%), Sevilla e Huelva (59,6%), Córdoba (58,6%), Almería (56%), Jaén (54,5%) e Cádiz a máis baixa (38,8%), aínda que esta división varía dependendo dos tipos de delitos como mostra a gráfica seguinte:

Taxas de vitimización nos últimos 5 anos segundo tipoloxías delitivas

| | Almería | Cádiz | Córdoba | Granada | Huelva | Jaén | Málaga | Sevilla |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Roubo de coches | 3,6 | 1,3 | 4,9 | 5,1 | 5,0 | 3,0 | 4,7 | 2,9 |
| Roubo obxectos coches | 21,9 | 10,8 | 20,6 | 20,0 | 22,9 | 16,3 | 29,0 | 22,9 |
| Danos a coches | 29,4 | 18,5 | 32,8 | 30,3 | 28,7 | 30,9 | 35,9 | 32,5 |
| Roubo motos | 3,1 | 3,1 | 3,3 | 4,9 | 2,0 | 4,5 | 3,2 | 2,5 |
| Roubo bicicletas | 2,9 | 2,0 | 3,9 | 3,5 | 3,1 | 2,9 | 2,5 | 4,9 |
| Roubo vivenda | 3,6 | 1,9 | 2,6 | 4,6 | 3,5 | 2,4 | 3,7 | 2,4 |
| Tentativa roubo vivenda | 6,4 | 2,9 | 3,7 | 6,5 | 2,5 | 4,8 | 5,7 | 2,9 |
| Roubo con violencia | 9,1 | 3,4 | 10,8 | 14,1 | 9,8 | 10,0 | 13,8 | 8,9 |
| Furtos | 13,3 | 10,5 | 12,8 | 19,9 | 10,8 | 12,3 | 16,0 | 14,8 |
| Agresións sexuais | 1,1 | 0,6 | 2,5 | 2,6 | 1,4 | 1,5 | 2,5 | 0,9 |
| Agresións/ameazas | 8,6 | 4,9 | 6,9 | 10,4 | 7,3 | 8,0 | 11,2 | 5,8 |
| Taxa de vitimización (último ano) | 27,6 | 18,4 | 25,4 | 31,5 | 25,0 | 30,4 | 28,0 | 21,5 |
| Taxa de vitimización (últimos cinco anos) | 56,0 | 38,8 | 58,6 | 62,8 | 59,6 | 54,5 | 66,2 | 59,6 |

Fonte: A delincuencia nas capitais andaluzas. Observatorio da delincuencia en Andalucía 2008

Nunha análise de conxunto, as capitais de Andalucía presentan índices de vitimización xeralmente inferiores ao resto de cidades europeas. Comparando os datos de Andalucía cos doutras cidades europeas onde se utilizou a mesma metodoloxía de enquisas (ICVS), pódese observar a baixa delincuencia comparativa nesta comunidade autónoma e algúns datos interesantes: os datos das capitais andaluzas áchanse en consonancia cos da maioría das cidades europeas coa excepción de Cádiz que, xunto con Lisboa, mostra a taxa máis baixa (38,5%).

Centrándose exclusivamente nas taxas obtidas no ano anterior á entrega da enquisa en cada cidade obsérvase que os resultados foron os seguintes, de maior a menor: Granada rexistrou unha porcentaxe do 31,5%, Jaén un 30,4%, Málaga un 28%, Almería un 27,6%, Córdoba un 25,4%, Huelva un 25%, Sevilla un 21,5%, e Cádiz 18,4%. En comparación, as cidades de Andalucía presentan índices de vitimización anuais similares ao resto de cidades europeas.

Na cidade de Vigo, máis dunha cuarta parte da cidadanía inquirida (26%) respondeu sofrer accións delituosas no último ano. Esta cifra achégase á rexistrada na Enquisa de

Victimización de Barcelona durante o ano 2012 onde se indica que un en cada catro barceloneses sostén ter sido vítima dun delito (25,3%). En comparación coas cidades andaluzas, Vigo situaríase nunha posición intermedia, xa que rexistra valores inferiores aos de Granada, Jaén, Málaga e Almería mais superiores aos de Córdoba, Huelva, Sevilla e Cádiz.

## 4. Roubos relacionados con vehículos

Outro dos delitos máis comúns nas cidades, e que tamén soe estar incluído nas enquisas, é o relacionado cos vehículos, quer referido ao roubo do vehículo en si mesmo, quer a partes e/ou obxectos que se achan dentro. En xeral, entre as cidades con maior proporción de roubo de vehículos están Roma (3,7%), Dublín (3,5%) e Lisboa (2,6%). Polo contrario, prodúcense menos roubos de vehículos en Viena (0,5%), Zurique e París (0,3%).

En termos xerais produciuse un descenso nos roubos de vehículos durante as dúas últimas décadas. Normalmente nos países desenvolvidos, este tipo de delitos pode ser debido, por un lado, ao roubo co fin de vender as pezas ou a accións vandálicas.

Alén disto, cabe referir que o roubo dos vehículos pode estar en certo xeito relacionado coa porcentaxe de vehículos que existe entre a poboación, xa que cantos máis vehículos houber en circulación, máis posibilidades existen para cometer delitos relacionados con esta tipoloxía de roubo. Con todo, dado que o número de coches en Europa aumentou, a redución de roubos de vehículos que se experimentou de forma xeral desde os anos noventa pode ser debida á mellora dos sistemas antirroubo dos mesmos.

Os roubos relacionados con artigos dentro de vehículos son normalmente máis frecuentes do que o roubo do vehículo e inclúen chaquetas, equipos de radio e telefones móbeis ou partes do mesmo coche como espellos ou tapacubos.

De acordo coa gráfica seguinte, estes feitos prodúcense con maior frecuencia en cidades como Belfast (9,1%), Dublín (7,3%) e Amsterdam (6,1%) e onde menos se producen é de novo en Zurique (3,1%) e en Copeñaga (2,6%), aínda que segundo os datos a tendencia é tamén á baixa.

Propiedade de vehículos (porcentaxes) e taxas de vitimización anual a propietarios (%) en cidades.
1989-2005 ICVS e 2005 EU ICS

| | | Propiedade automóbeis | Roubo de automóbil | Roubo pezas automóbil | Propiedade motocicletas | Roubo de motocicletas | Propiedade de bicicletas | Roubo de bicicletas |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Ámsterdam | 2005* | 69,0 | 1,0 | 6,1 | 14,7 | 2,4 | 90,0 | 13,3 |
| Atenas | 2005* | 73,7 | 0,9 | 5,0 | 21,6 | 2,3 | 22,2 | 4,3 |
| Belfast | 2005* | 73,8 | 2,6 | 9,1 | 7,4 | 2,3 | 51,6 | 5,1 |
| Berlín | 2005* | 72,0 | 0,6 | 5,4 | 14,6 | 4,1 | 79,5 | 5,2 |
| Bruxelas | 2005* | 78,2 | 1,1 | 8,0 | 6,8 | 0,0 | 42,7 | 4,1 |
| Budapeste | 2005* | 63,7 | 0,6 | 3,5 | 6,6 | 0,7 | 55,2 | 3,0 |
| Copeñaga | 2005* | 58,3 | 1,6 | 2,6 | 12,5 | 3,5 | 89,8 | 10,4 |
| Dublín | 2005* | 85,4 | 3,5 | 7,3 | 10,0 | 4,8 | 60,5 | 6,7 |
| Edimburgo | 2005* | 74,1 | 0,6 | 4,3 | 6,0 | 1,5 | 53,1 | 5,1 |
| Helsinquia | 2005* | 74,1 | 2,4 | 5,6 | 16,2 | 0,3 | 85,9 | 4,7 |
| Lisboa | 2005* | 75,1 | 2,6 | 3,8 | 11,0 | 1,1 | 33,5 | 2,0 |
| Liubliana | 2001 | 84,6 | 0,8 | 11,1 | 14,1 | 3,7 | 81,7 | 7,6 |
| Londres | 2005* | 64,2 | 2,0 | 13,2 | 6,7 | 7,9 | 43,3 | 10,9 |
| Madrid | 2005* | 78,1 | 2,3 | 5,0 | 8,9 | 1,3 | 33,0 | 0,8 |
| Oslo | 2004 | 80,3 | 1,2 | 4,4 | 12,7 | 1,3 | 87,8 | 5,2 |
| París | 2005* | 60,8 | 0,3 | 5,0 | 10,4 | 9,5 | 29,5 | 9,1 |
| Reiquiavique | 2005 | 89,7 | 1,1 | 5,2 | 6,8 | 2,0 | 78,0 | 7,9 |
| Roma | 2005* | 90,0 | 3,7 | 6,0 | 29,6 | 3,2 | 46,5 | 0,7 |
| Estocolmo | 2005* | 86,7 | 2,1 | 8,3 | 16,1 | 1,4 | 91,2 | 7,7 |
| Tallin | 2004 | 55,4 | 1,0 | 15,1 | - | - | 53,7 | 6,1 |
| Viena | 2005* | 74,1 | 0,5 | 6,1 | 11,9 | 0,5 | 68,6 | 3,0 |
| Varsovia | 2005 | 59,5 | 2,7 | 8,4 | 3,1 | 0,0 | 62,0 | 7,7 |
| Zurique | 2005 | 59,3 | 0,3 | 3,1 | 14,7 | 5,6 | 64,9 | 7,0 |

Os datos de vitimización son referidos ao ano anterior ao da sondaxe

*Fonte: European Survey of Crime and Safety (2005 EU ICS). Bruselas, Gallup Europa

Os datos sobre a situación xeral dos delitos relativos ao roubo de vehículos en España fornecidos polo Inquérito "Enquisa a vítimas en España" indican que a taxa de vitimización durante o ano 2008 foi de 0,8%, o roubo de motos alcanzou unha taxa de 0,3% e de bicicletas un 0,8%. A taxa relativa ao roubo de obxectos do coche ascendeu a un 4,4%.

Por cidades, segundo os estudos sobre as capitais andaluzas, analisando o caso do roubo de coche no núcleo familiar desde unha perspectiva de cinco anos anteriores á realización

da enquisa, vese que as porcentaxes por orde correlativa son: Granada (5,1%), Huelva (5%), Córdoba (4,9%), Málaga (4,7%), Almería (3,6%), Jaén (3%), Sevilla (2,9%) e Cádiz (1,3%). Reparando apenas no ano 2007, a taxa de vitimización de roubo de coche foi dun 0,8% en Almería, 0,6% en Málaga, 0,4% en Cádiz, 1,3% en Granada, 1,1% en Jaén, 1% en Córdoba, 1,1% en Huelva e 0,9% en Sevilla. Madrid, por outra banda, en 2005 rexistrou unha porcentaxe do 2,3%.

En Vigo, os inquiridos que afirmaron coñecer a persoas da súa contorna vítimas de roubo de coche foron un total dun 2%.

A análise dos resultados obtidos sobre o delito de roubo de obxectos de coche nas capitais andaluzas durante os últimos cinco anos deu como resultado unha taxa elevada en Málaga (29%) en comparación co resto de cidades que alcanzan na súa maioría valores próximos do 20%. En Vigo, a subtración de obxectos en vehículo na contorna persoal do entrevistado obtivo como resultado un valor do 18%, situación que se asemella á ocorrida na maioría das capitais andaluzas.

## 5. Vitimización por roubo

A enquisa EU ICS diferencia por unha banda entre o roubo en vivenda con invasión de morada e tentativa de roubo a vivenda. Por outro lado, encontraríanse os roubos simples ou relacionados cos carteiristas.

Na Europa, os roubos en vivendas prodúcense con maior frecuencia en cidades de Inglaterra, Gales ou Estonia e con menos frecuencia en cidades do sul de Europa como Roma (1,5%), Madrid (1,1%) ou Lisboa (0,7%). É na parte máis oriental da Europa onde se rexistran as taxas máis altas como as de Helsinquia (4,4%), Tallin (3,7%) ou Varsovia (2,8%).

Roubos en vivendas. Taxa de vitimización anual en 2003/2004 e resultados anteriores 1989-2005 ICVS e 2005 EU ICS* (porcentaxes)

| CIDADES | 2001-2004 |
|---|---:|
| Londres | 4,5* |
| Helsinquia | 4,4* |
| Tallin | 3,7 |
| Bruxelas | 3,1* |
| Belfast | 2,9 |
| Varsovia | 2,8 |
| Viena | 2,8* |

| | |
|---|---|
| Zurique | 2,7 |
| Dublín | 2,6* |
| Copeñaga | 2,6 |
| Reiquiavique | 2,2 |
| Amsterdam | 2,1* |
| Estocolmo | 2,1* |
| Oslo | 1,9 |
| París | 1,9* |
| Atenas | 1,7* |
| Roma | 1,5* |
| Edimburgo | 1,4 |
| Budapeste | 1,2* |
| Berlín | 1,1* |
| Madrid | 1,1* |
| Lisboa | 0,7* |

*Fonte: European Survey of Crime and Safety (2005 EU ICS). Bruselas, Gallup Europa

Os roubos relacionados coas accións dos carteiristas ou roubos simples son normalmente percibidos como menos graves polas vítimas e son máis difíceis de cuantificar debido á súa difícil clasificación. As cidades da Europa con taxas máis elevadas son Londres, cunha taxa de 10,2%, Tallin (9,6%), Reiquiavique (8,2%), Zurique e Oslo (7,7% e 7,5%). Entre as máis baixas está Helsinquia (3%) e Lisboa (2,4%).

O delito por furto parece que está descendo de forma progresiva na Europa salvo en países como Inglaterra/Gales, Irlanda do Norte ou Noruega, onde experimentaron un aumento. Respectante ao carteirismo, as cidades que rexistran unhas maiores taxas de vitimización anual son Tallin (6,5%) e Londres (5,2%). Polo contrario, onde menos se observa este delito é en Lisboa (1,4%), Helsinquia (1,3%) e Estocolmo (1,2%).

En España, consoante a opinión das vítimas de roubos sen violencia da súa propiedade, a taxa de vitimización no ano 2008 foi dun 3,8% e ocorreu en maior proporción en mulleres e en persoas novas.

No que respecta aos furtos en Andalucía, as taxas de vitimización rexistradas nos cinco anos anteriores á realización desta enquisa son as seguintes. En primeiro lugar encontraríase Granada coa taxa máis elevada (19,9%), en segundo lugar Málaga cun 16%, a continuación Sevilla (14,8%). Logo a seguir estarían Almería, Córdoba, Jaén con valores próximos do 13% e, finalmente, Cádiz e Huelva, cunha taxa por volta de 10,5%. Os furtos cometidos no último ano deparan os seguintes resultados. Cunha porcentaxe máis elevada

áchase a cidade de Granada (7,8%), despois Almería, que rexistra un 4,9%, Jaén un 4,5% e Cádiz un 3,6%.

En Vigo, os roubos desta tipoloxía como o roubo de bolso ou carteira segundo os inquiridos alcanza unha cifra de vitimización do 17%, o cal parece algo elevada en comparación cos datos das cidades antes mencionadas aínda que cabe destacar a difícil clasificación deste tipo de roubos.

O problema do carteirismo tamén o sofren os habitantes de Barcelona en gran medida xa que, segundo os datos, é o delito máis cometido cun 4,5% de persoas que declara ser vítima do roubo de bolso ou carteira. Os seguintes delitos que máis se cometen nesta cidade son a tentativa de roubo de bolso ou carteira (3,5%), tentativa de atraco (1,9%), roubo de telémóvel (1,6), ameazas (1,5%) e a tentativa de roubo de telemóvel (1,4%).

## 6. Vitimización por delitos de contacto

Na enquisa EU ICS, estes delitos son referidos aos roubos con violencia contra persoas, delitos sexuais e agresións e ameazas. Pola súa vez, os delitos sexuais poden referirse a agresións sexuais ou a comportamentos ofensivos. Igualmente, as ameazas e agresións poden dividirse en ameazas ou agresións con uso da forza.

Comprobouse que os tipos de roubo con violencia prodúcense máis nas áreas urbanas que nas zonas rurais, polo que están máis ligados á urbanización e á delincuencia urbana.

Roubos con violencia. Taxas de vitimización anual en 2003/2004 e resultados anteriores (porcentaxes).

| CIDADES | 2001-2004 |
|---|---:|
| Varsovia | 2,8 |
| Tallin | 2,8 |
| Londres | 2,6* |
| Bruxelas | 2,5* |
| Belfast | 2,5* |
| Lisboa | 1,9* |
| Dublín | 1,8* |
| Zurique | 1,7 |
| Madrid | 1,5* |
| Helsinquia | 1,4* |
| Edimburgo | 1,2 |

| | |
|---|---|
| París | 1,2* |
| Copeñaga | 1,2* |
| Berlín | 1,2* |
| Budapeste | 1,1 |
| Amsterdam | 1,1* |
| Oslo | 1,0 |
| Viena | 0,8 |
| Roma | 0,7* |
| Reiquiavique | 0,7 |
| Estocolmo | 0,7* |
| Atenas | 0,7* |

*Fonte: European Survey of Crime and Safety (2005 EU ICS). Bruselas, Gallup Europa

No relativo aos delitos de índole sexual, cabe sinalar a dificuldade en realizar medicións ou comparativas debido a que a consideración dunha conduta sexual indebida é distinta segundo o país. Os delitos sexuais poden dividirse en agresións sexuais e incidentes menos graves. Entre os graves áchase a tentativa de violación ou outras agresións similares e entre os menos graves, que son os máis comúns, o comportamento considerado ofensivo.

En resumo, no ámbito global da Unión Europea, o estudo EU ICS indica que os índices de roubos con violencia de nivel internacional non son moi elevados e que a tendencia xeral é á súa diminución progresiva. O informe pon tamén de manifesto que as cidades onde máis se producen os roubos con violencia son varias cidades de Reino Unido e Irlanda como Londres (2,6%), Belfast (2,5%), Dublín (1,8%) ou Edimburgo (1,2%). Outra conclusión que se tira é que a situación española é bastante satisfactoria e que a súa evolución, entre os anos 1989 e 2005, mellorou sensibelmente e tende claramente a descer apesar de a enquisa indicar que España se acha entre os cinco países europeos onde máis veces se produce este tipo de agresión, por baixo de Irlanda, Estonia, Inglaterra/Gales e Grecia.

En España, segundo os datos fornecidos polo Observatorio da delincuencia en Andalucía, os roubos con violencia ou intimidación presentan unha taxa de vitimización para o ano 2008 do 1,1% e, como ocorre en Europa, talvez prodúcense máis frecuentemente nas capitais. As agresións sexuais alcanzaron unha taxa de prevalencia no 2008 dun 0,2%. Esta cifra resulta baixa aínda que é difícil tirar conclusións debido a que en moitas ocasións estes feitos son referidos a un "comportamento ofensivo".

O índice de inquiridos que sofreu agresións físicas ou ameazas durante o ano anterior á realización desta enquisa foi dun 2%. Sofréronas homes en maior proporción e a maior parte de veces aconteceu na zona de residencia/barrio da persoa vitimada (30%).

En Andalucía, os roubos con violencia e intimidación nos cinco anos anteriores ás enquisas realizadas nas oito capitais revelan que as cidades cunha maior proporción de vítimas deste tipo de delitos foron Granada e Málaga con valores próximos do 14%. A seguir sitúanse con taxas máis baixas Almería e Sevilla Córdoba, Jaén, Huelva con taxas de ao redor do 9%. Finalmente, Cádiz sería a cidade cunha menor cantidade destes delitos cometidos ao rexistrar unha taxa do 3,4%. Na cidade de Vigo os roubos con violencia representan o 1% dos delitos segundo os entrevistados, o cal é unha porcentaxe bastante baixa. Con todo, na contorna persoal da persoa inquirida esta porcentaxe ascende ao 4%.

Respectante ás agresións e abusos sexuais, nos cinco anos anteriores á enquisa rexistráronse taxas altas en Granada (2,6%), Córdoba e Málaga (2,5% ambas) e as máis baixas en Cádiz (0,6%). A taxa de Madrid foi dun 2%. En Vigo, o 0,2% das persoas inquiridas afirmou ter sido vítima deste delito, ascendendo ao 0,7% no caso da contorna persoal.

Para finalizar, as agresións e ameazas ocorridas nas cidades estudadas de Andalucía nos cinco anos anteriores á realización da enquisa rexistran, por unha banda, valores altos en Málaga (11,4%) e Granada (10,4%), e valores intermedios en Almería (8,6%), Jaén (8%), Huelva (7,3%) e Córdoba (6,9%). Por outra banda, as porcentaxes máis pequenas áchanse en Cádiz (4,9%) e Sevilla (5,8%). En Vigo, os inquiridos declararon ser vítimas de ameazas ou intimidacións cunha proporción do 12%.

## 7. Denuncias perante os corpos de seguranza

A decisión de denunciar está amiudamente influenciada por varios factores como a gravidade do delito, a actitude cara á policía, a opinión de terceiras persoas, etc. As enquisas de vitimización axudan a coñecer os padróns de comportamento que teñen as persoas perante a opción de denunciar ou non, o que provoca que exista unha cifra de delitos que non se rexistra e, xa que logo, que se descoñece.

A sondaxe europea que estuda o número estimado de delitos denunciados no ano 2004 indica que, embora existan diferenzas entre países e segundo o tipo de delito, o delito que case sempre é denunciado é o roubo de coche e moto.

En termos xerais, outro tipo de roubo que se denuncia frecuentemente nunha proporción do 75% son os roubos a vivendas. Logo a seguir encontraríanse os roubos de pezas do vehículo e algo máis da metade das veces denúncianse os roubos de bicicletas e os roubos con violencia. Sobre as agresións e ameazas cabe referir que se denuncian en maior medida as agresións co uso da forza que as ameazas. Finalmente, os delitos relacionados con agresións sexuais son os menos denunciados.

Denuncia de delitos á policía en cidades europeas. Taxas anuais para nove delitos en conxunto e taxas quinquenais de delitos individuais (porcentaxes). 1989-2005 ICVS e 2005 EU ICS.

| | | Denuncia de 9 delitos | Roubo de automóbil | Roubo pezas automóbil | Roubo de motocicletas | Roubo de bicicleta |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Amsterdam | 2005* | 52 | 96 | 71 | 94 | 40 |
| Atenas | 2005* | 40 | 76 | 45 | 78 | 37 |
| Belfast | 2005* | 52 | 90 | 52 | 100 | 35 |
| Berlín | 2005* | 62 | 94 | 77 | 92 | 66 |
| Bruxelas | 2005* | 66 | 95 | 74 | 77 | 39 |
| Budapeste | 2005* | 40 | 93 | 59 | 56 | 37 |
| Copeñaga | 2005* | 54 | 91 | 78 | 76 | 58 |
| Dublín | 2005* | 56 | 94 | 67 | 62 | 52 |
| Edimburgo | 2005* | 59 | 87 | 73 | 100 | 70 |
| Helsinquia | 2005* | 57 | 96 | 73 | 45 | 56 |
| Lisboa | 2005* | 53 | 88 | 54 | 60 | 50 |
| Londres | 2005* | 57 | 82 | 56 | 76 | 49 |
| Madrid | 2005* | 62 | 93 | 59 | 87 | 36 |
| Oslo | 2004 | 50 | 96 | 65 | 100 | 53 |
| París | 2005* | 59 | 65 | 54 | 91 | 41 |
| Roma | 2005* | 58 | 94 | 43 | 91 | 33 |
| Estocolmo | 2005* | 66 | 95 | 79 | 69 | 46 |
| Tallin | 2004 | 39 | 46 | 42 | - | 43 |
| Varsovia | 2005 | 44 | 95 | 55 | - | 52 |
| Viena | 2005* | 74 | 89 | 91 | 100 | 69 |
| Zurique | 2005 | 51 | 90 | 76 | 86 | 57 |

*Fonte: European Survey of Crime and Safety (2005 EU ICS). Bruselas, Gallup Europa

No cadro superior pódense analisar as taxas de denuncia de nove tipos de delitos durante o último ano e durante os últimos cinco anos. Con fins estatísticos, na enquisa EU ICS realízase unha comparativa sobre cinco tipos de delitos con alta incidencia e que rexistran taxas distintas entre países. Estes delitos son o roubo de bicicletas, roubo de partes do vehículo, roubo a vivendas con invasión de morada, tentativa de roubo en vivenda e roubos simples. Segundo esta clasificación, as porcentaxes máis altas de denuncia rexistráronse en cidades de Austria (70%), Bélxica (68%), Suecia (64%) e Suíza (63%).

Como se pode comprobar, as porcentaxes máis altas de denuncia sobre nove delitos rexistráronse en cidades como Viena (74%), Bruxelas (66%), Edimburgo e París (59% ambas). As cidades onde menos denuncias se rexistraron en xeral foron Atenas, Budapeste

| Roubo en vivenda | Tentativa roubo en vivenda | Roubo con violencia | Roubo simple | Incidentes sexuais | Agresións e ameazas |
|---|---|---|---|---|---|
| 88 | 51 | 76 | 60 | 41 | 42 |
| 80 | 28 | 59 | 45 | 0 | 17 |
| 75 | 52 | 58 | 48 | 53 | 52 |
| 89 | 40 | 60 | 61 | 30 | 39 |
| 87 | 48 | 66 | 63 | 40 | 53 |
| 76 | 51 | 41 | 37 | 58 | 31 |
| 83 | 24 | 51 | 49 | 26 | 34 |
| 93 | 49 | 50 | 48 | 56 | 32 |
| 84 | 52 | 39 | 53 | 44 | 37 |
| 69 | 40 | 64 | 58 | 22 | 32 |
| 59 | 25 | 52 | 51 | 0 | 29 |
| 90 | 49 | 65 | 55 | 46 | 35 |
| 72 | 35 | 57 | 54 | 0 | 38 |
| 69 | 16 | 78 | 56 | 28 | 27 |
| 77 | 42 | 54 | 53 | 12 | 31 |
| 73 | 34 | 51 | 51 | 11 | 19 |
| 74 | 51 | 60 | 57 | 28 | 29 |
| 59 | 24 | 52 | 32 | 31 | 38 |
| 77 | 57 | 39 | 38 | 20 | 25 |
| 91 | 52 | 50 | 75 | 37 | 29 |
| 84 | 48 | 48 | - | 0 | 34 |

e Tallin (por volta de 40%) e Reiquiavique (36%). Os datos sobre a evolución temporal indican que as denuncias por roubo de bicicletas foron diminuíndo progresivamente e que en países como Polonia ou Estonia cada vez denúnciase máis talvez pola melloría da confianza na policía e polas reformas nas forzas de seguranza despois da queda do comunismo.

A enquisa tamén pesquisou sobre os motivos para non denunciar e as conclusións foron que a principal razón para non denunciar os roubos en vivendas foi por non consideralos o suficientemente graves. Outros motivos argumentados foron por considerar innecesario avisar á policía, por resolver o problema coa familia ou por pensar que a policía non podía facer nada nestes casos. Este último motivo foi mencionado de forma frecuente e adóitase dar con máis frecuencia en cidades grandes como Roma ou Amsterdam.

As denuncias de delitos por agresións sexuais foron principalmente motivadas co fin de evitar que tornase a suceder e nos delitos sobre furtos e roubos en vivendas as razóns teñen a ver coa posibilidade de recuperar o roubado. Outros motivos estarían relacionados coa actuación das aseguradoras, por exemplo, en roubos de obxectos en coches, ou tamén coa obrigación moral de por en coñecemento o delito á policía.

O informe sobre a vitimización en España mostra que, en xeral, en máis de metade das ocasións denunciouse o acto delituoso. Isto significa unha porcentaxe de 51,9% e os delitos máis frecuentemente denunciados á policía nese período de tempo foron roubo de coches, roubo de motos e roubo consumado en vivendas e a categoría menos denunciada foron as agresións de tipo sexual. Os motivos[9] argumentados para interpor a denuncia foron diversos mais a maior parte, denunciados principalmente por mulleres, tiñan a ver coa intención de recuperar o obxecto, a obrigación moral ou a motivación económica. É positivo o feito de que está aumentando a cantidade de denuncias ao longo do tempo.

A falta de denuncias de tipo sexual son as que provocan que exista un nivel elevado de cifra negra respecto de este delito, malia que nas dúas últimas décadas aumentaron considerabelmente as denuncias por este feito. Os motivos para denunciar que contestaron o 50% das mulleres foron principalmente por considerar que debía denunciarse ou polo desexo de que o autor fose detido. Polo contrario, os motivos para non denunciar foron mormente por considerar o sucedido de pouca importancia ou polo desexo de resolver a situación ao seu xeito sen acudir á policía.

Por outro lado, as agresións físicas e ameazas só foron denunciadas por un 41,2% cunha proporción similar entre home e mulleres. Os motivos para denunciar foron principalmente para que non torne a acontecer e por obrigación moral.

A porcentaxe de denuncia dos roubos sen violencia ou furtos é relativamente elevada e, en concreto, produciuse nun 52,9% de ocasións.

O estudo levado a cabo nas cidades andaluzas analisa pormenorizadamente os padróns de denuncia en relación cos distintos delitos e en distintos períodos. A fin de adecuarse á metodoloxía utilizada na enquisa europea EU ICS e ter unha visión comparativa española, convén realizar a continuación unha revisión da taxa de denuncias interpostas nos cinco anos anteriores á enquisa en relación cunha serie de comportamentos delituosos.

En concreto, apesar de que, en forma xeral, na Europa a tendencia dos roubos con violencia é descendente, España encóntrase entre os catro países onde máis roubos se cometen,

9) Referidos a cinco delitos para facilitar a comparación.

polo que resulta interesante analisar esta situación. Tanto nas cidades de Andalucía como nas cidades europeas, máis ou menos metade das persoas denuncian este feito á policía. Particularmente esta porcentaxe dáse en maior medida en Granada (62,5%) e en menor medida en Jaén e Málaga, ambas con índices de 35%, o cal está en consonancia coa maioría das cidades europeas. A taxa destas denuncias para o ano 2007 foi dun 62,5% en Granada, 50% en Almería e Cádiz e 35,2% en Jaén.

O furto é outra das tipoloxías delituosas que máis se denuncia e máis da metade das vítimas denunciaron este delito en case todas as capitais de provincia andaluzas. A taxa de denuncia anual no ano 2007 para este delito ofrece os seguinte resultados: Cádiz 68,9%, Jaén 55,5%, Granada 53,2% e Almería 48,7%.

Polo contrario, as denuncias relacionadas coas agresións e abusos sexuais son as que menos se denuncian en xeral, aínda que en Córdoba foron denunciadas nun 30%, sendo a cidade onde máis se produciron estas denuncias. A seguir áchanse Almería e Cádiz con índices próximos do 20%, Málaga (12,1%), Jaén (8,3%) e en Sevilla non se presentou ningunha denuncia. Durante o 2007 a taxa anual de denuncias deste tipo foi do 8,3% en Granada e do 20% en Jaén.

Finalmente, en relación ás agresións físicas e ameazas é remarcábel a pouca cantidade de denuncias rexistradas sobre este delito. As cidades onde se denuncia máis son Cádiz (38%) e Córdoba (35%). O resto de cidades rexistran porcentaxes entre o 20% e o 30%. Na Europa os valores son similares aos alcanzados en Andalucía. Por outro lado, os datos de denuncias para o ano 2007 sobre este delito foron do 39,2% en Jaén, 25% en Almería, 36,3% en Cádiz e 32,5% en Granada.

O xa tantas veces referido informe indica que, en termos xerais, as razóns esgrimidas polas vítimas, salvo o caso de Jaén, para denunciar este tipo de agresións foron motivos desinteresados de tipo altruísta, o deber moral para que non o sofran outras persoas. Con todo, observadas detidamente as respostas alternativas e agrupadas nun denominador común, pódese comprobar que non son motivos morais ou cívicos os que predominan senón aqueles que teñen relación cunha compensación económica.

Na cidade de Barcelona, segundo a enquisa de 2012, produciuse unha redución do número de denuncias desde o ano 2008, reflectindo o último rexistro unha taxa de denuncias do 35,6%. O principal motivo para non denunciar parece ser debido á crenza de que a policía non pode facer moito, opinión reflectida nun 70,5% de respostas, ou por considerar o roubo pouco importante (63,6%). Os motivos que levan ás persoas en Vigo a non denunciar son principalmente por considerar que non serve para nada (67%).

A enquisa levada a cabo en Pamplona rexistra porcentaxes semellantes ás de Vigo,a que o 64,6% (65,6% no caso de Vigo) dos inquiridos que afirmaron ser vítimas ou que falaban sobre vítimas na súa contorna recoñeceron non acudir á policía para presentar unha denuncia sobre o feito en comparación co 35,5% que si o fixo (32,8% no caso de Vigo).

Sería necesario analisar a falta de denuncia relativamente alta que se produce en moitas cidades, xa que isto pode ser debido, entre outros factores, a un sentimento de desconfianza nas institucións.

## 8. Medidas preventivas perante a delincuencia

Esta enquisa EU ICS inclúe preguntas destinadas a coñecer as medidas de protección que dedican as persoas a previr delitos, en particular, alarmas contra roubo e fechaduras especiais nas vivendas. Chama a atención a gran proporción no que di respecto á instalación de alarmas en Dublín cunha porcentaxe do 71%. A seguir, os maiores índices de presenza deste tipo de alertas preventivas encontráronse en cidades como Oslo (38%) ou Edimburgo (36%). Esta práctica dáse con menos frecuencia en Madrid (9%) ou París e Copeñaga (6% ambas).

Polo contrario, as fechaduras especiais son algo máis común entre os lares e as cidades. Onde máis abunda este tipo de medidas é nos Países Baixos, Escocia ou Alemaña. Resulta evidente que en case todos os países aumentou a preocupación pola seguranza nas vivendas e os medios técnicos para a mellorar, polo que o número de lares con alarmas mostra unha tendencia crecente xeneralizada coa única posíbel excepción da Franza.

Tamén cómpre indicar que os países onde máis alarmas e fechaduras de seguridade existen nas casas son tamén aqueles onde, polas súas características de hábitat espallado, poden producirse máis roubos en vivendas. Mais, en xeral, o uso de sistemas de prevención de roubos en vivendas incrementouse na maioría dos países europeos e isto pode contribuír para tendencia descendente deses roubos. O seguinte cadro mostra a porcentaxe de alarmas nas vivendas en distintas cidades europeas.

Porcentaxe de lares con alarmas antirroubo en 2004/2005 e resultados anteriores. 1989-2005 ICVS e 2005 EU ICS

| CIDADES | 2001-2005 |
|---|---|
| Dublín | 71* |
| Oslo | 38 |
| Edimburgo | 36 |
| Belfast | 32 |
| Londres | 30* |
| Estocolmo | 29* |
| Roma | 26* |
| Atenas | 21* |
| Bruxelas | 18* |
| Budapeste | 18* |
| Lisboa | 16* |
| Helsinquia | 13* |
| Reiquiavique | 12 |
| Viena | 12* |
| Berlín | 11* |
| Amsterdam | 11* |
| Tallin | 11 |
| Madrid | 9* |
| Copeñaga | 6* |
| París | 6* |
| Varsovia | 5 |

*Fonte: European Survey of Crime and Safety (2005 EU ICS). Bruselas, Gallup Europa

En España, a situación analisada polo ODA achega datos interesantes como o feito de que nos municipios máis pequenos poidan existir máis medidas de seguranza con relación aos núcleos máis poboados. Tamén resulta destacábel que as vivendas con mellores equipamentos de seguranza sexan as unifamiliares. En termos xerais, a maioría das vivendas teñen sistemas de seguranza básicos aínda que tamén existe unha porcentaxe delas que carecen de calquera medida de seguridade.

No caso de Andalucía, entre as cidades analisadas o 65% dos inquiridos afirmou contar no seu domicilio con medidas de seguranza básicas. Alén diso, a cidade onde se rexistra un maior número de mellores medidas de seguranza, distintas ás medidas básicas, foi Granada cunha porcentaxe de 22,1%. Particularmente interesante é o caso de Cádiz onde o 25% afirmou non contar con calquera medida de seguranza.

En Pamplona, mediuse o índice de implantación de medidas de autoprotección nunha escala de 0 a 100 dando como resultado 40 puntos, o que significa un nivel de adopción de medidas de seguranza medio-baixo. Dos 803 inquiridos, as medidas de autoprotección que máis se practican son as seguintes: non deixar obxectos á vista no coche (87,3%), tentar levar pouco diñeiro encima (56,8%), instalar unha porta blindada (51,9%) e intentar non pasar por zonas consideradas perigosas (38,9%). As medidas menos utilizadas son instalar reixas (4,9%) ou alarmas (4,1%), ter armas na vivenda (1,5%) ou mudar de vivenda (0,5%).

A situación en Vigo resulta similar no sentido de que unha ampla porcentaxe dos entrevistados (79%) tamén decide non deixar obxectos á vista no coche ou non levar moito diñeiro encima (87%). A porcentaxe de instalación de alarmas non é moi elevada (20%) e rexistra valores similares aos de cidades europeas como Atenas (21%), Bruxelas ou Budapeste (18% ambas). Sobre todo, as medidas que máis se utilizan están relacionadas con non camiñar por zonas consideradas perigosas (90%) ou non saír só pola noite (82%).

## 9. Actitudes xerais cara a policía

Do informe EU ICS tírase que a maior parte dos europeos está satisfeita coa actuación xeral da policía local, especialmente en países como Finlandia, Dinamarca ou Austria. En troca, as piores percepcións sobre o labor da policía rexistráronse en Polonia, Estonia, Bulgaria, Franza, España e Grecia. Malia que hai dúas décadas a opinión sobre a actuación policial era máis ben negativa, a medida que se foi reducindo a criminalidade incrementouse á súa vez a mellor valoración da policía por parte da cidadanía. Na enquisa ofrécense interesantes comparativas entre a actuación da policía e variábeis como o número de denuncias rexistradas. Poderíase dicir que, en liñas xerais, preséntanse menos denuncias naqueles países onde a valoración da actuación da policía é menos favorábel.

A enquisa sobre a situación en España revela que máis de metade dos entrevistados (59,6%) valora positivamente a actuación da policía no control delituoso na súa zona e obsérvase unha mellora desta opinión desde os anos 90. A porcentaxe de persoas que se puxeron en contacto coa policía ben vía telefónica ou de xeito presencial foi dun 17,7%. A Policía Local foi o corpo de seguranza máis solicitado (41,8%), a seguir o Corpo Nacional de Policía (31,4%) e finalmente a Garda Civil (8,8%). As persoas residentes en Comunidades Autónomas onde existe un corpo de Policía Autonómica acudiron a este nunha proporción do 20,6%.

Así mesmo, a enquisa valorou a actuación dos distintos corpos de seguranza. É interesante destacar que os inquiridos valoran moi positivamente o labor da Garda Civil. O 90% das respostas outórgalle unha puntuación entre 6 e 10, a mesma valoración que o 76,9% dos inquiridos outorga tamén á Policía Autonómica. O resto dos corpos policiais non sae tan positivamente valorado. A Policía Local vén puntuada con 5 ou menos por parte do 36,6% dos inquiridos, mentres que o 32,9 % tivo similar opinión negativa do Corpo Nacional de Policía. No tocante ao grao de eficacia nas súas funcións percibido polos inquiridos cabe referir que a Garda Civil recibiu a maior puntuación cunha valoración, nunha escala de 0 a 10, do 7,16, o Corpo Nacional de Policía un 6,97 e a Policía Local un 6,55.

No caso de Vigo, máis de metade (55,2%) das persoas que denunciaron recorreron ante a Policía Local, seguido pola Policía Nacional (14,0%). Un 4,7% fíxoo ante a Garda Civil.

En Andalucía, do mesmo xeito que no resto de España, a Policía Nacional foi o corpo de seguranza máis contactado pola cidadanía e en segundo lugar a Policía Local. Unha análise máis detallada mostra que os habitantes de Almería e Málaga foron os que máis veces solicitaron a actuación da Policía Local cunha porcentaxe de máis do 50% mentres que as persoas en Huelva e Sevilla contactaron en maior medida coa Policía Nacional nunha proporción aproximada de 60%. Finalmente, os habitantes de Granada solicitaron máis frecuentemente a actuación da Garda Civil (7,5%). No que respecta á valoración da actuación xeral da policía da súa cidade, Sevilla foi a cidade que pior valorou os seus servizos. De resto, as persoas que valoraron de forma máis positiva a actuación da policía son as que viven en Jaén, Granada e Cádiz.

En Pamplona tamén se analisou a opinión xeral sobre os servizos públicos de seguranza do municipio, prestando especial interese á opinión sobre o servizo de Policía Municipal de Pamplona. As conclusións que se tiran é que este corpo de Policía realiza un bo traballo ao recibir unha nota de 7,2 puntos nunha escala de 0 a 10 no relativo ao seu desempeño. Do mesmo xeito, a confianza outorgada pola cidadanía a este corpo en concreto é dun 75%, cifra que supera á asignada a outros corpos de policía.

En Vigo analisouse a valoración sobre a eficacia das forzas de seguranza en distintos aspectos e como dato destacábel cabe dicir que se rexistran porcentaxes altas no tocante á eficacia outorgada á Policía Municipal na atención ás vítimas dos delitos (29%) e na prestación de auxilio en caso de necesidade (24%). No relativo á prevención de desordes públicas é o Corpo da Policía Nacional quen recibe unha opinión máis positiva sobre a súa eficacia (33%).

# CONCLUSIÓNS

## A) Análise dos resultados da enquisa realizada en Vigo

### 1. Grao de satisfacción coa seguranza cidadá no municipio de Vigo e en la zona de residencia

A cidadanía de Vigo que foi obxecto desta enquisa manifesta posuír un alto grao de satisfacción no que se refire á seguranza cidadá do seu municipio (valor medio de 6,34 nunha escala de 0 a 10, excluído o 5). En todos os distritos da cidade obsérvase que esta percepción é sempre maior, aproximadamente 0,5 puntos, na zona onde se reside que no resto da cidade. Os distritos 1, 2 e 3, pertencentes ao centro urbano, mostran un maior grao de satisfacción (7,8, 7,3 e 7,0, respectivamente). No resto dos distritos, este valor mantense constante, ao redor do 6,6.

Por xéneros, a satisfacción manifesta polos homes (6,41) supera á das mulleres (6,28) e, por grupo de idade, esta diminúe coa idade, pasando de 6,50 nos máis novos a 6,24 nos que teñen máis de 75.

No período 2011-13 a media da evolución da satisfacción coa seguranza cidadá diminuíu do 6,56 ao 6,34, igualmente que a satisfacción coa seguranza cidadá existente na zona de residencia (6,86 a 6,79).

Por outra banda, a escala de satisfacción coa seguranza Cidadá existente no municipio segue a seguinte secuencia desde o ano 2003:

| | Moi insatisfeito | Insatisfeito | Satisfeito | Moi satisfeito | Ns/Nr |
|---|---|---|---|---|---|
| 2003 | 21,0 | 28,0 | 40,3 | 8,4 | 2,3 |
| 2007 | 12,7 | 25,0 | 48,1 | 12,5 | 1,7 |
| 2009 | 15,2 | 19,6 | 52,2 | 12,4 | 0,7 |
| 2011 | 1,9 | 10,6 | 62,1 | 24,7 | 0,7 |
| 2013 | 0,6 | 3,8 | 82,4 | 13,2 | 0,0 |

Tal como se observa na tabela anterior, o índice de satisfacción da cidadanía viguesa entrevistada co nivel de seguranza cidadá existente no municipio aumenta en cada unha das sondaxes realizadas desde hai dez anos. En xeral pasouse dun índice de satisfacción do 48,7% en 2003 ao 95,6% do presente estudo. Ora ben, aínda que este incremento do nivel de satisfacción estaba até agora asociado ao dos dous compoñentes que o integran (moi

satisfeito e satisfeito), na última enquisa obsérvase que, aínda que aumenta o nivel global de satisfacción, diminúe a compoñente "moi satisfeito" con relación á enquisa de 2011, que se reduce á metade ao pasar dun 24,7% ao 13,2%.

En relación á zona de residencia a escala de satisfacción experimenta a seguinte evolución desde o ano 2011:

| | Moi insatisfeito | Insatisfeito | Satisfeito | Moi satisfeito | Ns/Nr |
|---|---|---|---|---|---|
| 2011 | 2,0 | 8,7 | 54,5 | 34,6 | 0,2 |
| 2013 | 0,2 | 1,3 | 77,5 | 21,0 | 0,0 |

Desta variábel a Oficina do Valedor do Cidadán só posúe datos de dúas series: 2011 e 2013. Como se pode observar na tabela anterior, o nivel de satisfacción aumenta de forma agregada, ao pasar do 89% ao 99%, aínda que reducíndose a proporción de persoas inquiridas que manifestan estar "moi satisfeitas" coa seguranza cidadá existente na súa zona de residencia (que pasa do 35% ao 21%).

## 2. Sensación de seguranza

Consoante a definición de seguranza proposta na enquisa (percepción subxectiva que contempla o presente e o futuro sen preocupacións e sen medos), os datos poñen de manifesto que a cidadanía outórgalle un elevado valor (80%). A zona rural, cun 97%, supera á semiurbana (85%) e urbana (71%). As mulleres presentan unha percepción de inseguranza (19%) superior á dos homes (16%). Por grupos de idade é significativa a maior sensación de inseguranza existente nas persoas de máis idade (24%) que nos tramos máis novos (13% nos que teñen menos de 34 anos e 15% nos comprendidos entre 35-54). Atendendo á súa situación sociolaboral, os colectivos máis vulnerábeis en materia de seguranza son as persoas que realizan traballos non remunerados (24%) e os xubilados/pensionistas (23%) contra os traballadores en activo (13%) e estudantes (15%).

## 3. Evolución do funcionamento dos servizos públicos en Vigo nos últimos cinco anos

En contrapartida cos valores anteriores, a sensación que teñen os cidadáns sobre a evolución do funcionamento dos servizos públicos nese período empiorou notabelmente. Por sectores asistenciais e áreas xeográficas da cidade, os valores que reflicten este empeoramento son os seguintes:

En relación coa sanidade pública, o valor global dos inquiridos que achan que empiorou é do 96%. As zonas semiurbana e rural concordan no 100%, mentres que na urbana a opinión negativa baixa levemente ao 92%. A tendencia xeral non é tan negativa nos grupos máis novos e con máis idade (94% en ambos casos) e, en consecuencia, nos xubilados/pensionistas (94%), desempregados na procura do primeiro emprego (93%) e estudantes (91%).

Sobre o ensino público, a situación é similar á variábel anterior analisada: valor global do 94%, manténdose as zonas semiurbana e rural no 100% e o 88% para a urbana. Na valoración deste servizo a percepción do colectivo de persoas de máis idade (89%) non é tan negativa como o resto das faixas de idade analisadas (95±1%). Especial atención merece a valoración negativa do grupo de idade máis novo (95%).

No funcionamento da xustiza, os valores son semellantes aos do ensino público. Isto é, nas zonas semiurbana e rural a cidadanía manifesta a súa desconformidade nun 99% e 100%, respectivamente. Pola súa banda, os da urbana perceben o seu empioramento nun 80%, feito que condiciona que o valor global no seu conxunto sexa do 90%. A valoración das persoas novas (86%) e con máis idade (85%) non é tan negativa como o resto de grupos de idade analisados (92±1%). En congruencia co anterior, tanto estudantes (82%) como xubilados/pensionistas (87%) mostran as menores proporcións de valoración negativa.

Non se observan diferenzas apreciábeis no tema das pensións. Para a cidadanía que habita nas zonas semiurbana e rural, o empioramiento é posto de manifesto polo 99% e 100%, respectivamente. A zona urbana, ao igual que nas variábeis anteriormente analisadas, alcanza valores máis baixos, aínda que, neste caso, cífrase no 90%, feito que determina un valor do 95% no cómputo global de Vigo. Aumenta a percepción negativa da evolución deste servizo público conforme aumenta a idade, pasando dun 92% dos máis novos ao 97% das persoas con máis de 75 anos. Así mesmo, xubilados/pensionistas como as persoas que realizan traballos non remunerados (97% ambas) mostran as valoracións máis negativas.

A evolución do funcionamento dos servizos sociais asistenciais segue as tendencias xa expostas: 99% e 100%, respectivamente, para a cidadanía das zonas semiurbana e rural. No entanto, neste tema concreto da asistencia, o 77% dos habitantes da zona urbana acha que empiorou, un 8% que mellorou e un 9% que segue igual. Desta forma, o valor medio global sitúase nun 82%. Novamente novos (86%) e persoas con máis idade (82%) presentan unha valoración menos negativa. No caso das persoas con máis de 75 anos un 12% referiu que este servizo público tivo unha evolución positiva. En consecuencia, en función da situación laboral, os desempregados (91%), desempregados que buscan o seu primeiro emprego (89%) e os que realizan traballos non remunerados (92%) son os colectivos con maiores percepcións negativas.

Respecto ao funcionamento do servizo das entidades bancarias, as zonas semiurbana e rural seguen a manifestar os maiores índices de empioramiento, cun 99% e 100% respectivamente, cifras levemente superiores á percepción negativa dos habitantes da zona urbana, cun 92%. A valoración global media situouse no 96%. A evolución experimentada por estes servizos é máis negativa conforme aumenta a idade, pasando do 92% dos máis novos ao 100% dos que teñen máis de 75 anos. Os xubilados/pensionistas (97%) e traballadores activos (96%) manifestan unha maior porcentaxe de valoración negativa.

Finalmente, en relación á evolución do funcionamento do transporte público, a cidadanía viguesa ten unha opinión diferente á práctica unanimidade observada nos seis parámetros anteriormente analisados. Así sendo, considerando a totalidade, o nivel global, un 72% acha que empiorou contra o 15% e 17%, respectivamente, que manifestou que mellorou ou segue igual. No entanto, estes valores diferéncianse por zonas, sendo a rural a que manifesta en maior proporción que melloraron (29%) e segue igual para o 10%. Por outro lado, a zona semiurbana e urbana, cun 32% e 30%, respectivamente, manifestan que mellorou ou que segue igual. Case a metade (49%) das persoas maiores de 75 anos consideran que este servizo mellorou ou segue igual. A valoración máis negativa é a realizada polas persoas comprendidas entre 35-54 anos (66%) e as máis novas (64%). Os desempregados que procuran o seu primeiro emprego (70%), desempregados (66%) e traballadores activos (64%) son os grupos sociolaborais que mostran a pior valoración.

## 4. Problemas ou situacións identificadas como inseguranza cidadá

En liñas xerais, a primeira causa de inseguranza está relacionada con roubos en domicilios ou locais para un 49% da cidadanía (58% na zona rural contra a semiurbana e urbana con 50% e 46%, respectivamente). En segunda orde, sitúanse os asaltos con violencia (32%), predominando na zona urbana cun 37% fronte á rural co 26%. En terceiro lugar, encóntranse as agresións físicas (26%), destacando a frecuencia na zona rural, onde alcanza o 43%. Noutra orde de cousas, convén sinalar que a venda de droga destaca na zona semiurbana cun 25%, moi superior á detectada nas outras zonas (aproximadamente un 9%).

As persoas máis novas presentan unha maior sensibilidade perante as agresións físicas (37%), agresións de tipo sexual (13%) e intimidacións e ameazas (10%) mentres que as de máis idade mostraron unha maior sensibilidade en relación á venda de droga na rúa (19%), o roubo de bolso ou carteira (13%) e terrorismo (11%). No caso dos atracos ou asaltos con violencia é similar a proporción de persoas novas (37%) e de máis idade (34%) contra aproximadamente o 30% do resto de grupos de idade.

## 5. Tipoloxía dos delitos máis temidos ou que xeran maior preocupación

Os delitos que máis preocupan á cidadanía distribúense consoante as seguintes características expresas globalmente e por zonas (onde U = Zona Urbana; SU = Zona Semiurbana; R = Zona Rural).

Delitos que preocupan en primeiro lugar:

| | Global | Zonas |
|---|---|---|
| Atraco | 37% | U (42%); SU (37%); R (21%) |
| Roubo en vivenda ou local | 43% | U (32%); SU (46), R (73) |

Delitos que preocupan en segundo lugar:

| | Global | Zonas |
|---|---|---|
| Roubo en vivenda ou local | 35% | U (37%); SU (37%); R (23%) |
| | | |

Delitos que preocupan en terceiro lugar:

| | Global | Zonas |
|---|---|---|
| Roubo de bolso ou carteira | 23% | U (22%); SU (21%); R (28) |

Aínda que con proporcións distintas, homes (41%) e mulleres (45%) concordan en situar como primeira opción de delito/situación máis temida o roubo en vivenda ou local e o atraco/roubo con violencia ou ameaza. Por idades, mentres que os menores de 34 anos sitúan en primeiro lugar o atraco/roubo con violencia (43,6%) seguido do roubo en vivenda ou local (28,9%) como delitos máis temidos, os restantes grupos de idade inverten esta escala de prioridades, temendo máis este último (48±2%).

En relación á segunda opción, o roubo en vivenda ou local e o atraco/roubo con violencia e ameaza encabezan as prioridades de todos os grupos de idade analisados. A diferenza áchase na hora de fixar a terceira prioridade, decantándose as persoas comprendidas entre 18-54 anos pola subtracción de obxectos en vehículo face os maiores de 55, que optaron por situar nese lugar o roubo de bolso ou carteira.

## 6. Situacións máis frecuentes na zona de residencia

É menor na zona rural que na urbana:

- Venda de drogas (43-66%) (SU 74%)
- Actos de vandalismo (34-67%)
- Venda de alcool a menores (45-59%) (SU 62%)
- Escándalos e brigas (36-70%).

É maior na zona urbana que na rural:

- Ruídos ou problemas producidos por bares, discotecas,... (32-11%)
- Suxidade e falta de salubridade pública (24-9%) (SU 6&)
- Sen variacións apreciábeis entre zonas:
- Discriminación racial (»10%)
- Prostitución (»15%) (SU 4%)
- Mendicidade de menores (»7%) (SU 1%)

Non se presentan diferenzas significativas nas respostas recollidas por xénero, si por grupos de idade. Así sendo, as persoas máis novas teñen unha percepción/coñecemento sobre a existencia de situacións na súa zona de residencia superior ao do resto da poboación no relativo a: venda de drogas a pequena escala, prostitución, venda de alcool a menores, discriminación racial e mendicidade de menores. Polo contrario, as persoas de máis idade son máis sensíbeis á existencia de actos de vandalismo na súa zona de residencia así como de escándalos e brigas na rúa. Son, por outro lado, os que manifestaron a menor percepción/coñecemento coas problemáticas relativas á venda de drogas a pequena escala, prostitución venda de alcool a menores, discriminación racial, suxidade/falta de salubridade e mendicidade de menores.

## 7. Medidas de autoprotección para sentirse máis seguro

As principais medidas tomadas para sentirse máis seguro:

| | Global | Zonas |
|---|---|---|
| Evitar camiñar por zonas afastadas | 90% | U (82%), SU (98), R (99) |
| Non levar moito diñeiro | 87% | U (83%), SU (90), R (92) |
| Procurar non saír só de noite | 82% | U (71%), SU (94%), R (91%) |
| Non deixar obxectos á vista no coche | 79% | U (84%), SU (75%), R (74%) |
| Evitar os estacionamentos en zonas escuras ou mal vixiadas | 74% | U (74), SU (74), R (71) |

As mulleres mostran unha maior propensión que os homes a tomar medidas de autoprotección relacionadas con evitar formas de vestir provocativas ou atrevidas, non levar xoias ou obxectos valiosos á vista, non levar moito diñeiro en cima, procurar non saír sós de noite e evitar camiñar por zonas afastadas ou por lugares que consideran perigosos. Polo contrario, é significativa a maior proporción de homes que toman medidas relacionadas co automóbil, tais como evitar os estacionamentos escuros e mal vixiados ou non deixar obxectos á vista no coche.

Medidas que experimentan un incremento de uso coa idade, mostrando un descenso a partir dos 75 anos (procurar non saír só de noite e evitar camiñar por zonas afastadas ou por lugares que se consideran perigosos) e a partir dos 55 (instalar un alarma no domicilio, evitar os estacionamentos escuros e mal vixiados, non deixar obxectos á vista no coche).

## 8. Principais causas da delincuencia en Vigo

As tres causas principais distribúense da seguinte maneira:

| | Global | Zonas |
|---|---|---|
| Pobreza e desigualdades sociais | 55% | U (47%), SU (60%), R (68%) |
| A pouca dureza das penas | 34% | U (20%), SU (48%), R (46%) |
| O desemprego | 31% | U (42%), SU (21%), R (20%) |

Non existen diferenzas significativas nas respostas en función dos xéneros, sendo de 55±2% no caso de pobreza e desigualdades sociais.

O grupo de máis idade é o que considera en maior grao que a delincuencia en Vigo está motivada polo consumo de drogas (20%), a pouca dureza das penas (35%) ou as carencias afectivas no seo familiar (6%). Polo contrario, os máis novos a achacan en maior proporción ao desemprego (34%) ou á pouca eficacia policial (5%).

## 9. Tipoloxía de vitimización no entorno persoal

Os principais delitos referidos foron:

| | Global | Zonas |
|---|---|---|
| Estafa ou timo | 19% | U (25%), SU (12%), R (11%) |
| Roubo de obxectos en vehículo | 18% | U (22%), SU (15%), R (9%) |
| Roubo de bolso ou carteira | 18% | U (22%), SU (15%), R (14%) |
| Actos de vandalismo | 14% | U (17%), SU (12%), R (9%) |
| Roubo en vivenda ou locais | 13% | U (10%), SU (10%), R (6%) |

## 10. Propensión subxectiva a ser vítima dun delito

O 6% das persoas inquiridas considéranse propicias a ser vítimas dun delito. Por zonas, non se producen diferenzas significativas, oscilando entre o 9% na rural e 5% na semiurbana. Esta percepción é significativamente superior nas mulleres (9,0%) contra os homes e aumenta coa idade, pasando do 3,1% no grupo de idade máis nova até o 33,3% dos que teñen máis de 75 anos.

As persoas que se consideran ser especialmente propicias a ser vítimas dun delito mostran unha sensación de inseguranza (27,5%) superior ás que non se achan nesa situación (16,7%).

## 11. Taxa de vitimización persoal no último ano

O 73% dos inquiridos non foi vítima de ningún delito no último ano. Por zonas, 74% na urbana, 68% na semiurbana e 79% na rural. Por xéneros, é levemente superior a proporción de mulleres vítimas dun delito (26,7%) que a de homes (25,6%). Por idades, en troca, si existen diferenzas significativas nas respostas obtidas, pasando do 23,2% nos comprendidos entre 35-54 anos ao 34,4% nos que teñen máis de 75 anos.

As persoas que foron vítimas dun delito o último ano séntense hoxe o dobre de inseguras (até un 27,1%) que aquelas que non o sofreron (13,7%).

## 12. Tipoloxía de vitimización persoal

Os principais delitos sofridos polas persoas vitimizadas o último ano foron:

| | Global | Zonas |
|---|---|---|
| Actos de vandalismo | 23% | U (16%), SU (29%), R (31%) |
| Estafa ou timo | 22% | U (27%), SU (19%), R (12%) |
| Roubo de bolso ou carteira | 17% | U (15%), SU (16%), R (33%) |
| Roubo de obxectos en vehículos | 13% | U (14%), SU (12%), R (10%) |

A zona rural caracterízase pola súa elevada proporción de roubos de bolso ou carteira (33%, duplicando a incidencia das outras zonas) e actos de vandalismo (31%). Con todo, non se rexistrou ningún caso nos seguintes seis tipos de delitos: atraco/roubo con violencia ou ameaza, roubo en explotación agropecuaria, roubo de vehículo, agresión persoal non sexual, agresión sexual e abusos ou coaccións por parte de axentes da autoridade.

A tipoloxía de delito sofrido non está relacionado co xénero da vítima, salvo no caso de tirón de bolso, no que a taxa afectación de mulleres (14%) supera á dos homes (0,8%) e no roubo de obxectos en vehículo, cun 19% de homes face o 8% de mulleres.

As persoas de máis idade foron vítimas en maior proporción tanto de tirón de bolso (16% contra o 2% das máis novas) ou dunha estafa ou timo, delito cuxo grao de incidencia increméntase coa idade, pasando do 8% entre os máis novos ao 42% das persoas con máis idade.

## 13. Taxa de denuncia

O acto delituoso sofrido foi obxecto de denuncia no 33% dos entrevistados. Por zonas, oscila entre o 37% da urbana, 34% da rural e 29% da semiurbana. Os homes presentan un índice de denuncia (35%) superior ao das mulleres (31%). Por grupos de idade, os índices de denuncia dos feitos sofridos oscilan entre o 31% e o 35% dos que teñen entre 55-74 anos.

Aqueles delitos relacionados con roubos (en vivenda ou local, de bolso ou carteira, explotación agropecuaria, de obxectos en vehículo) son os que presentan unha taxa de denuncia superior ao 50%.

## 14. Motivacións da non denuncia

Os motivos polos que o acto delituoso non foi obxecto de denuncia foron:

| | Global | Zonas |
|---|---|---|
| Porque non serve para nada | 68% | U (66%), SU (67%), R (68%) |
| Por non ter importancia | 11% | U (11%), SU (11%), R (5%) |
| Por comodidade/preguiza | 4% | U (4%), SU (4%), R (8%) |

Por xéneros, cabe destacar a maior proporción de homes que aluden que denunciar os feitos sofridos non serve para nada (78% contra o 58% de mulleres). En troca, as mulleres referiron en maior proporción que os feitos carecían de importancia (14% contra 6% de homes) ou para evitarse molestias (8% contra 4% de homes).

## 15. Instancia de denuncia

O organismo perante o cal se denunciou o delito sofrido en primeira persoa foi:

| | Global | Zonas |
|---|---|---|
| Policía Local | 55% | U (43%), SU (62%), R (90%) |
| Policía Nacional | 14% | U (20%), SU (10%), R (10%) |
| En el juzgado | 9% | U (9%), SU (10%), R (5%) |
| Guardia Civil | 5% | U (9%), SU (0%), R (0%) |

Por idades, no caso da poboación máis nova cabe destacar a maior proporción que recorreu á Policía Local para denunciar os feitos sofridos (79% contra 37% dos comprendidos entre 55-74 anos), así como a menor recorrencia ao auxilio da xustiza (2% contra 10-14% do resto de colectivos analisados). As persoas de máis idade presentan un índice de denuncia ante a Garda Civil e xulgados superior ao resto de colectivos analisados (9%).

## 16. Motivación da escolla do organismo de denuncia

Os principais motivos polos que se denunciou perante un determinado organismo o acto delituoso foron:

| | Global | Zonas |
|---|---|---|
| Porque cría que era onde había que facelo | 63% | U (60%), SU (62%), R (80%) |
| Porque me inspiraba máis confianza | 8% | U (9%), SU (10%), R (0%) |

Entre as persoas que responderon "outras" (8% dos casos) destaca o recurso á arbitraxe, por consello do seu avogado (21% en ambos casos), un familiar (14%) ou a compañía aseguradora.

## 17. Seguimento da denuncia presentada

O 45% dos entrevistados non recebeu informacións sobre o curso das investigacións do acto delituoso denunciado. Por zonas, oscila entre o 75% da rural, 52% da semiurbana e 34% da rural.

O nivel de seguimento alcanza o 100% das denuncias presentadas ante a Garda Civil, o 86,7% ante os xulgados, 33,3% ante a Policía Nacional e o 23,2% ante a Policía Local.

## 18. Vitimización en grao de tentativa

Un 12% sofreu nos últimos anos algunha tentativa de delito sen chegar a consumarse. Por zonas, varia entre o 15% da urbana, 10% da semiurbana e 6% da rural.

Cabe destacar a maior proporción de mulleres (13%) que sofreron algunha tentativa de delito (contra 10% de homes), así a maior incidencia desta circunstancia nas persoas máis novas (16%).

A sensación de seguranza referida no apartado 2 é significativamente maior entre aquelas persoas entrevistadas que non foron vítimas dunha tentativa de delito (82%) contra os que si o foron (67%). Neste último caso a sensación de inseguranza (29%) duplica á dos primeiros (15%).

## 19. Modo de evitar unha tentativa de delito

Foi evitada a tentativa delituosa da seguinte maneira:

| | Global | Zonas |
|---|---|---|
| Dándose conta a tempo e evitándoo | 34% | U (45%), SU (29%), R (22%) |
| Botar a correr fuxindo | 18% | U (8%), SU (28%), R (61%) |
| Coa axuda doutras persoas | 16% | U (10%), SU (29%), R (22%) |
| Berrando e pedindo axuda | 12% | U (13%), SU (12%), R (6%) |

Paradoxalmente á menor densidade poboacional, a colaboración de persoas presentes axudou en maior proporción aos habitantes da zona semiurbana (29%) e rural (22%) que aos da urbana (10%).

Por xéneros é maior a proporción de homes que conseguiu evitalo dándose conta a tempo (48% contra 26% de mulleres). En troca, a porcentaxe de mulleres é superior no caso de fuxir botando a correr (21% contra 13% de homes). Dándose conta a tempo e evitando o delito foi a principal medida referida por persoas entre 35-54 anos (44%) e polo colectivo de máis idade (41%). Constatouse que existe unha serie de medidas que nunca foron utilizadas polas persoas inquiridas de máis idade, entre elas, fuxir correndo ou persuadir os delincuentes dialogando.

## 20. Problemática das drogas en Vigo

As drogas representan un problema moi grave ou bastante grave para o 72% das persoas inquiridas. Por zonas, pasa do 73 na urbana e semiurbana ao 66 na rural.

As mulleres presentan unha maior preocupación por este parámetro (75%) que os homes (69%). Por idades, esta preocupación aumenta coa idade, pasando do 66% dos máis novos ao 88% das persoas con máis idade.

## 21. Delincuencia relacionada coas drogas en Vigo

A delincuencia ligada ás drogas representa un problema moi grave ou bastante grave para o 72% da poboación, oscilando entre o 75% da urbana, 70% da semiurbana e 67% da rural. As mulleres e as persoas con máis idade mostran unha maior sensibilidade perante esta problemática (74% e 88%, respectivamente).

## 22. Uso de telefones de emerxencias

No último ano utilizaron estes telefones o 32% dos cidadáns inquiridos. Por zonas, vai do 37% na semiurbana, 34% na rural ao 29% na urbana. Non se observan diferenzas significativas por xéneros (por volta do 32%). En troca, si por grupos de idade, sendo o colectivo de menor e maior idade o que menos recorreu a eles (27% e 31%, respectivamente).

## 23. Motivos das chamadas de emerxencia

Os principais motivos polos que a cidadanía realizou chamadas de emerxencia foron:

| | Global | Zonas |
|---|---|---|
| Por urxencia médica | 21% | U (21%), SU (20%), R (27%) |
| Para solicitar informacións (DNI, tráfego,...) | 9% | U (9%), SU (10%), R (5%) |
| Por acidente de tráfego | 8% | U (4%), SU (11%), R (11%) |
| Actos vandálicos | 7% | U (4%), SU (8%), R (11%) |

As mulleres recorreron a estes servizos de urxencias motivadas por unha urxencia médica en maior proporción (25%) que os homes (18%). En xeral, estes últimos presentaron un maior nivel de uso destes servizos motivados para solicitar informacións (10%).

